



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES "Maximino Romero de Lema"
981 719149 - 981 719156 Prado da Torre S/N 15150 - Baio - (Zas)
ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE

DEPARTAMENTO DE LATÍN E GREGO

A Xefa do Departamento, Ana M^a López Bugeiro

ÍNDICE DA PROGRAMACIÓN

1.- PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DAS MATERIAS QUE SE DESENVOLVEN POLA LOMCE	3
1.1.- PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA CULTURA CLÁSICA.....	3
1.2.- PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA LATÍN I.....	42
1.3.- PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA GREGO I.....	85
2.- PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DAS MATERIAS QUE SE DESENVOLVEN POLA LOE.....	129
2.1.- PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA LATÍN 4º ESO.....	129
2.2.- PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA LATÍN II.....	152
2.3.- PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA GREGO II.....	171

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DAS MATERIAS QUE SE DESENVOLVEN POLA LOMCE

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA CULTURA CLÁSICA

1.- Introducción e contextualización.....	4
2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	6
3.- Obxectivos	11
4.- Contidos.....	13
4.1.- Secuenciación de contidos.....	14
5.- Estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	18
5.1.- Temporalización.....	25
5.2.- Mínimos esixibles para superar a materia	25
5.3.- Procedementos e instrumentos de avaliación	27
6.- Metodoloxía didáctica	29
7.- Materiais e recursos didácticos.....	31
8.- Avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	31
9.- Avaliación do proceso do ensino e a práctica docente.....	33
10.- Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.	36
11.- Procedementos que lle permitan ó alumnado acreditar os coñecementos necesarios (BAC)	36
12.- Avaliación inicial	36
12.1.- Medidas individuais ou colectivas a adoptar en función dos resultados	37
13.- Medidas de atención á diversidade	38
14.- Elementos transversais.....	39
15.- Actividades Complementarias e extraescolares.....	41
16.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación	41

1.- Introducción e contextualización

A materia de Cultura Clásica ten como obxectivo primordial achegar o alumnado ao estudo das civilizacións grega e latina nos ámbitos literario, artístico, filosófico, científico, sociopolítico e lingüístico, de xeito que poida tomar conciencia da influencia, o mantemento e a presenza destes aspectos na cultura occidental, e comprender a súa identidade cultural, así como as manifestacións que a definen.

A través de Cultura Clásica preténdese iniciar o alumnado nun exercicio de reflexión e a análise sobre as bases en que descansan realidades moi importantes da nosa cultura, confrontándoas co que coñecemos como legado clásico: un patrimonio común que debe ser considerado irrenunciable para os cidadáns e as cidadás de Europa.

De acordo con esta formulación, o currículo básico da materia artículase en bloques temáticos pertencentes a dous ámbitos diferentes: o ámbito lingüístico e o non lingüístico.

O ámbito lingüístico oriéntase fundamentalmente a analizar a relación de parentesco entre as linguas clásicas e un bo número das que se falan na actualidade. Para iso, pártese do concepto de familia lingüística, centrando a atención na familia das linguas indoeuropeas, á que pertencen o grego e o latín e da que se deriva unha boa parte das linguas modernas. O estudo da orixe e a evolución da familia lingüística indoeuropea acompáñase coa descrición do marco histórico e xeográfico onde ten lugar a devandita evolución. En relación con este aspecto, inclúese un percorrido a través da orixe e a evolución da escritura e a súa diversidade de sistemas e alfabetos. Préstase especial atención ao importantísimo papel que o latín e o grego xogaron na configuración das linguas modernas, en especial na composición culta e na formación do léxico. O obxectivo último da materia de Cultura Clásica, neste ámbito será permitir ao alumnado afondar na comprensión da propia lingua e no uso desta mesma como elemento esencial para a comunicación e a adquisición de coñecementos.

No ámbito non lingüístico englobase o resto dos bloques propostos: xeografía, historia, mitoloxía, relixión, arte, sociedade e vida cotiá, e literatura. Todos eles irán enfocados a iniciar o alumnado no coñecemento dos aspectos máis característicos da cultura grecorromana, de xeito que a través do seu estudo sexa quen de analizar e comprender os trazos comúns e os que son diversos, valorar a herdanza clásica e respectar o patrimonio cultural da humanidade. Para sentar as bases deste estudo pártese da necesidade de coñecer o marco xeográfico e histórico en que se desenvolveron as civilizacións grega e romana ao longo do tempo, orixe da civilización occidental. O estudo das relixións grega e romana presta atención ás manifestacións máis significativas da relixiosidade oficial, os cultos públicos e privados, as manifestacións deportivas relacionadas, as

festividades relixiosas e os valores culturais asociados a ela. Dentro deste apartado sitúase o capítulo da mitoloxía, no que se aborda a construción do imaxinario colectivo europeo, grazas ás narracións míticas e lendarias, o mundo dos deuses e dos heroes, e o seu mantemento na cultura contemporánea.

Especial atención merecen as manifestacións artísticas que nos legaron as civilizacións grega e romana, que serviron e serven de modelo a moitas das producións actuais. Entre elas cómpre salientar, por unha banda, as relativas ás artes plásticas, concretamente á arquitectura, á escultura e ás artes decorativas, e, pola outra, á literatura, cuxa configuración en xéneros determina toda a nosa tradición literaria, grazas ao acervo de temas, tópicos e recursos estilísticos empregados polos seus autores e polas súas autoras.

Dedícase un apartado á sociedade e á vida cotiá, dentro do cal se tratan aspectos como a organización política e social do mundo grecorromano, as clases sociais, a vida pública e privada, e os valores cívicos que se transmitiron á cultura occidental.

En todos os bloques de contidos vai implícito o estudo inescusable do mantemento do legado clásico na actualidade, co que se pretende analizar todos os elementos desta herdanza clásica que continúan a ser referentes na nosa cultura. Debido ao carácter de optatividade da materia de Cultura Clásica, é necesario ter en conta a flexibilidade na adecuación dos contidos ás características dos centros docentes e ao alumnado que escolla esta opción, de xeito que o seu currículo debe ter a apertura propia das materias específicas.

A comunicación lingüística é a competencia clave con máis presenza no bloque lingüístico, xa que permite descubrir as raíces grecorromanas do vocabulario das linguas que utiliza. Non obstante, no bloque non lingüístico os propios contidos da materia fomentan, tamén, a expresión a través da comunicación textual, oral, audiovisual e dixital.

A presenza das novas tecnoloxías da información e da comunicación no mundo actual debe aproveitarse como unha vantaxe para o labor cotián na aula, traballando, deste xeito, a competencia dixital. A procura de información guiada polo profesorado facilita o desenvolvemento do espírito crítico e o achegamento persoal ao coñecemento. Nesta liña, tamén hai que salientar a importancia do traballo da competencia en aprender a aprender, xa que o alumnado está iniciándose na selección, na avaliación, na comprensión e na produción de información cada vez máis complexa. A perseveranza, os hábitos de estudo, a autonomía e o traballo en equipo son capacidades que se poden afianzar neste capítulo.

A descuberta da historia do mundo grego e do romano a través dos seus fitos máis salientables no ámbito da política, a sociedade e a vida cotiá axudarán a potenciar as competencias

sociais e cívicas, así como a competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor, por medio da planificación de proxectos en equipo, reforzando os conceptos dos valores democráticos, a participación cidadá e a toma de decisións responsables.

Unha visión global da xeografía e historia de Grecia e Roma impulsará o alumnado a comprender os procesos de cambio desde o mundo antigo ata a actualidade, traballando, tamén, a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, que capacitan para a análise de fenómenos complexos, o razoamento lóxico e o rigor científico.

A aproximación ás manifestacións artísticas e literarias do mundo clásico permite o desenvolvemento da competencia en conciencia e expresión culturais, xa que un dos obxectivos principais da materia é a constatación do mantemento das súas pegadas na actualidade.

A materia de Cultura Clásica pode significar para o alumnado de educación secundaria unha excelente vía de achegamento á posta en valor do noso patrimonio cultural, que se aloxa nos restos arqueolóxicos, nos museos e mesmo no contorno cotián, así como nas manifestacións máis inmateriais da cultura grecorromana, como o pensamento, as crenzas, a mitoloxía, a estética e a ética.

A presente programación didáctica da materia de Cultura Clásica está elaborada para ser impartida no IES Maximino Romero de Lema a un grupo reducido de alumnos, en concreto 10, en 3º da ESO. Ubicado no concello de Zas (A Coruña), o IES Maximino Romero de Lema é un centro de ensino duns 215 alumnos e está situado nun contorno rural, na zona central da Costa da Morte. Zas é un concello eminentemente agrícola e gandeiro, aínda que hai unha poboación dedicada á industria, ó comercio e á hostalaría, concentrada sobre todo en Baio, lugar onde se ubica o centro.

2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Comunicación lingüística (CCL)

A aprendizaxe da materia contribúe á adquisición e traballo desta competencia coa lectura e comprensión de fontes escritas, coa elaboración e análise de textos, coas exposicións orais sobre diversos temas, coa utilización dun vocabulario moi amplo ao ter que manexar termos que proveñen do grego e do latín principalmente. Ademais, o alumno poderá afondar na comprensión da propia lingua e no uso desta como elemento esencial para a comunicación e para a adquisición de coñecementos.

Comprensión: oral e escrita	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
Expresión: oral e escrita	Expresarse con corrección, adecuación e coherencia. Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.
Normas de comunicación	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
Comunicación nas linguas	Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

A aprendizaxe da Cultura Clásica vai contribuír ao desenvolvemento desta competencia na medida que axuda a coñecer a orixe da matemática moderna, xa que moitos dos principios e teoremas que se empregan actualmente foron desenvolvidos polos matemáticos gregos. Tamén moitas das ciencias tiveron o seu primeiro desenvolvemento na Antigüidade, como a xeografía, a zooloxía, a botánica ou a astronomía. Ademais, o coñecemento de étimos grecolatinos presentes na linguaxe matemática axuda a mellorar a comprensión de conceptos, enunciados e outros contidos científicos e matemáticos.

Vida saudable	Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. Xerar criterios persoais en torno á visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.
---------------	---

A ciencia no día a día	Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.

Competencia dixital (CD)

Esta materia contribúe a esta competencia posto que a súa dimensión histórica e cultural favorece que o alumnado utilice as novas tecnoloxías para seleccionar de forma adecuada diversas fontes de información, analízalas e interpretalas, valorar a súa validez e fiabilidade e traballar de xeito colaborador sobre os materiais seleccionados. Ademais, tamén fomenta a presentación de traballos en soporte dixital e favorece o desenvolvemento das habilidades necesarias para a súa exposición de forma autónoma que lles permita chegar a conclusións novas e resolver situacións de forma orixinal, sentíndose autores e protagonistas dos resultados e conclusións obtidos.

Tecnoloxías da información	Empregar distintas fontes para a busca de información. Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
Comunicación audiovisual	Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
Utilización de ferramentas dixitais	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

Aprender a aprender (CAA)

O estudo desta materia contribúe a que o alumno sexa consciente de que ao longo da historia da humanidade o home sempre estivo a aprender e baseou a aprendizaxe nos coñecementos anteriores. Esta competencia supón ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe, pero tamén ter unha visión estratéxica dos problemas e saber prever e adaptarse aos cambios que se producen cunha actitude positiva.

Perfil de aprendiz	Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe. Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
Ferramentas para estimular o pensamento	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
Planificación e avaliación da aprendizaxe	Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

Esta competencia adquirese ao entender a civilización grega e romana como creadoras dos dereitos e deberes dos individuos e os grupos e dos mecanismos que aseguran a súa participación na vida pública. O estudo desta materia desenvolve no alumnado actitudes de cidadáns activos e comprometidos mediante a comprensión do noso pasado, o estudo da configuración social e política, os acontecementos máis destacados da súa historia, o seu concepto de ocio e de traballo e a influencia que todo iso tivo na configuración da sociedade actual en todas as súas dimensións. A tolerancia, a capacidade de respectar as diferenzas e o diálogo como base dos acordos son algunhas das destrezas que o alumnado tamén adquire grazas ao papel mediador de Grecia e de Roma.

Relación cos demais	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
Compromiso social	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. Respectar os distintos ritmos e potencialidades. Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Esta materia contribúe a fomentar a autonomía e iniciativa persoal na medida que se utilizan procedementos que esixen planificar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. A exposición de traballos individuais ou en grupo e a realización de debates implican valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, e non se render ante as dificultades. En definitiva, achega posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación.

Autonomía persoal	Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. Ser constante no traballo, superando as dificultades. Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
Liderado	Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. Dar prioridade á consecución de obxectivos de grupo sobre os intereses persoais.
Emprendemento	Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
Creatividade	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Por medio da Cultura Clásica o alumnado aprende a apreciar manifestacións culturais e artísticas en xeral (literatura, pintura, escultura, arquitectura, dereito, institucións políticas, historia, filosofía...); a valorar feitos culturais, como a mitoloxía ou a relixión, que forman parte da tradición da nosa civilización; a recoñecer o concepto da estética e a beleza; a ampliar a súa visión do mundo con visitas a museos e exposicións, co coñecemento doutras linguas e outras culturas, co teatro, a ópera, a música, etc. Todo iso contribúe, sen dúbida, á adquisición desta competencia.

Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas	Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
Expresión cultural e artística	Apreciar a beleza das expresións artísticas e do cotián. Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

3.- Obxectivos

A materia CULTURA CLÁSICA contribúe a acadar os seguintes obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como

medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e

artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4.- Contidos

Bloque 1. Xeografía.

B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.

Cos contidos do bloque 1 contribúese a acadar os obxectivos f, o.

Bloque 2. Historia.

B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.

B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.

Cos contidos do bloque 2 contribúese a acadar os obxectivos e, f, g, ñ.

Bloque 3. Mitoloxía.

B3.1. O panteón grego e romano.

B3.2. Mitos grecolatinos. Os heroes.

B3.3. Relixión grega.

B3.4. Relixión romana: culto público e privado.

Cos contidos do bloque 3 contribúese a acadar os obxectivos a, b, e, l, ñ.

Bloque 4. Arte.

B4.1. Fundamentos da arte clásica.

B4.2. Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas.

B4.3. Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas.

B4.4. Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas.

B4.5. Herdanza clásica no patrimonio artístico.

Cos contidos do bloque 4 contribúese a acadar os obxectivos b, e, l, ñ.

Bloque 5. Sociedade e vida cotiá.

- B5.1. Organización política en Grecia e en Roma.
- B5.2. Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais.
- B5.3. A familia en Grecia e Roma.
- B5.4. Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.
- B5.5. Espectáculos públicos en Grecia e Roma.

Cos contidos do bloque 5 contribúese a acadar os obxectivos a, c, d, e, g, h, m, ñ.

Bloque 6. Lingua e literatura.

- B6.1. Historia da escritura. Signos e materiais.
- B6.2. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano.
- B6.3. As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas.
- B6.4. As linguas romances.
- B6.5. Composición e derivación culta de orixe grega e latina.
- B6.6. Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- B6.7. Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.
- B6.8. Léxico grecolatino na linguaxe científica e técnica.
- B6.9. Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.
- B6.10. Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.

Cos contidos do bloque 6 contribúese a acadar os obxectivos e, f, h, l, ñ, o.

Bloque 7. Pervivencia na actualidade.

- B.7.1. Civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.
- B7.2. Mitoloxía e temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais.
- B7.3. Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país.
- B7.4. Traballos de investigación sobre a civilización clásica na nosa cultura.

Cos contidos do bloque 7 contribúese a acadar os obxectivos b, e, l, n, ñ.

4.1.- *Secuenciación de contidos*

Unidade 1: Carpe diem.

- Historia da escritura. Signos e materiais.
- Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano.
- As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas.
- As linguas romances.
- Evolución fonética das vogais.
- Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- Composición e derivación.
- Latinismos.
- Helenismos.
- Seguimos sendo clásicos: Ajax.

Unidade 2: Beatus ille.

- Grecia: marco xeográfico.
- Roma: marco xeográfico.
- Marco histórico da civilización grega.
- Marco histórico da civilización romana.
- Presenza dos gregos e romanos no noso país.
- Composición e derivación.
- Latinismos.
- Helenismos.
- Seguimos sendo clásicos: Vim.

Unidade 3: Inter pares.

- O panteón grego e romano.
- Mitos grecolatinos. Os heroes.
- Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.
- Relixión grega.
- Relixión romana.
- Termos científicos e técnicos de orixe grecolatina.
- Latinismos.

- Helenismos.
- Seguimos sendo clásicos: Clío.

Unidade 4: Per capita.

- Grecia: organización política.
- Roma: organización política.
- Sociedade en Grecia.
- Sociedade en Roma.
- A civilización grecolatina na organización política e social actual.
- Termos científicos e técnicos de orixe grecolatina.
- Latinismos.
- Helenismos.
- Seguimos sendo clásicos: Nike.

Unidade 5: Ad Kalendas Graecas.

- A vida cotiá en Grecia: hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.
- A vida cotiá en Roma: hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.
- Espectáculos públicos en Grecia e Roma.
- Evolución fonética das vogais.
- Latinismos.
- Helenismos.
- Seguimos sendo clásicos: Kappa.

Unidade 6: Calamo currente.

- A familia en Grecia.
- A familia en Roma.
- Evolución fonética dos ditongos.
- Latinismos.
- Helenismos.
- Seguimos sendo clásicos: Audi.

Unidade 7: Vis comica.

- Os xéneros literarios en Grecia: autores e obras.
- Os xéneros literarios en Roma: autores e obras.
- Evolución fonética das consoantes latinas en posición inicial.
- Latinismos.
- Helenismos.
- Seguimos sendo clásicos: Duralex.

Unidade 8: Modus vivendi.

- Enxeñería romana: obras públicas.
- As vías romanas.
- O urbanismo: a cidade no mundo antigo.
- Herdanza clásica no patrimonio.
- A vivenda en Grecia e en Roma.
- Evolución fonética das oclusivas xordas en posición intervocálica.
- Latinismos.
- Helenismos.
- Seguimos sendo clásicos: Acer.

Unidade 9: Lapsus linguae.

- Arquitectura en Grecia e Roma.
- Escultura en Grecia e Roma.
- Herdanza clásica no patrimonio.
- Pervivencia da arte grecorromana na arte actual.
- Evolución fonética dos grupos consonánticos.
- Latinismos.
- Helenismos.
- Seguimos sendo clásicos: Pegaso.

5.- Estándares de aprendizaxe avaliáveis

Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Xeografía				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB1.2.1. Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CD ▪ CAA
Bloque 2. Historia				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. ▪ B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB2.1.1. Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ e ▪ g ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. ▪ B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB2.2.1. Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB2.2.2. Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB2.2.3. Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC

Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> CCB2.2.4. Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD CSC
<ul style="list-style-type: none"> ñ o 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia. 	<ul style="list-style-type: none"> CCB2.3.1. Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA CSC CCL
			<ul style="list-style-type: none"> CCB2.3.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CAA CCEC CCL
Bloque 3. Mitoloxía				
<ul style="list-style-type: none"> b 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. O panteón grego e romano. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina. 	<ul style="list-style-type: none"> CCB3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CCEC CCL
<ul style="list-style-type: none"> e a b ñ 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Mitos grecolatinos. Os heroes. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCB3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CD CCL
			<ul style="list-style-type: none"> CCB3.2.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSC CCEC CD
			<ul style="list-style-type: none"> CCB3.2.3. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os trata- 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT CD CSC

Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			mentos, asociándoos a outros trazos culturais propios de cada época.	
			<ul style="list-style-type: none"> CCB3.2.4. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CD
<ul style="list-style-type: none"> l ñ 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Relixión grega. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCB3.3.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, pondoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CMCCT CCEC
<ul style="list-style-type: none"> b 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Relixión romana: culto público e privado. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado. 	<ul style="list-style-type: none"> CCB3.4.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CMCCT CCEC
Bloque 4. Arte				
<ul style="list-style-type: none"> l b 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Fundamentos da arte clásica. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCB4.1.1. Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> CCB4.1.2. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD CCEC
<ul style="list-style-type: none"> l 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordens arquitectónicas. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares. 	<ul style="list-style-type: none"> CCB4.2.1. Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT CD
<ul style="list-style-type: none"> l 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática. 	<ul style="list-style-type: none"> CCB4.3.1. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT CD
<ul style="list-style-type: none"> l 	<ul style="list-style-type: none"> B4.4. Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.4. Coñecer as creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria. 	<ul style="list-style-type: none"> CCB4.4.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas 	<ul style="list-style-type: none"> CSC

Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ ñ			romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Herdanza clásica no patrimonio artístico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Coñecer e saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB4.5.1. Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CCEC ▪ CMCCT
Bloque 5. Sociedade e vida cotiá				
▪ a	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Organización política en Grecia e en Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB5.1.1. Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB5.2.1. Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB5.2.2. Describe as principais características e a evolución dos grupos que compoñen as sociedades grega e romana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. A familia en Grecia e Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB5.4.1. Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB5.4.2. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA

Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			da época, e explica a súa influencia no progreso da cultura occidental.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Espectáculos públicos en Grecia e Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Identificar as principais formas de lecer da antigüidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB5.5.1. Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Os espectáculos públicos en Grecia e Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia Clásica e as actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB5.6.1. Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes na época, e comenta o seu mantemento no mundo moderno, establecendo semellanzas e diferenzas entre os valores culturais aos que se asocian en cada caso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCL
Bloque 6. Lingua e literatura				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Historia da escritura. Signos e materiais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguiilos e comprender as súas funcións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.1.1. Recoñece tipos de escritura, clasifícaaos consonte súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCEC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir os tipos de alfabetos usados na actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.2.1. Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos doutros tipos de escrituras, e explica a súa orixe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o alfabeto romano. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.3.1. Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais, e sinala nestes últimos a presenza de determinados elementos tomados dos primeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CCEC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.4.1. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.4.2. Describe a evolución das linguas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			romances a partir do latín como un proceso histórico, explicando e ilustrando con exemplos os elementos que evidencian do xeito máis visible a súa orixe común e o parentesco existente entre elas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. As linguas romances. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. Identificar as linguas europeas romances e non romances, e localizalas nun mapa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.5.1. Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL ▪ CCA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. Composición e derivación culta de orixe grega e latina. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.6. Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.6.1. Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.6.2. Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.6. Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.7. Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.7.1. Identifica e diferencia con seguridade cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe sen, necesidade de consultar dicionarios nin outras fontes de información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCA ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.7.2. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ l ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.7. Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.8. Facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.8.1. Explica os procesos de evolución dalgúns termos desde o étimo latino ata os seus respectivos derivados nas linguas romances, describindo algúns dos fenómenos fonéticos producidos e ilustrándoos con outros exemplos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.8.2. Realiza evolucións do latín ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.8. Léxico grecolatino na linguaxe científica e técnica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.9. Coñecer e utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.9.1. Explica a partir da súa etimoloxía termos de orixe grecolatina propios da linguaxe científico-técnica e sabe usalos con propiedade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCA

Cultura Clásica. 3º ou 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.9. Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.10. Constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.10.1. Demostra o influxo do latín e o grego sobre as linguas modernas servíndose de exemplos para ilustrar o mantemento nestas de elementos léxicos morfolóxicos e sintácticos herdados das primeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.10. Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.11. Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.11.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e reconece a súa influencia na literatura posterior. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CCA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.10. Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.12. Coñecer os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB6.12.1. Nomea aos autores máis representativos da literatura grecolatina, encádraos no seu período histórico e cita as súas obras máis coñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL
Bloque 7. Pervivencia na actualidade				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ n ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B.7.1. Civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB7.1.1. Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que perviviron ata a actualidade, demostrando a súa vixencia nunha e noutra época mediante exemplos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ n ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.2. Mitoloxía e temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.2. Coñecer a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios nas manifestacións artísticas actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB7.2.1. Demostra a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.3. Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.3. Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB7.3.1. Enumera e explica algúns exemplos concretos nos que se pon de manifesto a influencia que o mundo clásico tivo na historia e as tradicións do noso país. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.4. Traballos de investigación sobre a civilización clásica na nosa cultura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.4. Realizar traballos de investigación sobre a pervivencia da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para recabar información e realizar traballos de investigación acerca da pervivencia da civilización clásica na nosa cultura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA

5.1.- Temporalización

Temporalización dos estándares de aprendizaxe do bloque 1: 3 sesións lectivas

Temporalización dos estándares de aprendizaxe do bloque 2: 8 sesións lectivas

Temporalización dos estándares de aprendizaxe do bloque 3: 10 sesións lectivas

Temporalización dos estándares de aprendizaxe do bloque 4: 8 sesións lectivas

Temporalización dos estándares de aprendizaxe do bloque 5: 10 sesións lectivas

Temporalización dos estándares de aprendizaxe do bloque 6: 12 sesións lectivas

Temporalización dos estándares de aprendizaxe do bloque 7: 8 sesións lectivas

5.2.- Mínimos esixibles para superar a materia

Bloque 1. Xeografía.

B1.1.1. Sinala o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana.

B1.2.1. Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina.

Bloque 2. Historia.

B2.1.1. Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente.

B2.2.1. Distingue as etapas da historia de Grecia e Roma e os principais fitos asociados a cada unha delas.

B2.2.2. Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma.

B2.2.3. Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando fontes de información.

B2.2.4. Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos.

B2.3.1. Explica a romanización de Hispania e Gallaecia.

B2.3.2. Enumera, os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia.

Bloque 3. Mitoloxía.

B3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, os seus atributos e o seu ámbito de influencia.

- B3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses e heroes.
- B3.2.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas.
- B3.2.3. Recoñece o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura.
- B3.2.4. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas.
- B3.3.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega.
- B3.4.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados.

Bloque 4. Arte.

- B4.1.1. Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais.
- B4.1.2. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, .
- B4.2.1. Identifica en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos.
- B4.3.1. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.
- B4.4.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas.
- B4.5.1. Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español.

Bloque 5. Sociedade e vida cotiá.

- B5.1.1. Coñece os principais sistemas políticos da antigüidade clásica.
- B5.2.1. Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais.
- B5.2.2. Describe as principais características dos grupos que compoñen as sociedades grega e romana.
- B5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros.
- B5.4.1. Describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma.
- B5.4.2. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época.
- B5.5.1. Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana.
- B5.6.1. Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos.

Bloque 6. Lingua e literatura.

- B6.1.1. Recoñece tipos de escritura.
- B6.2.1. Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, .
- B6.3.1. Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais.
- B6.4.1. Enumera as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha.

- B6.4.2. Describe a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico.
- B6.5.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.
- B6.6.1. Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes.
- B6.6.2. Explica o significado de palabras a partir da análise etimolóxica das súas partes.
- B6.7.1. Identifica cultismos, semicultismos e termos patrimoniais.
- B6.7.2. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual.
- B6.8.1. Explica os procesos de evolución dalgúns termos desde o étimo latino ata os seus respectivos derivados nas linguas romances.
- B6.8.2. Realiza evolucións do latín ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.
- B6.9.1. Explica a partir da súa etimoloxía termos de orixe grecolatina propios da linguaxe científico-técnica.
- B6.10.1. Demostra o influxo do latín e o grego sobre as linguas modernas servíndose de exemplos para ilustrar o mantemento nestas de elementos léxicos morfolóxicos e sintácticos herdados das primeiras.
- B6.11.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos.
- B6.12.1. Nomea aos autores máis representativos da literatura grecolatina e cita as súas obras máis coñecidas.

Bloque 7. Pervivencia na actualidade.

- B7.1.1. Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que perviviron ata a actualidade.
- B7.2.1. Demostra a pervivencia da mitoloxía e os temas lendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos.
- B7.3.1. Enumera e explica algún exemplo concreto no que se pon de manifesto a influencia que o mundo clásico tivo na historia e as tradicións do noso país.
- B7.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para recabar información e realizar traballos de investigación acerca da pervivencia da civilización clásica na nosa cultura.

5.3.- Procedementos e instrumentos de avaliación

Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe do bloque 1:

- Observación: traballo diario, participación na clase (respostas a cuestións presentadas polo profesor, formulación de preguntas e exposición de ideas), a realización das actividades e a actitude xeral ante a materia, incluídas as normas de convivencia, etc.
- Interrogatorio: preguntas orais e escritas.

- Proba escrita.

Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe do bloque 2:

- Observación: traballo diario, participación na clase (respostas a cuestións presentadas polo profesor, formulación de preguntas e exposición de ideas), a realización das actividades e a actitude xeral ante a materia, incluídas as normas de convivencia, etc.
- Interrogatorio: preguntas orais e escritas.
- Solicitud de produtos: traballos monográficos
- Proba escrita.

Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe do bloque 3:

- Observación: traballo diario, participación na clase (respostas a cuestións presentadas polo profesor, formulación de preguntas e exposición de ideas), a realización das actividades e a actitude xeral ante a materia, incluídas as normas de convivencia, etc.
- Interrogatorio: preguntas orais e escritas.
- Proba escrita.

Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe do bloque 4:

- Observación: traballo diario, participación na clase (respostas a cuestións presentadas polo profesor, formulación de preguntas e exposición de ideas), a realización das actividades e a actitude xeral ante a materia, incluídas as normas de convivencia, etc.
- Interrogatorio: preguntas orais e escritas.
- Proba escrita.

Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe do bloque 5:

- Observación: traballo diario, participación na clase (respostas a cuestións presentadas polo profesor, formulación de preguntas e exposición de ideas), a realización das actividades e a actitude xeral ante a materia, incluídas as normas de convivencia, etc.
- Interrogatorio: preguntas orais e escritas.
- Proba escrita.
- Solicitud de produtos: traballos monográficos.

Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe do bloque 6:

- Observación: traballo diario, participación na clase (respostas a cuestións presentadas polo profesor, formulación de preguntas e exposición de ideas), a realización das actividades e a actitude

xeral ante a materia, incluídas as normas de convivencia, etc.

- Interrogatorio: preguntas orais e escritas.
- Proba escrita.

Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe do bloque 7:

- Observación: traballo diario, participación na clase (respostas a cuestións presentadas polo profesor, formulación de preguntas e exposición de ideas), a realización das actividades e a actitude xeral ante a materia, incluídas as normas de convivencia, etc.
- Interrogatorio: preguntas orais e escritas.
- Solicitud de produtos: traballo monográfico.

6.- Metodoloxía didáctica

A metodoloxía didáctica empregada será activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes. Procurarase o traballo en equipo co profesorado que imparta as outras materias co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo.

Terase en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Poñeranse en práctica mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe.

Traballarase a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional. Deste xeito dedicarase un tempo á lectura en cada sesión lectiva e promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

Aproveitarase a biblioteca do centro, tanto facendo uso dos recursos dos que dispón como participando nas actividades deseñadas polo equipo da biblioteca.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Cultura Clásica:

Necesitamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman a estada da materia. Se ben a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo

básico e as estratexias do método científico, o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre as grandes achegas da cultura clásica á nosa civilización. Para iso necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden o uso sistemático de procesos de método científico, o traballo en grupo colaborador achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Por outro lado, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes; enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Cultura Clásica é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

METODOLOXÍA. ACTIVIDADES DIDÁCTICAS	
Actividades de introdución	Serven para introducir o interese do alumno polo que respecta á realidade que han de aprender.
Actividades de desenvolvemento	Son as que permiten coñecer e traballar os novos contidos.
Actividades de síntese	Son aquelas que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos e favorecen o enfoque globalizador.
Actividades de reforzo e ampliación	Son as que se programan para os alumnos que non acadaron os coñecementos traballados. Son as que permiten afundar nos contidos a aqueles alumnos que realizaron correctamente as actividades de desenvolvemento.

Actividades de autoavaliación e coavaliación	<p>Converten os alumnos en axentes do sseu proceso de ensinanza – aprendizaxe.</p> <p>Favorecen o traballo en equipo.</p>
--	---

7.- Materiais e recursos didácticos

O profesor empregará como referencia o libro de texto de Cultura Clásica elaborado pola editorial Anaya para 3º e 4º da E.S.O., se ben os alumnos non empregarán libro de texto. Estes contarán con un conxunto de fichas de contidos e actividades coas que traballarán ao longo do curso.

Aproveitaranse todas as posibilidades que nos ofrece a rede, pero neste curso en concreto imos facer uso do blogue da materia creado polo profesor, inda que sexa para manexar no propio centro, ante a posibilidade de que non todo o alumnado dispoña de ordenador ou sobre todo de conexión a internet na súa casa.

Manexarase un amplo repertorio bibliográfico, material videográfico, prensa escrita, material multimedia, mapas e todo canto poida resultar de interese e atractivo cara ós alumnos, do que temos dotación tanto no centro, como no propio departamento, ou ben do que poida adquirirse durante o curso escolar.

Por último farase uso tamén de revistas de Historia Antiga, especialmente a revista *Historia* de National Geographic, que inclúe en cada un dos seus números artigos moi interesantes sobre a historia de Grecia e de Roma, ilustrados con fotografías da calidade que caracteriza a esta revista.

8.- Avaliación, cualificación e promoción do alumnado

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

Cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das aprendizaxes dos alumnos e das alumnas terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora, polo que se terá en conta a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das

competencias correspondentes.

Cada trimestre realizarase como mínimo unha proba escrita, se ben poden realizarse máis. Tódalas probas escritas estarán puntuadas sobre 10. No caso de que nunha avaliación se faga máis dunha proba escrita farase unha media das probas realizadas. O valor das probas escritas na avaliación será dun 70% da nota total.

O caderno da clase ponderará na nota da avaliación un 15% repartido da seguinte maneira:

- presentación e claridade: 5%
- entrega no prazo marcado: 5%
- o traballo incluído na libreta: 5%. Teñen que aparecer todas as actividades realizadas e os apuntamentos da clase.

O 15 % restante da nota queda reservado para aspectos como a puntualidade, o comportamento e a actitude e traballo diario.

Nalgúns casos será necesario recorrer ao redondeo para a nota da avaliación. Neste caso aplicarase - / + 0.5 segundo a nota do alumno. Exemplo: se un alumno ten un 4.4 na avaliación, como é inferior a 4.5, a súa nota na avaliación será 4. Polo contrario, se un alumno ten un 4.5 ou máis na avaliación, como é unha nota igual ou superior a 4.5, a súa nota na avaliación será 5.

Aqueles alumnos que cometan actos ilícitos no desenvolvemento das probas, obterán cualificación de 0 puntos, coas consecuencias que iso supón para o cálculo da nota media trimestral ou final. Está prohibido levar aos exames teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos en xeral (MP3 e similares); en caso de non cumprir este requisito, o alumno será cualificado con 0 ptos. nesa proba.

A nota final: terase en conta o traballo de todo o ano. Será a nota media das notas das tres avaliacións. Considerarase aprobado un alumno que, chegando a un 4 nalgunha das tres avaliacións (sen ningún redondeo), sume 15 puntos ao final de curso.

Programa de recuperación

Non haberá probas de recuperación propiamente ditas, debido a que, ao levar un sistema de avaliación continua onde a materia incluída nun exame non é eliminada para a seguinte proba, o exame seguinte recuperará o anterior, sempre tendo en conta a marcha xeral de cada alumno.

Para aqueles alumnos que teñan problemas en asimilar algún concepto ou ben que non poidan seguir o ritmo normal das clases, poden elaborarse follas personalizadas, onde aparezan actividades que reforcen os conceptos que foran mal asimilados.

Farase tamén un tratamento individualizado de cada caso, a fin de conseguir os obxectivos fixados.

En setembro realizarase unha proba extraordinaria puntuada sobre 10 e aprobarán aqueles alumnos que acaden un 5.

9.- Avaliación do proceso do ensino e a práctica docente.

A avaliación do proceso do ensino e a práctica docente centrarase nos seguintes aspectos:

- 1- Planificación
- 2- Motivación do alumnado
- 3-Desenvolvemento do ensino
- 4- Seguimento e avaliación do proceso de ensinanza- aprendizaxe

No que respecta á **planificación** farase unha reflexión sobre a adecuación dos contidos ás particularidades do grupo de alumnos, á planificación das clases e á coordinación co resto do profesorado que imparte clases no grupo, en especial cos membros dos departamentos que teñan contidos afíns a esta materia.

Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.		
Programa actividades e		

estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
Establece os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.		

No que respecta á **motivación do alumnado** farase unha reflexión sobre a estimulación para acadar a participación activa do alumnado, a adecuación aos intereses do alumnado e a información sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.

Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
Formula situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
Relaciona aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.		
Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.		
Relaciona os contidos e as		

actividades cos intereses do alumnado.		
Estimula a participación activa dos estudantes na clase.		

No que respecta ó **desenvolvemento do ensino** farase unha reflexión sobre o mantemento dunha comunicación fluída cos alumnos, a predisposición a aclarar dúbidas fóra da aula e a formulación de actividades grupais.

Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
Formula actividades grupais e individuais.		
Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.		

No que respecta ó **seguimento e avaliación do proceso de ensinanza - aprendizaxe**

farase unha reflexión sobre o axuste da programación á avaliación inicial, a autoavaliación e coavaliación e a información sobre a mellora na realización de tarefas.

Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non se acadaron.		
Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas.		

10.- Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

No curso 2015-2016 non hai alumnado coa materia pendente de Cultura Clásica. Se ao longo do curso se incorpora ao centro algún alumno con esta materia pendente, realizará dúas probas escritas e entregará boletíns de traballo achegados polo departamento.

11.- Procedementos que lle permitan ó alumnado acreditar os coñecementos necesarios (BAC)

12.- Avaliación inicial

Ao comezo do curso os alumnos nunha proba escrita contestarán unhas cuestións

básicas relativas á civilización grecolatina.

12.1.- Medidas individuais ou colectivas a adoptar en función dos resultados

Á hora de formular as medidas colectivas en función dos resultados, debemos solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc..
- Saber as medidas organizativas a adoptar: situación de espazos e xestión de tempos no grupo para favorecer a intervención individual.
- Establecer conclusións sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co

resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

13.- Medidas de atención á diversidade

Nun principio entre o alumnado de Cultura Clásica non hai ningún alumnado con necesidade específica de apoio educativo, de altas capacidades intelectuais ou de incorporación tardía ao sistema educativo. No caso de que ao longo do curso se incorpore algún alumno que necesite atención á diversidade tomaranse desde o departamento as medidas oportunas en colaboración co titor, os demais profesores que lle impartan clase e o Departamento de Orientación.

Intentarase favorecer a integración na aula do alumnado con necesidade específica de apoio educativo facéndolle desenvolver un papel recoñecido polo grupo para mellorar a súa autoestima.

Nos casos de alumnos cunha discapacidade física hai que buscar mecanismos de actuación para cada caso en concreto.

Ao alumnado con altas capacidades intelectuais marcaránselles obxectivos individuais máis amplos cos demais alumnos do grupo, a través de actividades de ampliación, máis complexas, que lles obrigue a realizar o esforzo necesario que lles permita valorar a consecución de resultados.

No grupo de de incorporación tardía ao sistema educativo inclúense os alumnos estranxeiros. Os problemas poden vir polas dificultades co idioma. Con eles haberá que realizar as adaptacións necesarias que favorezan a aprendizaxe da materia e, á vez, da lingua. Convén, por exemplo, que estes alumnos traballen con dicionarios das nosas linguas para que non teñan problemas de vocabulario.

Aínda que non se dea o caso de contar no grupo con alumnado con necesidade específica de apoio educativo, sempre existe a posibilidade de traballar con distintos ritmos de aprendizaxe. Un dato positivo neste caso é o baixo número de alumnos co que contamos na aula, feito que favorece o traballo en distintos niveis.

A proposta do Departamento de Latín e Grego é a seguinte:

- Contidos para unha aprendizaxe básica común , pero de maior complexidade para algúns.
- Actividades, para diferentes niveis, e oferta de distintos tempos na súa realización, así como actividades de reforzo e de ampliación.
- Ter en conta as preferencias dos alumnos para atender os seus intereses.
- Agrupamentos que posibiliten o traballo en equipo.

14.- Elementos transversais

Na materia de Cultura Clásica traballarase como elementos transversais a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional.

Os alumnos desenvolverán actividades referidas a textos para traballar a comprensión lectora. Será fundamental o emprego de dicionarios de español e galego para buscar os significados das palabras que non coñezan. O fomento da lectura terá como referente o proxecto lector do centro e procurará acadar desde a materia de Cultura Clásica os seguintes obxectivos:

- A integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.
- A formación de lectores e de lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura.
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.

Poderanse establecer itinerarios temáticos de lecturas clásicas segundo o catálogo da biblioteca do centro. Para aumentar o catálogo de obras de contido clásico dos que dispón o centro, desde o Departamento de Latín e Grego ofrecerá ao coordinador unha listaxe de obras para a súa compra. Así mesmo participarase nos clubs de lectura e cantas actividades promova o coordinador da biblioteca.

Para promover a mellora da expresión oral e escrita, entre outras actividades, a partir dunha temática de contido clásico que achegue o profesor os alumnos escribirán un conto común entre todos.

No que respecta ás tecnoloxías da información e da comunicación, incidirase na busca, selección crítica, e tratamento da información, recorrendo a fontes variadas, así como na aplicación de técnicas de síntese, coa identificación de palabras clave e coa distinción entre ideas principais e secundarias. Favorecerase a competencia dixital coa elaboración de textos e coa presentación a través de medios informáticos. Cómpre facer ver a necesidade dunha utilización crítica das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento que universaliza a información e como unha ferramenta para a comunicación do coñecemento adquirido.

A consulta das direccións que aparecen no apartado de recursos en internet contribuirán tamén a destreza dixital, propoñendo exercicios para tal fin ademais do emprego do blogue da materia.

Por outra parte, para transmitir información, empregaranse diversos medios de comunicación audiovisual.

A educación cívica e constitucional pódese considerar comentando aqueles elementos e costumes da sociedade romana e grega que se consideran socialmente útiles ou criticando aqueloutros que evidencian comportamentos e ideas lesivas para a sociedade ou o individuo.

Os comentarios sobre a situación e evolución política e social de Grecia e Roma, así como todo o referido ás etapas da historia de ámbalas dúas civilizacións permitiríanos tratar temas derivados da consecución dunha convivencia pacífica, ao tempo que permite reflexionar sobre as formas de goberno.

Deste xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o

respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Serven ademais estes contidos para promover a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

Nos contidos referidos á familia en Grecia e Roma traballárase para evitar os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Os contidos referidos á vida urbana en Roma permítenos tratar os temas: educación ambiental, educación viaria e educación para o lecer.

No referente á educación ambiental ó mesmo tempo que se pretende que o alumno recoñeza e identifique no contorno próximo restos arqueolóxicos que se relacionen coa cultura clásica, promóvese o compromiso persoal para a conservación e o respecto de toda pegada do mundo clásico no ambiente natural.

Por último, a materia de Cultura Clásica permitirá afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

15.- Actividades Complementarias e extraescolares

Asistencia ás Xornadas de teatro grecolatino que tódolos anos organiza a SEEC en Lugo. Aproveitarase esa xornada visitar as pegadas da cultura romana nesa cidade.

Se ao longo do curso recibísemos información sobre algún acontecemento que puidera resultar interesante e educativo para os alumnos non se descarta acudir. Entre as actividades que poidan realizarse atoparíanse outras excursións, visitas a museos, proxeccións de filmes, etc.

16.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

Dado o carácter aberto e flexible da programación, farase un seguimento mensual para detectar os obxectivos acadados e os incumpridos, así como as estratexias que deberán adoptarse para alcanzar os non conseguidos.

No seguimento da programación didáctica farase unha reflexión sobre os seguintes puntos:

Cumprimento da programación: cúmprese o temario no tempo previsto.

Cumprimento da programación: o desenvolvemento do programa axústase ás unidades didácticas

Adecuación da programación: secuencia de contidos, distribución das actividades, criterios de avaliación...

No caso de que o resultado sexa unha valoración negativa, procederase á elaboración das propostas de mellora.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA LATÍN I

1.- Introducción e contextualización.....	43
2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	46
3.- Obxectivos.....	50
4.- Contidos.....	51
4.1.- Secuenciación de contidos.....	52
5.- Estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	57
5.1.- Temporalización.....	67
5.2.- Mínimos esixibles para superar a materia.....	67
5.3.- Procedementos e instrumentos de avaliación.....	70
6.- Metodoloxía didáctica.....	72
7.- Materiais e recursos didácticos.....	73
8.- Avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	73
9.- Avaliación do proceso do ensino e a práctica docente.....	75
10.- Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	79
11.- Procedementos que lle permitan ó alumnado acreditar os coñecementos necesarios (BAC).....	79
12.- Avaliación inicial.....	79
12.1.- Medidas individuais ou colectivas a adoptar en función dos resultados.....	79
13.- Medidas de atención á diversidade.....	80
14.- Elementos transversais.....	81
15.- Actividades Complementarias e extraescolares.....	83
16.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación.....	83

1.- Introducción e contextualización

As linguas constitúen un instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. Por outra parte, as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

Un estudo integrado das linguas consegue retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. O aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas. nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

O latín e o grego, proporcionan unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Xa que logo, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

Resulta obvio que, para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. Todo isto coa finalidade de construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dándolles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfrónaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar

satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de latín ten como principal finalidade o coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e da cultura latinas, facendo fincapé ao mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental, o que coñecemos como herdanza clásica.

A materia de latín impartida no primeiro curso do bacharelato persegue un estudo máis en profundidade da lingua, xa que, ben pola súa estrutura interna de funcionamento, ben polo seu caudal léxico, está moi presente nas linguas utilizadas e estudadas polos alumnos e as alumnas.

O estudo do latín como lingua flexiva proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas.

O idioma latino, logo de adquiridos uns mínimos coñecementos sobre os seus mecanismos morfosintácticos e o seu léxico, permite entender as linguas romances como resultado dunha evolución e atopar paralelismos entre elas que axuden no seu estudo.

O estudo da orixe e a evolución do latín ás linguas romances proporcionalle ao alumnado os instrumentos necesarios para comprender e analizar os procesos de cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar aos procedementos que rexen hoxe as súas linguas, e axuda a incrementar de xeito notable o seu léxico. A reflexión sobre o léxico coñecido, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua latina interveñen de xeito notable no uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade.

O estudo da herdanza clásica, obxecto desta materia, non só está presente na lingua latina, pois abordará tamén os diferentes aspectos que se inclúen no que coñecemos como civilización latina, berce da Europa actual. Ademais da descrición do seu marco xeográfico e do estudo dos principais fitos históricos, haberá lugar tamén para unha análise das súas estruturas sociopolíticas, da súa vida cotiá, e manifestacións culturais como os espectáculos públicos ou as súas creacións literarias e artísticas, a enxeñaría e o urbanismo, a mitoloxía e a relixión.

A presente programación didáctica da materia de Latín I está elaborada para ser impartida no IES Maximino Romero de Lema a un grupo reducido de alumnos, en concreto 12, que cursan o itinerario de Humanidades na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais en 1º de Bacharelato. Ubicado no concello de Zas (A Coruña), o IES Maximino Romero de Lema é un

centro de ensino duns 215 alumnos e está situado nun contorno rural, na zona central da Costa da Morte. Zas é un concello eminentemente agrícola e gandeiro, aínda que hai unha poboación dedicada á industria, ó comercio e á hostalaría, concentrada sobre todo en Baio, lugar onde se ubica o centro.

2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Comunicación lingüística (CCL)

A comunicación lingüística é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Latín, xa que o estudo da lingua latina, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos redundará sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias.

O labor de tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden ser traballadas nos temas de cultura e civilización latinas, en concreto no urbanismo e na enxeñaría romana, e as vías de comunicación, en tanto que manifestacións da actividade humana.

A nosa materia achega ao desenvolvemento desta competencia, entre outras contribucións:

- Acceso a textos literarios traducidos como fonte de aprendizaxe e goce.
- Comprensión do compoñente lingüístico da propia lingua e de linguas estranxeiras.
- Comprensión e expresión correcta de textos diversos que permiten unha mellor interacción social.
- Contextualización do acto comunicativo nas súas diferentes modalidades.
- Desenvolvemento de distintos rexistros lingüísticos e a súa correcta aplicación.
- Desenvolvemento da capacidade crítica ante a mensaxe e o seu contido.
- Facilitade para a aprendizaxe de linguas estranxeiras e a comunicación oral e escrita nas mesmas.
- Fomento da capacidade creativa lingüística.
- Mellora na comprensión e emisión de mensaxes orais e escritas.

- Mellora na motivación da aprendizaxe a partir da mellora na comprensión e expresión lingüística.

- Preparación para un mellor acceso a diferentes culturas e, en consecuencia, a unha mellor comprensión da diversidade cultural do mundo actual.

- Preparación para un mellor acceso ao coñecemento mediante a lectura de textos orixinais.

Competencia dixital (CD)

A competencia dixital deberá estar presente en todo momento. A procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo/pola profesor/a, deberá servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais para pór á disposición da comunidade educativa.

A utilización das tecnoloxías dixitais na materia tradúcese nunha contribución clara ao desenvolvemento desta competencia:

- Coñecemento e emprego das principais aplicacións informáticas relacionadas co acceso á información, a súa elaboración e emprego para a comunicación, así como a creación de contidos.

- Fomento do traballo colaborativo.

- Localización de información mediante motores de procura.

- Análise e interpretación crítica da información obtida mediante as tecnoloxías dixitais.

- Capacidade de transformación da información obtida de fontes dixitais e o seu almacenamento en formatos correctos.

- Creación de contidos en distintos formatos (imaxe, texto, audio, etc.).

- Acceso e contribución ao coñecemento de dominio.

- Presentación de contidos en formatos dixitais e correcta elección da aplicación máis adecuada en función do contido e o receptor da mensaxe.

Aprender a aprender (CAA)

A materia de latín debe contribuír ao desenvolvemento desta competencia potenciando nos alumnos a capacidade de iniciar, organizar e manterse na aprendizaxe; e iso conséguese motivando o alumno na curiosidade pola materia, de modo que se sinta protagonista da súa aprendizaxe pero tendo tamén en conta a súa capacidade para traballar en equipo.

A materia de Latín debe contribuír de forma especial ao desenvolvemento desta

competencia, potenciando nos alumnos a capacidade de iniciar, organizar e manterse na aprendizaxe; e iso conséguese motivando ao alumno na curiosidade pola materia, de modo que el mesmo senta protagonista da súa aprendizaxe:

- Motivación por aprender.
- Organización e xestión da propia aprendizaxe.
- Coñecemento e autonomía no propio proceso de aprendizaxe.
- Xestión de tarefas: estratexias de planificación, elaboración, supervisión e resultados.
- Capacidade de aprendizaxe en grupo.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

As competencias sociais e cívicas poden ser traballadas particularmente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo romano, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

O traballo e o coñecemento da propia evolución da sociedade romana antiga supoñen unha contribución excelente ao desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, máxime nunha sociedade como a actual, tan dinámica e complexa. E iso é así dada a diversidade de situacións e relacións que o estudo da sociedade e a historia de Roma ofrece ao alumno. Desta forma, ese estudo e coñecemento contribuirá ao desenvolvemento desta competencia do seguinte modo:

- Capacidade para interpretar situacións e fenómenos sociais.
- Desenvolvemento de actitudes de respecto nas relacións sociais desde o coñecemento da súa diversidade histórica.
- Análise de situacións para a resolución de conflitos.
- Afianzamento de valores democráticos e de participación na sociedade.
- Contribución á mellora das institucións desde o coñecemento da súa historia.
- Conciencia de participación na sociedade actual desde o coñecemento da historia da organización do traballo e das relacións laborais.
- Desenvolvemento de actitudes pola igualdade e a non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais, desde o estudo da súa evolución histórica.
- Comprensión da realidade socioeconómica e de identidade cultural das sociedades actuais desde unha perspectiva histórica e cultural.

- Aprendizaxe crítica de conceptos como cidadanía, Estado, democracia, xustiza e igualdade.
- Respecto reflexivo e crítico ante as diferenzas existentes entre diferentes sistemas de valores.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

A competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor estará presente sobre todo nos bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

Á esta competencia contribúe a materia de Latín mediante:

- Capacidade para pensar de forma creativa.
- Recoñecemento de actitudes emprendedoras en personaxes históricos.
- Fortalezas e debilidades de diferentes feitos históricos estudados (xestión de recursos, funcionamento de grupos humanos, valores, etc.).
- Capacidade de análise, planificación, organización e xestión de tarefas.
- Comunicación e presentación de proxectos.
- Capacidade de traballo individual e en grupo.
- Capacidade de autoavaliación.
- Desenvolvemento do criterio propio e autonomía na xestión da aprendizaxe para alcanzar os obxectivos planificados polo alumno.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A competencia en conciencia e expresión cultural está moi presente, ademais de no estudo da literatura latina, nos contidos referidos ás artes plásticas en Roma, o urbanismo e a romanización de Hispania e da Gallaecia. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos ou tópicos literarios, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contexto, ben sexa nas páxinas dun libro, ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

O coñecemento e o achegamento á sociedade, á cultura, á mitoloxía e á arte romana antiga contribúen de maneira especial ao desenvolvemento desta competencia:

- Coñecemento do legado cultural e artístico da Roma antiga.

- Aprecio e valoración crítica das diferentes manifestacións culturais e artísticas.
- Análise do legado cultural e artístico da Roma antiga como fundamento de cultura occidental.
- Contribución á capacidade de comprensión e expresión artística do alumno.
- Desenvolvemento do interese polas manifestacións culturais e artísticas.
- Coñecemento de autores, obras, xéneros e estilos das diversas manifestacións artísticas gregas e o seu influxo nas manifestacións culturais e artísticas ao longo da historia ata a cultura e a arte contemporáneo.
- Desenvolvemento de valores relativos á conservación do patrimonio e aprecio pola herdanza cultural e artística.

3.- Obxectivos

A materia LATÍN I contribúe a acadar os seguintes obxectivos do bacharelato:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio

das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

4.- Contidos

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances.

B1.1. Marco xeográfico da lingua.

B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.

B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances.

B1.4. Orixe, evolución e etapas do latín. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.

B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.

Cos contidos do bloque 1 contribúese a acadar os obxectivos d, g, h, l, n, p.

Bloque 2. Sistema de lingua latina: elementos básicos.

B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura.

B2.2. Orixes e evolución do alfabeto latino.

B2.3. Pronuncia do latín: tipos.

Cos contidos do bloque 2 contribúese a acadar os obxectivos e, g.

Bloque 3. Morfoloxía.

B3.1. Formantes das palabras.

B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables.

B3.3. Concepto de declinación e conxugación.

B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.

B3.5. Flexión verbal.

Cos contidos do bloque 3 contribúese a acadar os obxectivos d, e, g, i, l, p.

Bloque 4. Sintaxe.

B4.1. Elementos da oración.

B4.2. Casos latinos.

B4.3. Concordancia.

B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.

B4.5. Oración composta: coordinación e subordinación.

B4.6. Construcións de infinitivo e de participio.

Cos contidos do bloque 4 contribúese a acadar os obxectivos d, e, g, i.

Bloque 5. Roma: historia, cultura, arte e civilización.

- B5.1. Períodos da historia de Roma.
- B5.2. Romanización de Hispania e da Gallaecia.
- B5.3. Organización política e social de Roma.
- B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios.
- B5.5. Arte romana.
- B5.6. Obras públicas e urbanismo.
- B5.7. O exército.

Cos contidos do bloque 5 contribúese a acadar os obxectivos a, c, d, e, g, h, i, l, n, p.

Bloque 6. Textos.

- B6.1. Análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica.
- B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.
- B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.
- B6.4. Lectura comprensiva e comentarios de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.
- B6.5. Lectura comparada e comentario de textos en lingua latina e lingua propia.
- B6.6. Produción de pequenos textos en lingua latina.

Cos contidos do bloque 6 contribúese a acadar os obxectivos d, e, i, p.

Bloque 7. Léxico.

- B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.
- B7.2. Composición e derivación culta. Lexemas, prefixos e sufixos.
- B7.3. Mantemento de elementos lingüísticos latinos.
- B7.4. Locucións latinas de uso actual.

Cos contidos do bloque 7 contribúese a acadar os obxectivos d, e, g, p.

4.1.- Secuenciación de contidos

Unidade 1: A lingua latina I.

- A orixe do latín. O indoeuropeo.
- As linguas de España.
- Orixe, evolución e etapas do latín.
- Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- Clases de palabras.
- O sistema nominal. Casos e declinacións. Enunciado das palabras latinas.

- O sistema verbal. Tema verbal. Enunciado dos verbos latinos.
- A 1ª declinación.
- Evolución do latín: apócope. O -e final átono.
- Locucións latinas.

Unidade 2: A lingua latina II.

- Orixes da escritura.
- Sistemas da escritura.
- O alfabeto latino. A pronuncia.
- A 2ª declinación.
- Os adxectivos do primeiro tipo.
- Concordancia adxectivo – substantivo.
- Presente de indicativo.
- Concordancia verbo – suxeito.
- As preposicións.
- Evolución do latín: -u final átono.
- Textos latinos.
- Locucións latinas.

Unidade 3: Historia de Roma I.

- Situación xeográfica de Roma.
- Orixe de Roma: lenda e historia.
- Etapas da historia de Roma. A Monarquía.
- A 3ª declinación: tema en consoante.
- Pretérito imperfecto de indicativo.
- As clases de oración.
- A coordinación.
- Evolución do latín: s- inicial seguido de consoante.
- Textos latinos.
- Locucións latinas.

Unidade 4: Historia de Roma II.

- Os primeiros anos da República.
- As Guerras Púnicas.
- O final da República.
- O primeiro e o segundo triunvirato.
- A 3ª declinación: tema en -i.
- Adxectivos da 3ª declinación.
- Futuro imperfecto de indicativo.
- Evolución do latín: grafías gregas.
- Textos latinos.
- Os sufixos -ia, -tia.
- Locucións latinas.

Unidade 5: Historia de Roma III.

- Etapa imperial: Principado e Dominado.
- Causas da caída do imperio romano.
- A 4ª declinación.
- A 5ª declinación.
- A voz pasiva: a súa formación nos tempos do tema de presente.
- Evolución do latín: os ditongos.
- Textos latinos.
- O prefixo ab. O sufixo -atus. O sufixo -ter.
- Locucións latinas.

Unidade 6: Obras públicas e urbanismo.

- As grandes obras públicas romanas.
- A cidade romana.
- Tipos de edificacións públicas.
- O sistema pronominal. Demostrativos.
- Tempos do tema de perfecto do modo indicativo da voz activa.

- Evolución do latín: oclusivas xordas intervocálicas.
- Textos latinos.
- O prefixo ad. Os sufixos -tor e -sor.
- Locucións latinas.

Unidade 7: Organización política e social.

- Sistema político romano.
- A sociedade romana : clases sociais e evolución.
- O sistema pronominal. Persoais e posesivos.
- Os anafóricos.
- Evolución do latín: consoantes xeminadas.
- Textos latinos.
- O prefixo cum. Os sufixos -tio e -sio.
- Locucións latinas.

Unidade 8: O exército.

- Estrutura e funcionamento do exército romano.
- Evolución do exército romano.
- O pronome relativo.
- A oración de relativo.
- Graos do adxectivo: o superlativo.
- Evolución do latín: vogais átonas postónicas.
- Textos latinos.
- O prefixo de. Os sufixos -men e -minis.
- Locucións latinas.

Unidade 9: Mitoloxía e relixión.

- Mitoloxía: deuses, semideuses e heroes.
- Mitoloxías: lendas e mitos.
- Relixión romana: culto público / culto privado.
- Ritos funerarios.

- O participio: morfoloxía e sintaxe.
- O sistema de perfecto na voz pasiva.
- Evolución do latín: o breve tónico, e breve tónico.
- Textos latinos.
- O prefixo trans. Os sufixos -mentum.
- Locucións latinas.

Unidade 10: Romanización de Hispania.

- Feitos históricos principais.
- Pegadas da romanización.
- O infinitivo: características e formación.
- A subordinada completiva de infintivo.
- Evolución do latín: f- inicial.
- Textos latinos.
- O prefixo ex. Os sufixos -tas e -itas.
- Locucións latinas.

Unidade 11: Romanización de Gallaecia.

- Feitos históricos principais.
- Pegadas da romanización.
- O modo subxuntivo.
- Evolución do latín: o grupo -ct-.
- Textos latinos.
- Prefixos prae e pro. Sufixo -ilis / -bilis.
- Locucións latinas.

Unidade 12: Arte romana.

- Arte romana: características e manifestacións artísticas.
- Graos do adxectivo: o comparativo.
- Tipos de subordinadas.
- Nexos subordinantes.

- Evolución do latín: grupos iniciais cl- , fl, pl-.
- Textos latinos.
- Prefixos sub e in. O sufixo -ax.
- Locucións latinas.

5.- Estándares de aprendizaxe avaliados

Latín I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Marco xeográfico da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico da lingua latina e a súa expansión, delimitando os seus ámbitos de influencia e colocando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCEC ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B1.2.1. Define o indoeuropeo e reconece as linguas indoeuropeas e as súas familias, e delimita nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ n ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa, e delimitar o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo, reconecendo as súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe romances e non romances, localiza nun mapa as zonas onde se utilizan, delimita o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo e reconece as súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ g ▪ p ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Orixe, evolución e etapas do latín. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Distinguir as principais etapas na evolución do latín e reconecer e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B1.5.1. Distingue e delimita as etapas do latín, reconece e distingue a partir do étimo latino cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, e explica as evolucións que se producen nun caso e no outro. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B1.5.2. Coñece exemplos de termos latinos que deron orixe tanto a unha palabra patrimonial como a un cultismo, e sinala as diferenzas de uso e significado entre ambos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B1.5.3. Demostra a presenza do latín no século XXI en campos como a ciencia, a cultura, a publicidade, os medios de comunicación, inter- 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCEC

Latín I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			net e as redes sociais.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ p ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética, e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán partindo dos étimos latinos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
Bloque 2. Sistema de lingua latina: elementos básicos				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Recoñecer sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAT1B2.1.1. Recoñece tipos de escritura e clasifícaaos consonte a súa natureza e a súa función, e describe os trazos que distinguen uns dos outros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Orixe e evolución do alfabeto latino. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Distinguir as fases da evolución do alfabeto latino, desde a súa orixe ata o alfabeto da época clásica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAT1B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto latino, e a evolución e a adaptación dos signos do alfabeto grego. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Orixe e evolución do alfabeto latino. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAT1B2.3.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do alfabeto latino, así como a súa evolución, sinala as adaptacións que se producen en cada unha e recoñece os tipos de alfabeto usados actualmente en Europa, en relación coas linguas que os empregan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Pronuncia do latín: tipos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas da pronuncia en latín e distinguir os seus tipos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAT1B2.4.1. Le con pronuncia e acentuación correctas textos latinos, identificando e reproducindo exemplos de diferentes tipos de pronuncia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
Bloque 3. Morfoloxía				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Formantes das palabras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Distinguir os tipos de palabras a partir do seu enunciado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificarlas e define criterios para clasificalas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL

Latín I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Concepto de declinación e conxugación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B3.3.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, explicando e ilustrando con exemplos as características que diferencian os conceptos de declinación e conxugación 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enunciálas e declinalas correctamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B3.4.1. Enuncia e declina correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e a súa declinación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Flexión verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B3.5.1. Clasifica verbos segundo a súa conxugación partindo do seu enunciado e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B3.5.3. Conxuga os tempos verbais máis frecuentes en voz activa e pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Flexión verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Analizar o funcionamento dos temas verbais latinos de presente e de perfecto, e recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir deles, tanto en voz activa como en voz pasiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B3.6.1. Explica o uso dos temas verbais latinos, identificando correctamente as formas derivadas de cada un. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B3.6.2. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Flexión verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Diferenciar formas persoais e non persoais do verbo, e recoñecer as categorías gramaticais pre- 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que per- 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL

Latín I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		sententes en cada unha.	miten identificalas e define criterios para clasificalas.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ d ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Flexión verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Traducir ao galego e ao castelán as formas verbais latinas, e comparar os sistemas verbais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B3.8.1. Traduce correctamente ao galego e ao castelán formas verbais latinas, e compara os tempos e os modos verbais presentes no latín cos do galego e os do castelán. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
Bloque 4. Sintaxe				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Elementos da oración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B4.1.1. Analiza morfoloxicamente e sintacticamente frases e textos de dificultade graduada, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións que realizan na oración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Casos latinos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos, identificar as principais funcións que realizan na oración e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma axeitada de traducilos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Concordancia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Oración composta: coordinación e subordinación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B4.5.1. Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas, os seus tipos e os nexos que as caracterizan, e sinala exemplos que expliquen en cada caso as súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Construcións de infinitivo e de participio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Coñecer as funcións das formas non persoais nas oracións: infinitivo e participio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B4.6.1. Identifica as funcións que realizan as formas non persoais (infinitivo e participio) dentro da oración e compara exemplos do seu uso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Construcións de infinitivo e de participio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis fre- 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B4.7.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo e participio 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

Latín I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		cuentas.	máis frecuentes, en relación con construcións análogas noutras linguas que coñece.	
Bloque 5. Roma: historia, cultura, arte e civilización				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ i ▪ l ▪ g ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Períodos da historia de Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.1.1. Describe o marco histórico en que xorde e se desenvolve a civilización romana, sinala períodos dentro del e identifica en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.1.2. Distingue as etapas da historia de Roma, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.1.3. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, ponos en contexto e relaciónaos con outras circunstancias contemporáneas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.1.4. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.1.5. Describe os principais fitos históricos e os aspectos máis significativos da civilización latina, e analiza a súa influencia no devir histórico posterior. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ a ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Romanización de Hispania e da Gallaecia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Coñecer os feitos históricos principais da romanización de Hispania e da Gallaecia, e realizar eixes cronolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.2.1. Explica a romanización de Hispania e da Gallaecia, describe as súas causas e delimita as súas fases. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.2.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e da Gallaecia, e sinala a súa influencia na historia posterior. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL

Latín I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ n ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Romanización de Hispania e da Gallaecia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Recoñecer as pegadas da romanización nos principais depósitos arqueolóxicos e museos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.3.1. Identifica e sinala nun mapa os restos arqueolóxicos máis salientables da romanización de Hispania e da Gallaecia, e descobre e relaciona as pezas arqueolóxicas romanas dos museos cos coñecementos adquiridos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCEC ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Organización política e social de Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Coñecer a organización política e social de Roma e recoñecer o seu mantemento actual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.4.1. Describe os elementos que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.4.2. Describe a organización e a evolución da sociedade romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na época e comparándoos cos actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CD ▪ CSC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.5.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o ámbito de influencia, explica a súa xenealoxía e establece relacións entre os deuses. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.5.2. Identifica deuses, semideuses e heroes dentro do imaxinario mítico, e explica os principais aspectos que diferencian uns dos outros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ n ▪ h ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Coñecer os deuses, os mitos, os heroes e as lendas latinas principais, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B5.6.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos tratamentos, e asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE

Latín I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.6.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos e as lendas da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa, e valorando a súa influencia na arte e na literatura posterior a través de exemplos. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCEC CCL
<ul style="list-style-type: none"> n 	<ul style="list-style-type: none"> B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.7. Coñecer e comparar coas actuais as características da relixiosidade e da relixión latinas, os cultos privados e os ritos funerarios. 	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.7.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, explicando os trazos que lles son propios, e describe as principais características dos ritos funerarios romanos, distinguindo as semellanzas e as diferenzas que presentan cos de hoxe en día. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CMCCT CCL CCEC
<ul style="list-style-type: none"> n 	<ul style="list-style-type: none"> B5.5. Arte romana. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.8. Coñecer as características fundamentais da arte romana e describir algunhas das súas manifestacións máis importantes. 	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.8.1. Describe as principais manifestacións escultóricas e pictóricas da arte romana, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a súa cronoloxía aproximada. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CD
<ul style="list-style-type: none"> i d p 	<ul style="list-style-type: none"> B5.6. Obras públicas e urbanismo. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.9. Identificar os trazos máis destacados das edificacións públicas e do urbanismo romano, e sinalar a súa presenza dentro do patrimonio histórico de España e Europa. 	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.9.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSC CMCCTC
			<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.9.2. Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a cronoloxía aproximada. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD CAA
<ul style="list-style-type: none"> a 	<ul style="list-style-type: none"> B5.7. O exército. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.10. Describir a estrutura e o funcionamento do exército romano, e distinguir as etapas na súa evolución. 	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.10.1. Enumera os elementos que compoñen a estrutura do exército romano e explica o seu funcionamento, atendendo á súa evolución ao longo dos períodos históricos 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CMCCT
Bloque 6. Textos				
<ul style="list-style-type: none"> e 	<ul style="list-style-type: none"> B6.1. Análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica. 	<ul style="list-style-type: none"> B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua 	<ul style="list-style-type: none"> LA1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica de 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA

Latín I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		latina para a interpretación, a tradución e a retroversión de textos de dificultade progresiva.	textos de dificultade graduada, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de xeito global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Utilizar correctamente manuais e dicionarios, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B6.3.1. Utiliza correctamente o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical incluída nos seus manuais e nas súas entradas, e localiza o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Lectura comprensiva e comentario de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos. ▪ B6.5. Lectura comparada e comentario de textos en lingua latina e lingua propia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e da estrutura de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B6.4.1. Realiza comentarios sobre os principais trazos dos textos seleccionados e sobre os aspectos culturais presentes neles, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.6. Produción de pequenos textos en lingua latina. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.6. Produción de pequenos textos en lingua latina. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
Bloque 7. Léxico				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados partindo do contexto ou de palabras da lingua propia ou doutras que coñece. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL

Latín I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.2. Composición e derivación culta. Lexemas, prefixos e sufixos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.3. Mantemento de elementos lingüísticos latinos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.3. Establecer mediante mecanismos de inferencia as relacións existentes entre determinados étimos latinos e os derivados en linguas romances. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LAT1B7.3.1. Deduce o significado das palabras das linguas de España a partir dos étimos latinos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.3. Mantemento de elementos lingüísticos latinos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.4. Identificar e explicar os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B7.4.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B7.4.2. Relaciona palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.4. Locucións latinas de uso actual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.5. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA1B7.5.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto adecuado cando se expresa na súa propia lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCL

5.1.- Temporalización

Temporalización dos estándares de aprendizaxe do bloque 1: 5 sesións lectivas

Temporalización dos estándares de aprendizaxe do bloque 2: 4 sesións lectivas

Temporalización dos estándares de aprendizaxe do bloque 3: 24 sesións lectivas

Temporalización dos estándares de aprendizaxe do bloque 4: 24 sesións lectivas

Temporalización dos estándares de aprendizaxe do bloque 5: 30 sesións lectivas

Temporalización dos estándares de aprendizaxe do bloque 6: 28 sesións lectivas

Temporalización dos estándares de aprendizaxe do bloque 7: 13 sesións lectivas

5.2.- Mínimos esixibles para superar a materia

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances.

B1.1.1. Localiza o marco xeográfico da lingua latina e a súa expansión.

B.1.2.1. Define o indoeuropeo e reconece as linguas indoeuropeas e as súas familias.

B.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas.

B1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe romances e non romances, localiza nun mapa as zonas onde se utilizan.

B.1.5.1. Reconece e distingue a partir do étimo latino cultismos, semicultismos e termos patrimoniais.

B.1.5.2. Coñece exemplos de termos latinos que deron orixe tanto a unha palabra patrimonial como a un cultismo.

B1.5.3. Demostra a presenza do latín no século XXI nalgúns campos como pode ser a ciencia, a cultura, a publicidade, os medios de comunicación, internet e as redes sociais.

B1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución.

Bloque 2. Sistema de lingua latina: elementos básicos.

B2.1.1. Reconece tipos de escritura.

B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto latino.

B2.3.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do alfabeto latino.

B2.4.1. Le textos latinos.

Bloque 3. Morfoloxía.

B3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas.

B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables.

B3.3.1. Declina e/ou conxuga palabras propostas segundo a súa categoría,.

B3.4.1. Enuncia e declina correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín.

B3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia.

B3.5.1. Clasifica verbos segundo a súa conxugación.

B3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e reconece a partir destas os modelos de conxugación.

B3.5.3. Conxuga os tempos verbais máis frecuentes en voz activa e pasiva.

B3.6.1. Explica o uso dos temas verbais latinos.

B3.6.2. Cambia de voz as formas verbais.

B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos.

B3.8.1. Traduce correctamente ao galego e ao castelán formas verbais latinas.

Bloque 4. Sintaxe.

B4.1.1. Analiza morfoloxicamente e sintacticamente frases e textos de dificultade graduada, .

B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, explica as súas funcións dentro da oración.

B4.3.1. Reconece nos textos as regras e a concordancia latina.

B4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples.

B4.5.1. Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas.

B4.6.1. Identifica as funcións que realizan as formas non persoais (infinitivo e participio) dentro da oración.

B4.7.1. Reconece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes.

Bloque 5. Roma: historia, cultura, arte e civilización.

B5.1.1. Describe o marco histórico en que xorde e se desenvolve a civilización romana.

B5.1.2. Distingue as etapas da historia de Roma, explicando os seus trazos esenciais.

B5.1.3. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente.

B5.1.4. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables,

consultando diferentes fontes de información.

B5.1.5. Describe os principais fitos históricos e os aspectos máis significativos da civilización latina.

B5.2.1. Explica a romanización de Hispania e da Gallaecia, describe as súas causas e delimita as súas fases.

B5.2.2. Enumera os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e da Gallaecia.

B5.3.1. Identifica os restos arqueolóxicos máis salientables da romanización de Hispania e da Gallaecia, e descobre e relaciona as pezas arqueolóxicas romanas dos museos cos coñecementos adquiridos.

B5.4.1. Describe os elementos que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.

B5.4.2. Describe a organización e a evolución da sociedade romana, explicando as características das clases sociais.

B5.5.1. Identifica os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o ámbito de influencia.

B5.5.2. Identifica deuses e heroes dentro do imaxinario mítico e explica os principais aspectos que diferencian uns dos outros.

B5.6.1. Recoñece o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno.

B5.6.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos e as lendas da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas.

B5.7.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados.

B5.8.1. Describe as principais manifestacións escultóricas e pictóricas da arte romana.

B5.9.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas.

B5.9.2. Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do patrimonio español.

B5.10.1. Enumera os elementos que compoñen a estrutura do exército romano.

Bloque 6. Textos.

B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica de textos de dificultade graduada, para efectuar correctamente a súa tradución .

B6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de xeito global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.

B6.3.1. Utiliza correctamente o dicionario.

B6.4.1. Realiza comentarios sobre os principais trazos dos textos seleccionados e sobre os aspectos culturais presentes neles.

B6.4.2. Nos mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos localiza o tema principal e distingue as súas partes.

B6.5.1. Redacta frases sinxelas en latín sobre un tema proposto.

B6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.

Bloque 7. Léxico.

B7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados partindo do contexto ou de palabras da lingua propia ou doutras que coñece.

B7.1.2. Identifica as palabras transparentes e de maior frecuencia.

B7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.

B7.3.1. Deduce o significado das palabras das súas linguas a partir dos étimos latinos.

B7.4.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.

B7.4.2. Relaciona palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.

B7.5.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto adecuado cando se expresa na súa propia lingua.

5.3.- Procedementos e instrumentos de avaliación

Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe do bloque 1:

- Observación: traballo diario, participación na clase (respostas a cuestións presentadas polo profesor, formulación de preguntas e exposición de ideas), a realización das actividades e a actitude xeral ante a materia, incluídas as normas de convivencia, etc.
- Interrogatorio: preguntas orais e escritas.
- Proba escrita.

Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe do bloque 2:

- Observación: traballo diario, participación na clase (respostas a cuestións presentadas polo profesor, formulación de preguntas e exposición de ideas), a realización das actividades e a actitude xeral ante a materia, incluídas as normas de convivencia, etc.
- Interrogatorio: preguntas orais e escritas.
- Proba escrita.

Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe do bloque 3:

- Observación: traballo diario, participación na clase (respostas a cuestións presentadas polo profesor, formulación de preguntas e exposición de ideas), a realización das actividades e a actitude xeral ante a materia, incluídas as normas de convivencia, etc.
- Interrogatorio: preguntas orais e escritas.
- Proba escrita.

Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe do bloque 4:

- Observación: traballo diario, participación na clase (respostas a cuestións presentadas polo profesor, formulación de preguntas e exposición de ideas), a realización das actividades e a actitude xeral ante a materia, incluídas as normas de convivencia, etc.
- Interrogatorio: preguntas orais e escritas.
- Proba escrita.

Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe do bloque 5:

- Observación: traballo diario, participación na clase (respostas a cuestións presentadas polo profesor, formulación de preguntas e exposición de ideas), a realización das actividades e a actitude xeral ante a materia, incluídas as normas de convivencia, etc.
- Interrogatorio: preguntas orais e escritas.
- Proba escrita.
- Solicitud de produtos: traballos monográficos.

Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe do bloque 6:

- Observación: traballo diario, participación na clase (respostas a cuestións presentadas polo profesor, formulación de preguntas e exposición de ideas), a realización das actividades e a actitude xeral ante a materia, incluídas as normas de convivencia, etc.
- Interrogatorio: preguntas orais e escritas.
- Proba escrita.

Para o estándar de aprendizaxe B6.6.1 só se empregará a observación directa.

Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe do bloque 7:

- Observación: traballo diario, participación na clase (respostas a cuestións presentadas polo profesor, formulación de preguntas e exposición de ideas), a realización das actividades e a actitude xeral ante a materia, incluídas as normas de convivencia, etc.
- Interrogatorio: preguntas orais e escritas.

- Proba escrita.

6.- Metodoloxía didáctica

O profesor terá en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades. Favorecerase a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promover o traballo en equipo, e para aplicar métodos de investigación apropiados. Así mesmo promoverase o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.

As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria nas linguas clásicas, dado o seu carácter imprescindible na educación superior e a súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

METODOLOXÍA. ACTIVIDADES DIDÁCTICAS	
Actividades de introdución	Serven para introducir o interese do alumno polo que respecta á realidade que han de aprender.
Actividades de desenvolvemento	Son as que permiten coñecer e traballar os novos contidos.
Actividades de síntese	Son aquelas que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos e favorecen o enfoque globalizador.
Actividades de reforzo e ampliación	Son as que se programan para os alumnos que non acadaron os coñecementos traballados. Son as que permiten afundar nos contidos a aqueles alumnos que realizaron correctamente as actividades de desenvolvemento.
Actividades de autoavaliación e coavaliación	Converten os alumnos en axentes do sseu proceso de ensinanza – aprendizaxe. Favorecen o traballo en equipo.

7.- Materiais e recursos didácticos

En primeiro lugar debemos sinalar o libro de texto, que para nos é fundamental, por dúas cuestións principalmente: primeiro para que manexen o formato libro e segundo porque precisan dunha gramática da lingua na que poder consultar constantemente. Por outro, non todo o alumnado ten acceso a internet na súa casa, polo que a única posibilidade para todos é o libro. Así que o libro de texto que temos fixado é Latín 1 Bachillerato da editorial Anaya. O proxecto Anaya para Bacharelato ofrece a posibilidade de empregar o seu espazo web aos alumnos onde contan co mesmo libro dixitalizado e enriquecido con recursos multimedia.

En segundo lugar na aula contaremos co dicionario latino-castelá VOX, , pois esta vai ser unha consulta, en xeral, máis ben esporádica; pero temos que instruílos no manexo dun glosario específico da lingua latina. Os alumnos farán uso tamén dos dicionarios dispoñibles na rede.

Manexarase un amplo repertorio bibliográfico, material videográfico, prensa escrita, material multimedia, mapas e todo canto poida resultar de interese e atractivo cara ós alumnos, do que temos dotación tanto no centro, como no propio departamento, ou ben do que poida adquirirse durante o curso escolar.

Por último, farase uso tamén de revistas de Historia Antiga, especialmente a revista *Historia* de National Geographic, que inclúe en cada un dos seus números artigos moi interesantes sobre a historia de Roma, ilustrados con fotografías da calidade que caracteriza a esta revista.

8.- Avaliación, cualificación e promoción do alumnado

A avaliación terá carácter continuo e será formativa e integradora.

Cada trimestre realizaranse dúas probas escritas, a primeira das cales ponderará o 40% da nota global da avaliación e a segunda o 60% .

Nas probas escritas o alumno deberá ser capaz de traducir frases ou textos latinos breves orixinais ou adaptados, identificando correctamente na frase casos, funcións sintácticas, oracións simples e compostas, coordinación e subordinación. Para traducir cómpre que o alumno domine un vocabulario básico que será aquel co que continuamente se traballe na clase.

Deberá demostrar un dominio fluído da declinación e conxugación latinas.

Terá tamén que coñecer os aspectos básicos de historia, arte, cultura e civilización romana.

As probas escritas constarán polo tanto dunha parte práctica (tradución) e dunha parte teórica (morfoloxía nominal e verbal), ademais de preguntas de léxico, en concreto helenismos. Se o profesor o considera oportuno, nalgunha proba poderanse substituír as preguntas de cultura e

civilización pola entrega dalgún traballo ou cuestionario.

Como a avaliación é continua, en cada trimestre entrarán os contidos novos e os explicados anteriormente e ao final do curso académico o alumno deberá demostrar que acadou de forma global os contidos.

Tódalas probas escritas estarán puntuadas sobre 10. Aprobarán a avaliación aqueles alumnos que, unha vez tido en conta o anterior, acaden unha puntuación mínima de 5.

O redondeo: xa que a nota numérica debe ser exacta, o redondeo realizarase seguindo os criterios que se expoñen a continuación:

- Asistencia con puntualidade a clase.
- Participación nas clases, demostrada na actitude receptiva á exposición da profesora e compañeiros.
- O traballo diario feito da casa.

O redondeo poderá ser positivo ou negativo (+/- 0.5 puntos), segundo predomine no alumno a presenza ou ausencia dos valores enumerados anteriormente.

O proceso de avaliación continua require a asistencia regular ás clases e as actividades programadas para a materia. A falta á clase de modo reiterado pode provocar a imposibilidade da aplicación correcta dos criterios xerais de avaliación e da propia avaliación continua. No caso de que se dese a circunstancia anterior segundo as directrices recollidas na normativa do centro, o profesor poderá establecer un sistema extraordinario de avaliación se o considerase conveniente consistente nunha proba escrita que se realizaría no mes de xuño.

Aqueles alumnos que cometan actos ilícitos no desenvolvemento das probas, obterán cualificación de 0 puntos, coas consecuencias que iso supón para o cálculo da nota media trimestral ou final. Está prohibido levar aos exames teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos en xeral (MP3 e similares); en caso de non cumprir este requisito, o alumno será cualificado con 0 ptos. nesa proba.

A nota final: a nota da terceira avaliación prevalece sobre as demais dado o carácter de avaliación continua pero terase en conta o traballo de todo o ano.

No caso de que a nota da terceira avaliación sexa inferior a 5, sumaranse as notas das tres avaliacións e considerárase aprobado un alumno que chegando a un 4 na última avaliación (sen ningún redondeo), suma 15 puntos ao final de curso entre as notas das tres avaliacións e entrega un traballo proposto polo profesor.

No caso de que a nota da terceira avaliación sexa inferior a 4, o resultado da nota final

será negativo polo que o alumno debe acudir á proba extraordinaria de setembro.

Programa de recuperación

Non haberá probas de recuperación propiamente ditas, debido a que, ao levar un sistema de avaliación continua onde a materia incluída nun exame non é eliminada para a seguinte proba, o exame seguinte recuperará o anterior, sempre tendo en conta a marcha xeral de cada alumno.

Para aqueles alumnos que teñan problemas en asimilar algún concepto ou ben que non poidan seguir o ritmo normal das clases, poden elaborarse follas personalizadas, onde aparezan actividades que reforcen os conceptos que foran mal asimilados.

Farase tamén un tratamento individualizado de cada caso, a fin de conseguir os obxectivos fixados.

En setembro realizarase unha proba que conteña os mínimos esixibles que aparecen na presente programación. Esta proba será puntuada sobre 10 e aprobarán aqueles alumnos que acaden un 5.

9.- Avaliación do proceso do ensino e a práctica docente.

A avaliación do proceso do ensino e a práctica docente centrarase nos seguintes aspectos:

- 1- Planificación
- 2- Motivación do alumnado
- 3-Desenvolvemento do ensino
- 4- Seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe

No que respecta á **planificación** farase unha reflexión sobre a adecuación dos contidos ás particularidades do grupo de alumnos, á planificación das clases e á coordinación co resto do profesorado que imparte clases no grupo, en especial cos membros dos departamentos que teñan contidos afíns a esta materia.

Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.		
Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
Establece os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.		

No que respecta á **motivación do alumnado** farase unha reflexión sobre a estimulación para acadar a participación activa do alumnado, a adecuación aos intereses do alumnado e a

información sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.

Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
Formula situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
Relaciona aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.		
Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.		
Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
Estimula a participación activa dos estudantes na clase.		

No que respecta ó **desenvolvemento do ensino** farase unha reflexión sobre o mantemento dunha comunicación fluída cos alumnos, a predisposición a aclarar dúbidas fóra da aula e a formulación de actividades grupais.

Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible,		

cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
Formula actividades grupais e individuais.		
Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.		

No que respecta ó **seguimento e avaliación do proceso de ensinanza aprendizaxe** farase unha reflexión sobre o axuste da programación á avaliación inicial, a autoavaliación e coavaliación e a información sobre a mellora na realización de tarefas.

Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non se		

acadaron.		
Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas.		

10.- Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

No curso 2015-2016 non hai alumnado coa materia pendente de Latín I. Se ao longo do curso se incorpora ao centro algún alumno con esta materia pendente, realizará dúas probas escritas e entregará boletíns de traballo achegados polo departamento. Seguirase o sistema de cualificación que figura no punto 8 da presente programación didáctica pero facendo dúas probas só ao longo do curso. Esas probas serán valoradas cun 40 % a primeira e un 60% a segunda, é dicir, mantense a mesma ponderación que para os alumnos que cursan Latín I no presente curso.

11.- Procedementos que lle permitan ó alumnado acreditar os coñecementos necesarios (BAC)

12.- Avaliación inicial

Dado que algúns alumnos puideron cursar a materia de Latín en 4º da ESO, é posible que haxa que traballar con distintos niveis de aprendizaxe. Por esa razón realizarase unha proba escrita ao comezo do curso para detectar os coñecementos que poidan ter sobre a lingua e a civilización latina.

12.1.- Medidas individuais ou colectivas a adoptar en función dos resultados

Á hora de formular as medidas colectivas en función dos resultados, debemos solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.

- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc..
- Saber as medidas organizativas a adoptar: situación de espazos e xestión de tempos no grupo para favorecer a intervención individual.
- Establecer conclusións sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

13.- Medidas de atención á diversidade

Nun principio entre o alumnado de Latín non hai ningún alumnado con necesidade específica de apoio educativo, de altas capacidades intelectuais ou de incorporación tardía ao sistema educativo. No caso de que ao longo do curso se incorpore algún alumno que necesite atención á diversidade tomaranse desde o departamento as medidas oportunas en colaboración co titor, os demais profesores que lle impartan clase e o Departamento de Orientación.

Intentarase favorecer a integración na aula do alumnado con necesidade específica de apoio educativo facéndolle desenvolver un papel recoñecido polo grupo para mellorar a súa autoestima.

Nos casos de alumnos cunha discapacidade física hai que buscar mecanismos de actuación para cada caso en concreto.

Ao alumnado con altas capacidades intelectuais marcaránselles obxectivos individuais máis amplos cos demais alumnos do grupo, a través de actividades de ampliación, máis complexas, que lles obrigue a realizar o esforzo necesario que lles permita valorar a consecución de resultados.

No grupo de de incorporación tardía ao sistema educativo inclúense os alumnos estranxeiros. Os problemas poden vir polas dificultades co idioma. Con eles haberá que realizar as adaptacións necesarias que favorezan a aprendizaxe da materia e, á vez, da lingua. Convén, por exemplo, que estes alumnos traballen con dicionarios das nosas linguas para que non teñan problemas de vocabulario.

Aínda que non se dea o caso de contar no grupo con alumnado con necesidade específica de apoio educativo, sempre existe a posibilidade de traballar con distintos ritmos de aprendizaxe. Un dato positivo neste caso é o baixo número de alumnos co que contamos na aula, feito que favorece o traballo en distintos niveis.

A proposta do Departamento de Latín e Grego é a seguinte:

- Contidos para unha aprendizaxe básica común , pero de maior complexidade para algúns.
- Actividades, para diferentes niveis, e oferta de distintos tempos na súa realización, así como actividades de reforzo e de ampliación.
- Ter en conta as preferencias dos alumnos para atender os seus intereses.
- Agrupamentos que possibiliten o traballo en equipo.

14.- Elementos transversais

Os elementos transversais que se traballarán ao longo do curso na materia Latín I serán os seguintes: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional.

Os alumnos desenvolverán actividades referidas a textos para traballar a comprensión lectora. Será fundamental o emprego de dicionarios de español e galego para buscar os significados das palabras que non coñezan. O fomento da lectura terá como referente o proxecto lector do centro e procurará acadar desde a materia de Latín I os seguintes obxectivos:

- A integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.

- A formación de lectores e de lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura.

- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.

Poderanse establecer itinerarios temáticos de lecturas clásicas segundo o catálogo da biblioteca do centro. Para aumentar o catálogo de obras de contido clásico dos que dispón o centro, desde o Departamento de Latín e Grego ofrecerá ao coordinador unha listaxe de obras para a súa compra. Así mesmo participarase nos clubs de lectura e cantas actividades promova o coordinador da biblioteca.

Para promover a mellora da expresión oral e escrita, entre outras actividades, a partir dunha temática de contido clásico que achegue o profesor os alumnos escribirán un conto común entre todos.

No que respecta ás tecnoloxías da información e da comunicación, incidirase na busca, selección crítica, e tratamento da información, recorrendo a fontes variadas, así como na aplicación de técnicas de síntese, coa identificación de palabras clave e coa distinción entre ideas principais e secundarias. Favorecerase a competencia dixital coa elaboración de textos e coa presentación a través de medios informáticos. Cómpre facer ver a necesidade dunha utilización crítica das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento que universaliza a información e como unha ferramenta para a comunicación do coñecemento adquirido.

A consulta das direccións que aparecen no apartado de recursos en internet contribuirán tamén a destreza dixital, proponendo exercicios para tal fin ademais do emprego do blog da materia.

Outra achega é a participación no concurso online “ODISEA”, organizado pola Delegación Galega da Sociedade Española de Estudos Clásicos.

Por outra parte, para transmitir información, empregaranse diversos medios de comunicación audiovisual.

A educación cívica e constitucional pódese considerar comentando aqueles elementos e costumes da sociedade romana que se consideran socialmente útiles ou criticando aqueloutros que evidencian comportamentos e ideas lesivas para a sociedade ou o individuo.

Os comentarios sobre a situación e evolución política e social de Roma, así como todo o referido ás etapas da historia de Roma permitiríanos tratar temas derivados da consecución dunha convivencia pacífica, ao tempo que permite reflexionar sobre as formas de goberno. Á mesma convivencia pacífica contribuirán os contidos referidos ó exercito romano.

Deste xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Serven ademais estes contidos para promover a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

Os contidos referidos ás obras públicas e urbanismo en Roma permítennos tratar os temas: educación ambiental e educación viaria.

No referente á educación ambiental ó mesmo tempo que se pretende que o alumno recoñeza e identifique no contorno próximo restos arqueolóxicos que se relacionen coa cultura clásica, promóvese o compromiso persoal para a conservación e o respecto de toda pegada do mundo clásico no ambiente natural.

Por último, a materia de Latín I permitirá afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

15.- Actividades Complementarias e extraescolares

Asistencia ás Xornadas de teatro grecolatino que tódolos anos organiza a SEEC en Lugo. Aproveitarase esa xornada visitar as pegadas da cultura romana nesa cidade.

Participación no concurso Odisea organizado pola SEEC.

Participación na II Olimpíada de Tradución de Textos Clásicos organizada pola SEEC.

Se ao longo do curso recibísemos información sobre algún acontecemento que puidera resultar interesante e educativo para os alumnos non se descarta acudir. Entre as actividades que poidan realizarse atoparíanse outras excursións, visitas a museos, proxeccións de filmes, etc.

16.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

Dado o carácter aberto e flexible da programación, farase un seguimento mensual para

detectar os obxectivos acadados e os incumpridos, así como as estratexias que deberán adoptarse para alcanzar os non conseguidos.

No seguimento da programación didáctica farase unha reflexión sobre os seguintes puntos:

Cumprimento da programación: cúmprese o temario no tempo previsto.

Cumprimento da programación: o desenvolvemento do programa axústase ás unidades didácticas

Adecuación da programación: secuencia de contidos, distribución das actividades, criterios de avaliación...

No caso de que o resultado sexa unha valoración negativa, procederase á elaboración das propostas de mellora.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA GREGO I

1.- Introducción e contextualización.....	86
2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	90
3.- Obxectivos.....	95
4.- Contidos.....	96
4.1.- Secuenciación de contidos.....	98
5.- Estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	103
5.1.- Temporalización.....	112
5.2.- Mínimos esixibles para superar a materia.....	112
5.3.- Procedementos e instrumentos de avaliación.....	115
6.- Metodoloxía didáctica.....	116
7.- Materiais e recursos didácticos.....	117
8.- Avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	118
9.- Avaliación do proceso do ensino e a práctica docente.....	120
10.- Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	123
11.- Procedementos que lle permitan ó alumnado acreditar os coñecementos necesarios (BAC) ..	124
12.- Avaliación inicial.....	124
12.1.- Medidas individuais ou colectivas a adoptar en función dos resultados.....	124
13.- Medidas de atención á diversidade.....	125
14.- Elementos transversais.....	126
15.- Actividades Complementarias e extraescolares.....	128
16.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación.....	128

1.- Introducción e contextualización

As linguas constitúen un instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. Por outra parte, as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e chegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

Un estudo integrado das linguas consegue retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. O aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas. nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

O latín e o grego, proporcionan unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Xa que logo, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

Resulta obvio que, para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. Todo isto coa finalidade de construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dándolles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfrónaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar

satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Grego na etapa de bacharelato ten como primeira finalidade introducir o alumnado no coñecemento básico da lingua grega antiga nos seus aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos, co obxecto de lle permitir acceder directamente a algúns dos textos orixinais máis importantes da tradición literaria helénica, a través dos cales chegou ata nós unha boa parte do denominado legado clásico. O estudo da lingua e a literatura grega serve, ademais, como instrumento idóneo para se iniciar nun coñecemento directo do pensamento e a cultura grega antiga, que constitúen a base da civilización occidental.

Por outra banda, a través do estudo das peculiaridades morfosintácticas do grego antigo é posible chegar a comprender máis profundamente conceptos lingüísticos que resultan esenciais para avanzar no coñecemento e o uso correcto, tanto da lingua propia como doutras lingua estudadas polo alumnado.

Partindo desta perspectiva, o estudo da materia organizouse en bloques que, con lixeiros matices, aparecen nos dous cursos. Estes bloques refírense tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, tendo en conta que ambos os aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización grega, sen as que non é posible apreciar na súa verdadeira dimensión a importancia do seu legado.

O primeiro destes bloques parte da relación entre o grego antigo e outras linguas da familia indoeuropea, para analizar o papel que estas últimas tiveron na orixe e na formación de moitas das linguas que se falan na actualidade. Para a explicación deste feito, que tradicionalmente foi presentado como un dos principais argumentos para xustificar a importancia do estudo das linguas clásicas, cómpre partir do marco xeográfico en que se desenvolve a civilización grega, marco que resulta determinante na configuración do carácter dialectal da súa lingua. Ademais, estudárase a influencia dos acontecementos históricos na evolución e no desenvolvemento das linguas literarias e na posterior converxencia dos dialectos ata chegar a constituírse a koiné e o actual idioma grego. O alumnado que estuda grego clásico aprende grego moderno con notable facilidade, nomeadamente se se estudou mediante un método natural de aprendizaxe; é dicir, a metodoloxía das linguas modernas aplicada ao estudo das linguas clásicas, que cada vez máis profesorado utiliza nas súas aulas.

Ao estudo dos aspectos netamente lingüísticos dedícanse tres bloques: o primeiro, previsto só para o primeiro curso, céntrase nalgúns elementos básicos da lingua e, moi

especialmente, no procedemento de escritura, comezando por percorrer os sistemas coñecidos para analizar despois a orixe e a evolución do alfabeto grego e a súa pronuncia e transcripción ao abecedario latino; os outros dous niveis de descrición e explicación do sistema son a morfoloxía e a sintaxe, dúas realidades inseparables que conforman e integran xuntas o aspecto gramatical. Preténdese iniciar o alumnado no concepto de flexión, facendo especial fincapé na distinción entre o procedemento temático e o atemático, estudando a estrutura interna das palabras e os elementos formais destas que serven para definir a súa relación con outras dentro da oración. A sintaxe, á súa vez, ocúpase de estudar as estruturas oracionais gregas e os elementos que definen as súas construcións máis características, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade. O fin último vai ser analizar e comprender os propios textos, aos que se dedica outro dos bloques de contidos previstos nos dous cursos, sempre de dificultade progresiva e adaptados aos contidos que o alumnado manexe en cada momento.

Pero como os textos non están carentes de contido, ou iso é o desexable, preténdese deste xeito facer fincapé na necesidade de estudar desde o primeiro momento a lingua no seu contexto real, como mecanismo de expresión intelectual e estética no que se exemplifican os contidos lingüísticos estudados. A lingua e a cultura constitúen dúas realidades inseparables e complementarias para afondar no coñecemento da civilización grega que, á fin e ao cabo, constitúe a cerna da nosa.

O bloque dedicado ao estudo desta civilización ten como obxecto identificar non só os fitos máis importantes da súa historia senón tamén os aspectos propios da súa organización política e social e da súa identidade cultural, visibles nos papeis familiares, nos traballos, nos avances científicos e técnicos, nas festas e os espectáculos e, sobre todo, nas manifestacións relixiosas. Dentro destas merece especial atención o estudo da mitoloxía, pois a súa influencia resulta decisiva para a configuración do imaxinario occidental. Preténdese tamén iniciar o alumnado no coñecemento dalgunhas das manifestacións artísticas máis significativas do mundo antigo, entre as que destacan, por unha banda, as relativas ás artes plásticas e máis concretamente a escultura e a arquitectura, e, pola outra, ás literarias. Procurouse neste bloque establecer sempre unha valoración desde o punto de vista do mundo contemporáneo, unha comparación coa situación actual que enriqueza a nosa identidade.

Para rematar, dedícase un bloque ao estudo do léxico, entendendo que este resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Dentro deste ámbito préstase especial atención á etimoloxía, non só porque esta serve para pór de manifesto o mantemento das raíces grecolatinas nas linguas modernas senón, ademais, porque contribúe a que o alumnado adquira unha mellor comprensión da súa propia lingua, axudándolle a precisar o significado de

termos coñecidos ou a descubrir outros que non utilizara anteriormente, e incorporándoos así, pouco a pouco, ao seu vocabulario.

O estudo das linguas clásicas, e do grego en particular, constitúe un instrumento fundamental para favorecer o discurso e, por tanto, a estruturación do pensamento do alumnado, o desenvolvemento da lóxica lingüística e a disciplina mental que se manteñen no tempo aínda que se esquezan os contidos concretos.

Por último, cómpre lembrar que nesta nosa sociedade que vive por e para o utilitarismo e o inmediato será imprescindible facer unha reflexión sobre o valor do que é realmente importante para que o noso alumnado adopte unha visión crítica da sociedade que o rodea. Os coñecementos adquiridos nas aulas que nun principio poden parecer carentes de utilidade práctica resultan verdadeiramente importantes cando capacitan a persoa para adoptar criterios que lle permitan discernir entre o xusto e o inxusto, o relevante e o accesorio, entre o καλόν e o κακόν.

A presente programación didáctica da materia de Grego I está elaborada para ser impartida no IES Maximino Romero de Lema a un grupo moi reducido de alumnos, en concreto 6, que cursan o itinerario de Humanidades na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais en 1º de Bacharelato. Ubicado no concello de Zas (A Coruña), o IES Maximino Romero de Lema é un centro de ensino duns 215 alumnos e está situado nun contorno rural, na zona central da Costa da Morte. Zas é un concello eminentemente agrícola e gandeiro, aínda que hai unha poboación dedicada á industria, ó comercio e á hostalaría, concentrada sobre todo en Baio, lugar onde se ubica o centro.

2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Comunicación lingüística (CCL)

A comunicación lingüística é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Grego, xa que o estudo da lingua, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos ha redundar sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias.

O labor de análise morfosintáctica e tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender.

A nosa materia achega ao desenvolvemento desta competencia, entre outras contribucións:

- Acceso a textos literarios traducidos como fonte de aprendizaxe e goce.
- Comprensión do compoñente lingüístico da propia lingua e de linguas estranxeiras.
- Comprensión e expresión correcta de textos diversos que permiten unha mellor interacción social.
- Contextualización do acto comunicativo nas súas diferentes modalidades.
- Desenvolvemento de distintos rexistros lingüísticos e a súa correcta aplicación.
- Desenvolvemento da capacidade crítica ante a mensaxe e o seu contido.
- Facilitade para a aprendizaxe de linguas estranxeiras e a comunicación oral e escrita nas mesmas.
- Fomento da capacidade creativa lingüística.
- Mellora na comprensión e emisión de mensaxes orais e escritas.
- Mellora na motivación da aprendizaxe a partir da mellora na comprensión e expresión lingüística.
- Preparación para un mellor acceso a diferentes culturas e, en consecuencia, a unha mellor comprensión da diversidade cultural do mundo actual.
- Preparación para un mellor acceso ao coñecemento mediante a lectura de textos orixinais.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden traballarse nos temas de cultura e civilización, e nas epígrafes referidas á localización xeográfica e temporal.

A contribución da materia de Grego a esta competencia céntrase en especial en desenvolver aspectos esenciais da formación dos alumnos, como son:

- Desenvolvemento da capacidade crítica e análise razoada de problemas e situacións.
- Capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir e interpretar fenómenos, feitos e situacións en distintos contextos.
- Desenvolvemento de destrezas para a emisión de xuízos razoables e argumentados fundados nos datos que se manexan.
- Fomento de valores relacionados co rigor argumental, a veracidade e a responsabilidade dos xuízos e as conclusións emitidos.

- Desenvolvemento de aspectos de cuantificación de obxectos, relacións e situacións.
- Análise de espazo e forma mediante a interpretación de patróns, elaboración e lectura de mapas, interpretación de obxectos, etc.
- Interpretación de relacións temporais de obxectos e circunstancias.
- Desenvolvemento do pensamento científico mediante a aplicación de métodos propios da disciplina.
- Promoción da investigación científica e achegamento aos métodos que lle son propios.
- Desenvolvemento de xuízos críticos sobre o desenvolvemento científico e tecnolóxico ao longo da historia.
- Fomento de destrezas no uso das tecnoloxías.
- Capacidade de transmisión adecuada dos coñecementos mediante o uso correcto da linguaxe propia da materia.

Competencia dixital (CD)

A competencia dixital deberá estar presente en todo momento; a procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo profesorado, deberán servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais, e pólos ao dispor da comunidade educativa.

A utilización das tecnoloxías dixitais na materia tradúcese nunha contribución clara ao desenvolvemento desta competencia:

- Coñecemento e emprego das principais aplicacións informáticas relacionadas co acceso á información, a súa elaboración e emprego para a comunicación, así como a creación de contidos.
- Fomento do traballo colaborativo.
- Localización de información mediante motores de procura.
- Análise e interpretación crítica da información obtida mediante as tecnoloxías dixitais.
- Capacidade de transformación da información obtida de fontes dixitais e o seu almacenamento en formatos correctos.
- Creación de contidos en distintos formatos (imaxe, texto, audio, etc.).
- Acceso e contribución ao coñecemento de dominio.

- Presentación de contidos en formatos dixitais e correcta elección da aplicación máis adecuada en función do contido e o receptor da mensaxe.

Aprender a aprender (CAA)

A materia de grego debe contribuír ao desenvolvemento desta competencia potenciando nos alumnos a capacidade de iniciar, organizar e manterse na aprendizaxe; e iso conséguese motivando o alumno na curiosidade pola materia, de modo que se sinta protagonista da súa aprendizaxe pero tendo tamén en conta a súa capacidade para traballar en equipo.

A materia de Grego debe contribuír de forma especial ao desenvolvemento desta competencia, potenciando nos alumnos a capacidade de iniciar, organizar e manterse na aprendizaxe; e iso conséguese motivando ao alumno na curiosidade pola materia, de modo que el mesmo senta protagonista da súa aprendizaxe:

- Motivación por aprender.
- Organización e xestión da propia aprendizaxe.
- Coñecemento e autonomía no propio proceso de aprendizaxe.
- Xestión de tarefas: estratexias de planificación, elaboración, supervisión e resultados.
- Capacidade de aprendizaxe en grupo.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

As competencias sociais e cívicas poden traballarse nomeadamente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo grego, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

O traballo e o coñecemento da propia evolución da sociedade grega antiga supoñen unha contribución excelente ao desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, máxime nunha sociedade como a actual, tan dinámica e complexa. E iso é así dada a diversidade de situacións e relacións que o estudo da sociedade e a historia de Grecia ofrece ao alumno. Desta forma, ese estudo e coñecemento contribuirá ao desenvolvemento desta competencia do seguinte modo:

- Capacidade para interpretar situacións e fenómenos sociais.
- Desenvolvemento de actitudes de respecto nas relacións sociais desde o coñecemento da súa diversidade histórica.
- Análise de situacións para a resolución de conflitos.

- Afianzamento de valores democráticos e de participación na sociedade.
- Contribución á mellora das institucións desde o coñecemento da súa historia.
- Conciencia de participación na sociedade actual desde o coñecemento da historia da organización do traballo e das relacións laborais.
- Desenvolvemento de actitudes pola igualdade e a non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais, desde o estudo da súa evolución histórica.
- Comprensión da realidade socioeconómica e de identidade cultural das sociedades actuais desde unha perspectiva histórica e cultural.
- Aprendizaxe crítica de conceptos como cidadanía, Estado, democracia, xustiza e igualdade.
- Respecto reflexivo e crítico ante as diferenzas existentes entre diferentes sistemas de valores.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

A competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor estará presente sobre todo no bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

Á esta competencia contribúe a materia de Grego mediante:

- Capacidade para pensar de forma creativa.
- Recoñecemento de actitudes emprendedoras en personaxes históricos.
- Fortalezas e debilidades de diferentes feitos históricos estudados (xestión de recursos, funcionamento de grupos humanos, valores, etc.).
- Capacidade de análise, planificación, organización e xestión de tarefas.
- Comunicación e presentación de proxectos.
- Capacidade de traballo individual e en grupo.
- Capacidade de autoavaliación.
- Desenvolvemento do criterio propio e autonomía na xestión da aprendizaxe para alcanzar os obxectivos planificados polo alumno.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A competencia en conciencia e expresión cultural, ademais de no estudo da literatura grega, está moi presente nos contidos referidos ás artes plásticas, ás festas e os espectáculos, e ás

manifestacións relixiosas, entre as que tamén se contan os xogos deportivos. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos e estilos artísticos, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contorno, ben sexa nas páxinas dun libro ou ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

O coñecemento e o achegamento á sociedade, á cultura, á mitoloxía e á arte grega antiga contribúen de maneira especial ao desenvolvemento desta competencia:

- Coñecemento do legado cultural e artístico da Grecia antiga.
- Aprecio e valoración crítica das diferentes manifestacións culturais e artísticas.
- Análise do legado cultural e artístico da Grecia antiga como fundamento de cultura occidental.
- Contribución á capacidade de comprensión e expresión artística do alumno.
- Desenvolvemento do interese polas manifestacións culturais e artísticas.
- Coñecemento de autores, obras, xéneros e estilos das diversas manifestacións artísticas gregas e o seu influxo nas manifestacións culturais e artísticas ao longo da historia ata a cultura e a arte contemporáneo.
- Desenvolvemento de valores relativos á conservación do patrimonio e aprecio pola herdanza cultural e artística.

3.- Obxectivos

A materia GREGO I contribúe a acadar os seguintes obxectivos do bacharelato:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

4.- Contidos

Bloque 1. Lingua grega.

B1.1. Marco xeográfico da lingua grega.

B1.2. Familias lingüísticas. O indoeuropeo.

B1.3. Historia da lingua grega: desde o micénico ata o grego moderno.

B1.4. Variedades dialectais.

Cos contidos do bloque 1 contribúese a acadar os obxectivos a, d, g, h, n.

Bloque 2. Sistema de lingua grega: elementos básicos.

B2.1. Orixe da escritura. Sistemas de escritura.

B2.2. Orixe e evolución do alfabeto grego.

- B2.3. Caracteres do alfabeto grego.
- B2.4. Clasificación dos fonemas: pronuncia.
- B2.5. Transcrición de termos dos caracteres gregos.
- B2.6. Signos diacríticos e de puntuación.

Cos contidos do bloque 2 contribúese a acadar os obxectivos a, d, e, f, g, h.

Bloque 3. Morfoloxía.

- B3.1. O grego, lingua flexiva. Tipos de palabras: variables e invariables.
- B3.2. Formantes das palabras.
- B3.3. Concepto de declinación: declinacións gregas. Enunciado e paradigmas.
- B3.4. Flexión nominal e pronominal.
- B3.5. Sistema verbal grego. Verbos temáticos e atemáticos.
- B3.6. Formas verbais persoais e non persoais.

Cos contidos do bloque 3 contribúese a acadar os obxectivos d, e, f, i.

Bloque 4. Sintaxe.

- B4.1. Casos gregos.
- B4.2. Concordancia.
- B4.3. Elementos da oración.
- B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.
- B4.5. Oracións compostas.
- B4.6. Construcións de infinitivo.
- B4.7. Construcións de participio.
- B4.8. Análise e tradución de frases e textos.

Cos contidos do bloque 4 contribúese a acadar os obxectivos d, e, f, g, h, i.

Bloque 5. Grecia: historia, cultura, arte e civilización.

- B5.1. Períodos da historia de Grecia.
- B5.2. Organización política e social de Grecia.
- B5.3. A familia.
- B5.4. Traballo e lecer: oficios, ciencia e técnica. Festas e espectáculos.

B5.5. Mitoloxía e relixión.

Cos contidos do bloque 5 contribúese a acadar os obxectivos a, b, c, g, h, l, m, n, ñ.

Bloque 6. Textos.

B6.1. Iniciación ás técnicas de tradución.

B6.2. Iniciación ás técnicas de retroversión e comentario de textos.

B6.3. Análise morfolóxica e sintáctica. Comparación de estruturas gregas coas da lingua propia.

B6.4. Lectura comprensiva de textos traducidos.

B6.5. Lectura comparada e comentario de textos en lingua grega e na lingua propia.

B6.6. Produción de textos propios breves en lingua grega.

Cos contidos do bloque 6 contribúese a acadar os obxectivos d, e, f, g, i.

Bloque 7. Léxico.

B7.1. Vocabulario básico grego: léxico de uso frecuente e principais sufixos e prefixos.

B7.2. Descomposición de palabras nos seus formantes.

B7.3. Helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e o seu mantemento: termos patrimoniais, cultismos e neoloxismos.

B7.4. Identificación de lexemas, sufixos e prefixos helénicos usados na lingua propia.

B7.5. Familias etimolóxicas e semánticas.

Cos contidos do bloque 7 contribúese a acadar os obxectivos e, f.

4.1.- Secuenciación de contidos

Unidade 1: A lingua grega.

- Marco xeográfico da lingua grega.
- Familias lingüísticas. O indoeuropeo.
- Historia da lingua grega.
- Oríxenes da escritura. Sistemas de escritura.
- O alfabeto.
- Signos de acentuación e puntuación.
- Clasificación dos fonemas.
- Transcrición.

Unidade 2: Historia de Grecia.

- Etapas da historia de Grecia.
- O grego, lingua flexiva.
- Tipos de palabras.
- Concepto de declinación: declinacións gregas.
- Valor e uso dos casos (I).
- O artigo.
- Os temas en -a (1ª declinación).
- Os temas en -o (2ª declinación).
- Presente de indicativo activo de εἰμί e λύω
- Composición e derivación.
- Helenismos.

Unidade 3: Organización política.

- Sistemas políticos da antiga Grecia.
- O adxectivo (primeira clase)
- A concordancia nominal.
- Os pronomes (I): demostrativos.
- A oración simple: tipos.
- As preposicións (I)
- Futuro de indicativo activo: λύω
- O aumento
- Imperfecto de indicativo activo: εἰμί e λύω
- Aoristo de indicativo activo: λύω
- A reduplicación.
- Perfecto e pluscuamperfecto de indicativo activo: λύω
- As oracións coordinadas.
- Composición e derivación.
- Helenismos.

Unidade 4: A sociedade.

- A sociedade grega.
- Os pronomes (II): persoais e αὐτός
- Valor e uso dos casos (II): dobre acusativo , dativo posesivo.
- As preposicións (II)
- O infinitivo (I): infinitivo de presente activo. O infinitivo concertado.
- Textos gregos.
- Composición e derivación.
- Helenismos.

Unidade 5: O traballo.

- O traballo: oficios, ciencia e técnica.
- Terceira declinación (I): temas en oclusiva.
- Os pronomes (III): posesivos, o pronome relativo.
- As oracións de relativo.
- A voz media e a voz pasiva.
- Desinencias medio-pasivas.
- Sintaxe da voz pasiva: o complemento axente.
- Textos gregos.
- Composición e derivación.
- Helenismos.

Unidade 6: O lecer.

- Festas e espectáculos.
- Terceira declinación (II): Temas en líquida e nasal.
- Os pronomes (IV): indefinidos, interrogativos e numerais.
- Valor e uso dos casos (III): o xenitivo partitivo.
- As preposicións (III)
- O infinitivo (II): infinitivo de presente medio-pasivo.
- Sintaxe do infinitivo.

- Textos gregos.
- Composición e derivación.
- Helenismos.

Unidade 7: A familia.

- A familia.
- Terceira declinación (III): Temas en -nt.
- Os adxectivos (II): adxectivos irregulares: πολὺς e μέγας
- Os graos do adxectivo: comparativos e superlativos.
- O participio (I): participio de presente.
- Uso nominal do participio.
- Uso verbal: o participio concertado.
- Textos gregos.
- Composición e derivación.
- Helenismos.

Unidade 8: A muller

- O papel da muller en Grecia.
- Terceira declinación (IV): temas en silbante.
- Valor e uso dos casos (IV): a extensión do tempo e do espazo, o acusativo de relación.
- Os modos verbais: subxuntivo, optativo e imperativo.
- O infinitivo (III): a construción persoal.
- Textos gregos.
- Composición e derivación.
- Helenismos.

Unidade 9: Mitoloxía.

- Deuses, mitos e heroes gregos.
- Terceira declinación (V): temas en vogal e en ditongo.
- Os adxectivos (III): esquema xeral.
- As conxuncións coordinadas.

- Os verbos contractos.
- Textos gregos.
- Composición e derivación.
- Helenismos.

Unidade 10: Relixión.

- Características da relixión grega.
- Aspectos relixiosos dos certames deportivos.
- Cadro xeral da 3ª declinación.
- Uso do artigo.
- O participio (II): uso verbal.
- Nexos subordinantes.
- Textos gregos.
- Composición e derivación.
- Helenismos.

5.- Estándares de aprendizaxe avaliáveis

Grego I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Lingua grega				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Marco xeográfico da lingua grega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua grega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico en que ten lugar o nacemento da lingua grega e a súa expansión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Familias lingüísticas. O indoeuropeo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Explicar a orixe da lingua grega a partir do indoeuropeo e coñecer os principais grupos lingüísticos que compoñen a familia das linguas indoeuropeas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B1.2.1. Explica a orixe da lingua grega e a relación coas outras linguas da familia indoeuropea. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B1.2.2. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Familias lingüísticas. O indoeuropeo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Entender o concepto de familia lingüística e de indoeuropeo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B1.3.1. Explica o concepto de familia lingüística. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B1.3.2. Define o concepto de indoeuropeo e explica o proceso de creación do termo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Familias lingüísticas. O indoeuropeo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B1.4.1. Establece a filiación das linguas de Europa delimitando nun mapa a zona de orixe e zonas de expansión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ h ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Historia da lingua grega: desde o micénico ata o grego moderno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Coñecer as etapas da historia da lingua grega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B1.5.1. Coñece as etapas da evolución da lingua grega, desde o micénico ata o grego moderno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ h ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Historia da lingua grega: desde o micénico ata o grego moderno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Identificar exemplos de escritura micénica e alfabética. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B1.6.1. Identifica a escritura Lineal B como un silabario, e a evolución dos caracteres do alfabeto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ h ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Historia da lingua grega: desde o micénico ata o grego moderno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Recoñecer a evolución da lingua grega ata chegar ao momento actual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B1.7.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Variedades dialectais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Recoñecer a división dialectal da lingua grega e identificar a súa expansión xeográfica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B1.8.1. Sitúa nun mapa as diversas variedades dialectais da lingua grega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC

Grego I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 2. Sistema de lingua grega: elementos básicos				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Orixe da escritura. Sistemas de escritura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura segundo a súa orixe e tipoloxía e describindo os trazos que distinguen a uns doutros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Orixe e evolución do alfabeto grego. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto grego, a súa influencia e a súa relación con outros sistemas de escritura usados na actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto grego e describe a evolución dos seus signos a partir da adaptación dos signos do alfabeto fenicio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B2.2.2. Explica a orixe e a evolución dos sistemas de escritura de diferentes linguas, partindo do alfabeto grego, e sinala as adaptacións que se producen en cada unha delas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Caracteres do alfabeto grego. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Coñecer os caracteres do alfabeto grego na súa forma minúscula e maiúscula, escribílos e lelos coa pronuncia correcta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B2.3.1. Identifica e nomea correctamente os caracteres que forman o alfabeto grego, na súa forma minúscula e maiúscula, e escribeos e leos correctamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Clasificación dos fonemas: pronuncia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Recoñecer o cadro clasificatorio dos fonemas da lingua grega xunto coa súa pronuncia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B2.4.1. Sitúa todos os fonemas da lingua grega no cadro clasificatorio dos fonemas e sabe describílos desde o punto e o modo de articulación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Transcrición de termos dos caracteres gregos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Coñecer e aplicar as normas de transcrición para transcribir termos gregos ao abecedario galego e castelán. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B2.5.1. Coñece as normas de transcrición e aplícaaas con corrección na transcrición de termos gregos ao galego e ao castelán. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Signos diacríticos e de puntuación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Coñecer os acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación, o seu valor e a súa colocación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B2.6.1. Coñece o valor e colocación dos acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
Bloque 3. Morfoloxía				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. O grego, lingua flexiva. Tipos de palabras: variables e invariables. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Coñecer o concepto de flexión lingüística. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B3.1.1. Distingue unha lingua flexiva doutra non flexiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

Grego I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. O grego, lingua flexiva. Tipos de palabras: variables e invariables. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Distinguir e clasificar as categorías de palabras a partir do seu enunciado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica as características que permiten identificarlas e define criterios para clasificalas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Formantes das palabras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B3.3.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e buscando exemplos doutros termos nos que estean presentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Concepto de declinación: declinacións gregas. Enunciado e paradigmas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Comprender o concepto de declinación/flexión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B3.4.1. Enuncia correctamente diversos tipos de palabras en grego, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoo segundo a súa categoría e declinación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Flexión nominal e pronominal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa declinación, declinalas correctamente, e analizar e traducir formas nominais e pronominais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B3.5.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B3.5.2. Analiza desde o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes e sintagmas de concordancia, e tradúceos correctamente ao galego e/ou ao castelán. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Sistema verbal grego. Verbos temáticos e atemáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Conxugar correctamente as formas verbais estudadas, analizalas morfoloxicamente e traducilas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B3.6.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, e explica e ilustra con exemplos as características que diferencian os conceptos de conxugación e declinación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B3.6.2. Clasifica verbos segundo o seu tema, e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B3.6.3. Explica o uso dos temas verbais gregos e identifica correctamente as formas derivadas de cada un deles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B3.6.4. Conxuga os tempos verbais en voz activa e medio pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

Grego I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B3.6.5. Analiza morfoloxicamente e traduce ao galego e/ou ao castelán diferentes formas verbais gregas, e compara o seu uso en ambas as linguas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B3.6.6. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os for- mantes que expresan este accidente verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Formas verbais persoais e non persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Diferenciar entre formas persoais e non per- soais do verbo e recoñecer as categorías gramati- cais presentes en cada unha delas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B3.7.1. Distingue formas persoais e non perso- ais dos verbos, explica os trazos que permiten iden- tificarlas e define criterios para as clasificar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
Bloque 4. Sintaxe				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f ▪ h ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Casos gregos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos sinxelos identificando correctamente as categorías gramaticais ás que pertencen as dife- rentes palabras e explicando as funcións que reali- zan no contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f ▪ h ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Casos gregos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Coñecer e identificar os nomes dos casos gregos e as súas funcións na oración, e saber tra- ducir adecuadamente os casos á lingua materna. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal grega, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma adecuada de traducilos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Concordancia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Coñecer o concepto de concordancia tanto nominal (caso, xénero e número) como verbal (número e persoa). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B4.3.1. Coñece e aplica a concordancia entre nomes e determinantes nominais, así como entre verbos e suxeitos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Elementos da oración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Recoñecer os elementos da oración: suxeito, predicado, atributo, complementos, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B4.4.1. Analiza correctamente casos e funcións para poder recoñecer cada elemento da oración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predica- tivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B4.5.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Oracións compostas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Distinguir as oracións simples das compostas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B4.6.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións compostas, diferénciaas con precisión das 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

Grego I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			oracións simples e explica en cada caso as súas características.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Construcións de infinitivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. Coñecer as funcións das formas de infinitivo nas oracións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B4.7.1. Identifica as funcións das formas de infinitivo dentro da oración, comparando exemplos do seu uso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Construcións de infinitivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.8. Identificar as construcións de infinitivo concertado e non concertado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B4.8.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. Construcións de participio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.9. Coñecer as funcións das formas de participio nas oracións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B4.9.1. Identifica as funcións das formas de participio dentro da oración, comparando exemplos do seu uso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. Construcións de participio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.10. Identificar as construcións de participio concertado e non concertado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B4.10.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f ▪ g ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.8. Análise e tradución de frases e textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.11. Coñecer, comprender e utilizar os elementos morfolóxicos da lingua grega, e iniciarse na interpretación e na tradución de textos de dificultade progresiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B4.11.1. Identifica e relaciona elementos morfolóxicos da lingua grega para realizar a análise e a tradución de textos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ f ▪ g ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.8. Análise e tradución de frases e textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.12. Identificar e relacionar elementos sintácticos da lingua grega que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B4.12.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e/ou en castelán. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
Bloque 5. Grecia: historia, cultura, arte e civilización				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Períodos da historia de Grecia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Coñecer os feitos históricos dos períodos da historia de Grecia, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B5.1.1. Describe o marco histórico no que xorde e se desenvolve a civilización grega, sinalando distintos períodos dentro del e identificando en cada un as conexións máis importantes con outras civilizacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSC ▪ CCEC

Grego I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B5.1.2. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos relevantes, consultando ou non fontes de información. ▪ GR1B5.1.3. Distingue as etapas da historia de Grecia, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. ▪ GR1B5.1.4. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CCEC ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Organización política e social de Grecia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Coñecer e comparar as principais formas de organización política e social da antiga Grecia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B5.2.1. Describe os principais sistemas políticos da antiga Grecia e compáraos entre eles, establecendo semellanzas e diferenzas, e cos actuais. ▪ GR1B5.2.2. Describe a organización da sociedade grega, explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relaciona estes aspectos cos valores cívicos da época e compáraos cos actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. A familia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, analizando a través deles estereotipos culturais da época e comparándoos cos actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Traballo e lecer: oficios, ciencia e técnica. Festas e espectáculos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Identificar as principais formas de traballo e de lecer da antigüidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B5.4.1. Identifica e describe formas de traballo e relaciónas cos coñecementos científicos e técnicos da época, explicando a súa influencia no progreso da cultura occidental. ▪ GR1B5.4.2. Describe as principais formas de lecer da sociedade grega e analiza a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Mitoloxía e relixión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Coñecer os principais deuses da mitoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B5.5.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mi- 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC

Grego I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ ñ			toloxía grecolatina, e sinalar os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia.	
▪ c ▪ h ▪ ñ	▪ B5.5. Mitoloxía e relixión.	▪ B5.6. Coñecer os deuses, os mitos e os heroes gregos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B5.6.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian. ▪ GR1B5.6.2. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos os tratamentos, asociándoos a outras características culturais propias de cada época. ▪ GR1B5.6.3. Recoñece referencias mitolóxicas directas ou indirectas en diferentes manifestacións artísticas, e describe, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCEC ▪ CCEC
▪ c ▪ h ▪ ñ	▪ B5.5. Mitoloxía e relixión.	▪ B5.7. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e relixión grega coas actuais.	▪ GR1B5.7.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, póndoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.	▪ CCEC
▪ c ▪ h ▪ ñ	▪ B5.5. Mitoloxía e relixión.	▪ B5.8. Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.	▪ GR1B5.8.1. Describe e analiza os aspectos relixiosos e culturais que sustentan os certames deportivos da antiga Grecia e a presenza ou ausencia destes nos seus correlatos actuais.	▪ CCEC
Bloque 6. Textos				
▪ e ▪ f ▪ g ▪ i	▪ B6.1. Iniciación ás técnicas de tradución.	▪ B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua grega para a interpretación e a tradución coherente de frases ou textos de dificultade progresiva.	▪ GR1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución.	▪ CCL
▪ e	▪ B6.1. Iniciación ás técnicas de tradución.	▪ B6.2. Utilizar con corrección manuais e dicionarios,	▪ GR1B6.2.1. Utiliza correctamente o dicionario para	▪ CCL

Grego I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ g ▪ i 		e reconecer e analizar toda a información que proporcionan.	localizar o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B6.2.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global. 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f ▪ g ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Iniciación ás técnicas de retroversión e comentario de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Coñecer e aplicar os coñecementos adquiridos para a retroversión de frases ou textos de dificultade progresiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B6.3.1. Traduce do grego ao galego e/ou ao castelán frases e textos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f ▪ g ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Iniciación ás técnicas de retroversión e comentario de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Comentar desde o punto de vista lingüístico e literario os textos propostos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B6.4.1. Utiliza os coñecementos adquiridos para facer comentarios dos textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Análise morfolóxica e sintáctica. Comparación de estruturas gregas coas da lingua propia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. Comparar as estruturas gregas coas da lingua propia, e establecer semellanzas e diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B6.5.1. Compara estruturas gregas coas da lingua propia, e establece semellanzas e diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Lectura comprensiva de textos traducidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.6. Realizar, a través dunha lectura comprensiva, análise e comentario do contido e da estrutura de textos gregos orixinais, adaptados ou traducidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B6.6.1. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. Lectura comparada e comentario de textos en lingua grega e na lingua propia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.7. Realizar pequenos coloquios en grego con frases sinxelas e de dificultade progresiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B6.7.1. Mantén un sinxelo diálogo en grego sobre a base dun tema previamente acordado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.6. Produción de textos propios breves en lingua grega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.8. Redactar pequenos textos en lingua grega de produción propia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B6.8.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en grego sobre un tema proposto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
Bloque 7. Léxico				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Vocabulario básico grego: léxico de uso frecuente e principais prefixos e sufixos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego: as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B7.1.1. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir de palabras da súa propia lingua ou do contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ GR1B7.1.2. Identifica e explica as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos, e tra- 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

Grego I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			dúceos á propia lingua.	
			<ul style="list-style-type: none"> GR1B7.1.3. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinala e diferencia lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
<ul style="list-style-type: none"> e f 	<ul style="list-style-type: none"> B7.2. Descomposición de palabras nos seus formantes. 	<ul style="list-style-type: none"> B7.2. Descompor unha palabra nos seus formantes, e coñecer o seu significado en grego para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia. 	<ul style="list-style-type: none"> GR1B7.2.1. Descompón os formantes das palabras e reconece o significado dos elementos de orixe grega. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
<ul style="list-style-type: none"> e f 	<ul style="list-style-type: none"> B7.3. Helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e o seu mantemento: termos patrimoniais, cultismos e neoloxismos. 	<ul style="list-style-type: none"> B7.3. Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e remontalos aos étimos gregos orixinais. 	<ul style="list-style-type: none"> GR1B7.3.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e explica o seu significado remitíndose aos étimos gregos orixinais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
<ul style="list-style-type: none"> e f 	<ul style="list-style-type: none"> B7.4. Identificación de lexemas, sufixos e prefixos helénicos usados na lingua propia. 	<ul style="list-style-type: none"> B7.4. Identificar e coñecer os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego (derivación e composición) para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> GR1B7.3.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado das palabras de léxico común da lingua propia. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
<ul style="list-style-type: none"> e f 	<ul style="list-style-type: none"> B7.5. Familias etimolóxicas e semánticas. 	<ul style="list-style-type: none"> B7.5. Relacionar palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica. 	<ul style="list-style-type: none"> GR1B7.5.1. Relaciona distintas palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL

5.1.- Temporalización

Temporalización dos estándares de aprendizaxe do bloque 1: 5 sesións lectivas

Temporalización dos estándares de aprendizaxe do bloque 2: 4 sesións lectivas

Temporalización dos estándares de aprendizaxe do bloque 3: 24 sesións lectivas

Temporalización dos estándares de aprendizaxe do bloque 4: 24 sesións lectivas

Temporalización dos estándares de aprendizaxe do bloque 5: 30 sesións lectivas

Temporalización dos estándares de aprendizaxe do bloque 6: 28 sesións lectivas

Temporalización dos estándares de aprendizaxe do bloque 7: 13 sesións lectivas

5.2.- Mínimos esixibles para superar a materia

Bloque 1. Lingua grega.

B1.1.1. Localiza o marco xeográfico da lingua grega e a súa expansión.

B1.2.1. Explica a orixe da lingua grega e a relación coas outras linguas da familia indoeuropea.

B1.2.2. Enumera as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas.

B1.3.1. Explica o concepto de familia lingüística.

B1.3.2. Defíne o concepto de indoeuropeo.

B1.4.1. Establece a filiación das linguas de Europa .

B1.5.1. Coñece as principais etapas da evolución da lingua grega.

B1.6.1. Identifica a escritura Lineal B.

B1.7.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas.

B1.8.1. Coñece as variedades dialectais da lingua grega máis importantes.

Bloque 2. Sistema de lingua grega: elementos básicos.

B2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura .

B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto grego.

B2.2.2. Explica *grosso modo* a orixe e a evolución dos sistemas de escritura de diferentes linguas.

B2.3.1. Identifica e nomea os caracteres que forman o alfabeto grego e escríbeos e leos correctamente .

B2.4.1. Describe os fonemas da lingua grega.

B2.5.1. Aplica as normas de transcrición.

B2.6.1. Coñece a colocación dos acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación.

Bloque 3. Morfoloxía.

B3.1.1. Distingue unha lingua flexiva.

- B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables.
- B3.3.1. Identifica en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e afixos.
- B3.4.1. Enuncia palabras en grego.
- B3.5.1. Declina palabras e sintagmas correctamente.
- B3.5.2. Analiza desde o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos e determinantes.
- B3.6.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras de distintas categorías.
- B3.6.2. Clasifica verbos segundo o seu tema.
- B3.6.3. Explica o uso dos temas verbais gregos.
- B3.6.4. Conxuga os tempos verbais en voz activa e medio pasiva.
- B3.6.5. Analiza morfoloxicamente e traduce ao galego e/ou ao castelán diferentes formas verbais gregas.
- B3.6.6. Cambia de voz as formas verbais.
- B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos.

Bloque 4. Sintaxe.

- B4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos sinxelos.
- B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal grega e explica as súas funcións dentro da oración .
- B4.3.1. Aplica a concordancia entre nomes e determinantes nominais, así como entre verbos e suxeitos.
- B4.4.1. Analiza correctamente casos e funcións .
- B4.5.1. Clasifica diferentes tipos de oracións simples.
- B4.6.1. Clasifica diferentes tipos de oracións compostas e diferéncias das oracións simples .
- B4.7.1. Identifica as funcións das formas de infinitivo dentro da oración.
- B4.8.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo concertado e non concertado.
- B4.9.1. Identifica as funcións das formas de participio dentro da oración.
- B4.10.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio concertado e non concertado.
- B4.11.1. Identifica elementos morfolóxicos da lingua grega para realizar a análise de textos sinxelos.
- B4.12.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega.

Bloque 5. Grecia: historia, cultura, arte e civilización.

- B5.1.1. Describe o marco histórico no que xorde e se desenvolve a civilización grega.
- B5.1.2. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos relevantes,

consultando fontes de información.

B5.1.3. Distingue as etapas da historia de Grecia.

B5.1.4. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente.

B5.2.1. Describe os principais sistemas políticos da antiga Grecia.

B5.2.2. Describe a organización da sociedade grega e explica as características das clases sociais.

B5.3.1. Identifica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros.

B5.4.1. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época.

B5.4.2. Describe as principais formas de lecer da sociedade grega.

B5.5.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses da mitoloxía grecolatina, e sinalar os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia.

B5.6.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.

B5.6.2. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura.

B5.6.3. Recoñece referencias mitolóxicas directas ou indirectas en diferentes manifestacións artísticas.

B5.7.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega.

B5.8.1. Describe os aspectos relixiosos e culturais que sustentan os certames deportivos da antiga Grecia .

Bloque 6. Textos.

B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución.

B6.2.1. Utiliza o dicionario para localizar o significado de palabras que entrañen dificultade.

B6.2.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.

B6.3.1. Traduce do grego ao galego e/ou ao castelán frases e textos sinxelos.

B6.4.1. Utiliza os coñecementos adquiridos para facer comentarios dos textos.

B6.5.1. Compara estruturas gregas coas da lingua propia, e establece semellanzas e diferenzas.

B6.6.1. Nos mapas conceptuais e estruturais dos textos localiza o tema principal e distingue as súas partes.

B6.7.1. Mantén un sinxelo diálogo en grego sobre a base dun tema previamente acordado.

B6.8.1. Redacta frases sinxelas en grego sobre un tema proposto.

Bloque 7. Léxico.

B7.1.1. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir de palabras da súa propia

lingua ou do contexto.

B7.1.2. Identifica e explica as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos.

B7.1.3. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinala e diferencia lexemas e afixos.

B7.2.1. Descompón os formantes das palabras e reconece o significado dos elementos de orixe grega.

B7.3.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e explica o seu significado.

B7.3.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado das palabras de léxico común da lingua propia.

B7.5.1. Relaciona distintas palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.

5.3.- Procedementos e instrumentos de avaliación

Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe do bloque 1:

- Observación: traballo diario, participación na clase (respostas a cuestións presentadas polo profesor, formulación de preguntas e exposición de ideas), a realización das actividades e a actitude xeral ante a materia, incluídas as normas de convivencia, etc.
- Interrogatorio: preguntas orais e escritas.
- Proba escrita.

Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe do bloque 2:

- Observación: traballo diario, participación na clase (respostas a cuestións presentadas polo profesor, formulación de preguntas e exposición de ideas), a realización das actividades e a actitude xeral ante a materia, incluídas as normas de convivencia, etc.
- Interrogatorio: preguntas orais e escritas.
- Proba escrita.

Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe do bloque 3:

- Observación: traballo diario, participación na clase (respostas a cuestións presentadas polo profesor, formulación de preguntas e exposición de ideas), a realización das actividades e a actitude xeral ante a materia, incluídas as normas de convivencia, etc.
- Interrogatorio: preguntas orais e escritas.
- Proba escrita.

Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe do bloque 4:

- Observación: traballo diario, participación na clase (respostas a cuestións presentadas polo

profesor, formulación de preguntas e exposición de ideas), a realización das actividades e a actitude xeral ante a materia, incluídas as normas de convivencia, etc.

- Interrogatorio: preguntas orais e escritas.
- Proba escrita.

Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe do bloque 5:

- Observación: traballo diario, participación na clase (respostas a cuestións presentadas polo profesor, formulación de preguntas e exposición de ideas), a realización das actividades e a actitude xeral ante a materia, incluídas as normas de convivencia, etc.
- Interrogatorio: preguntas orais e escritas.
- Proba escrita.
- Solicitud de produtos: traballos monográficos.

Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe do bloque 6:

- Observación: traballo diario, participación na clase (respostas a cuestións presentadas polo profesor, formulación de preguntas e exposición de ideas), a realización das actividades e a actitude xeral ante a materia, incluídas as normas de convivencia, etc.
- Interrogatorio: preguntas orais e escritas.
- Proba escrita.

Para o estándar de aprendizaxe B6.7.1 só se empregará a observación directa.

Procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe do bloque 7:

- Observación: traballo diario, participación na clase (respostas a cuestións presentadas polo profesor, formulación de preguntas e exposición de ideas), a realización das actividades e a actitude xeral ante a materia, incluídas as normas de convivencia, etc.
- Interrogatorio: preguntas orais e escritas.
- Proba escrita.

6.- Metodoloxía didáctica

O profesor terá en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades. Favorecerase a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promover o traballo en equipo, e para aplicar métodos de investigación apropiados. Así mesmo promoverase o traballo individual e en grupo, o

pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.

As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria nas linguas clásicas, dado o seu carácter imprescindible na educación superior e a súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

METODOLOXÍA. ACTIVIDADES DIDÁCTICAS	
Actividades de introdución	Serven para introducir o interese do alumno polo que respecta á realidade que han de aprender.
Actividades de desenvolvemento	Son as que permiten coñecer e traballar os novos contidos.
Actividades de síntese	Son aquelas que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos e favorecen o enfoque globalizador.
Actividades de reforzo e ampliación	Son as que se programan para os alumnos que non acadaron os coñecementos traballados. Son as que permiten afundar nos contidos a aqueles alumnos que realizaron correctamente as actividades de desenvolvemento.
Actividades de autoavaliación e coavaliación	Converten os alumnos en axentes do sseu proceso de ensinanza – aprendizaxe. Favorecen o traballo en equipo.

7.- Materiais e recursos didácticos

O profesor tomará como referencia os libros de Grego das editoriais Baía e Anaya, aínda que poida en calquera momento facer uso doutros manuais que ten o departamento.

En segundo lugar na aula contaremos co dicionario grego-castelá VOX, , pois esta vai ser unha consulta, en xeral, máis ben esporádica; pero temos que instruílos no manexo dun glosario específico da lingua latina. Os alumnos farán uso tamén dos dicionarios dispoñibles na rede.

Aproveitaranse todas as posibilidades que nos ofrece a rede, pero fundamentalmente os alumnos farán uso do blog da materia onde atopan todo tipo de información e contidos que o profesor achega na bitácora.

Manexarase un amplo repertorio bibliográfico, material videográfico, prensa escrita, material multimedia, mapas e todo canto poida resultar de interese e atractivo cara ós alumnos, do que temos dotación tanto no centro, como no propio departamento, ou ben do que poida adquirirse durante o curso escolar.

Por último, farase uso tamén de revistas de Historia Antiga, especialmente a revista *Historia* de National Geographic, que inclúe en cada un dos seus números artigos moi interesantes sobre a historia de Grecia, ilustrados con fotografías da calidade que caracteriza a esta revista.

8.- Avaliación, cualificación e promoción do alumnado

A avaliación da materia Grego I terá carácter continuo e será formativa e integradora.

Cada trimestre realizarase como mínimo unha proba escrita, se ben poden realizarse máis. Nas probas escritas o alumno deberá ser capaz de traducir frases ou textos gregos breves orixinais ou adaptados, identificando correctamente a sintaxe da frase: casos, funcións sintácticas, oracións simples e compostas, coordinación e subordinación. Para traducir cómpre que o alumno domine un vocabulario básico que será aquel co que continuamente se traballe na clase.

Deberá demostrar un dominio fluído da declinación e conxugación gregas.

Por outra parte, o alumno deberá tamén recoñecer no léxico das nosas linguas palabras de clara orixe grega, sobre todo termos científicos, filosóficos e técnicos das linguas modernas derivados do grego. Terá tamén que coñecer os aspectos básicos da cultura e civilización grega.

As probas escritas constarán polo tanto dunha parte práctica (tradución) e dunha parte teórica (morfoloxía nominal e verbal), ademais de preguntas de léxico, en concreto helenismos. Se o profesor o considera oportuno, nalgunha proba poderanse substituír as preguntas de cultura e civilización pola entrega dalgún traballo ou cuestionario.

Como a avaliación é continua, en cada trimestre entrarán os contidos novos e os explicados anteriormente e ao final do curso académico o alumno deberá demostrar que acadou de forma global os contidos.

Tódalas probas escritas estarán puntuadas sobre 10. No caso de que nunha avaliación se faga máis dunha proba escrita a última sempre ponderará o 60% da nota global da avaliación e as anteriores o 40% restante. Aprobarán a avaliación aqueles alumnos que, unha vez tido en conta o anterior, acaden unha puntuación mínima de 5.

O redondeo: xa que a nota numérica debe ser exacta, o redondeo realizarase seguindo os criterios que se expoñen a continuación:

- Asistencia con puntualidade a clase.
- Participación nas clases, demostrada na actitude receptiva á exposición da profesora e compañeiros.
- O traballo diario feito da casa.

O redondeo poderá ser positivo ou negativo (+/- 0.5 puntos), segundo predomine no alumno a presenza ou ausencia dos valores enumerados anteriormente.

O proceso de avaliación continua require a asistencia regular ás clases e as actividades programadas para a materia. A falta á clase de modo reiterado pode provocar a imposibilidade da aplicación correcta dos criterios xerais de avaliación e da propia avaliación continua. No caso de que se dese a circunstancia anterior segundo as directrices recollidas na normativa do centro, o profesor poderá establecer un sistema extraordinario de avaliación se o considerase conveniente consistente nunha proba escrita que se realizaría no mes de xuño.

Aqueles alumnos que cometan actos ilícitos no desenvolvemento das probas, obterán cualificación de 0 puntos, coas consecuencias que iso supón para o cálculo da nota media trimestral ou final. Está prohibido levar aos exames teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos en xeral (MP3 e similares); en caso de non cumprir este requisito, o alumno será cualificado con 0 ptos. nesa proba.

A nota final: a nota da terceira avaliación prevalece sobre as demais dado o carácter de avaliación continua pero terase en conta o traballo de todo o ano.

No caso de que a nota da terceira avaliación sexa inferior a 5, sumaranse as notas das tres avaliacións e considerarase aprobado un alumno que chegando a un 4 na última avaliación (sen ningún redondeo), suma 15 puntos ao final de curso entre as notas das tres avaliacións e entrega un traballo proposto polo profesor.

No caso de que a nota da terceira avaliación sexa inferior a 4, o resultado da nota final será negativo polo que o alumno debe acudir á proba extraordinaria de setembro.

Programa de recuperación

Non haberá probas de recuperación propiamente ditas, debido a que, ao levar un sistema de avaliación continua onde a materia incluída nun exame non é eliminada para a seguinte proba, o exame seguinte recuperará o anterior, sempre tendo en conta a marcha xeral de cada alumno.

Para aqueles alumnos que teñan problemas en asimilar algún concepto ou ben que non

poidan seguir o ritmo normal das clases, poden elaborarse follas personalizadas, onde aparezan actividades que reforcen os conceptos que foran mal asimilados.

Farase tamén un tratamento individualizado de cada caso, a fin de conseguir os obxectivos fixados.

En setembro realizarase unha proba que conteña os mínimos esixibles que aparecen na presente programación. Esta proba será puntuada sobre 10 e aprobarán aqueles alumnos que alcancen un 5.

9.- Avaliación do proceso do ensino e a práctica docente.

A avaliación do proceso do ensino e a práctica docente centrarase nos seguintes aspectos:

1- Planificación

2- Motivación do alumnado

3-Desenvolvemento do ensino

4- Seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe

No que respecta á **planificación** farase unha reflexión sobre a adecuación dos contidos ás particularidades do grupo de alumnos, á planificación das clases e á coordinación co resto do profesorado que imparte clases no grupo, en especial cos membros dos departamentos que teñan contidos afíns a esta materia.

Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de		

cada un dos grupos de estudantes.		
Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
Establece os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.		

No que respecta á **motivación do alumnado** farase unha reflexión sobre a estimulación para acadar a participación activa do alumnado, a adecuación aos intereses do alumnado e a información sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.

Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
Formula situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
Relaciona aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.		
Informa sobre os progresos		

conseguidos e as dificultades encontradas.		
Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
Estimula a participación activa dos estudantes na clase.		

No que respecta ó **desenvolvemento do ensino** farase unha reflexión sobre o mantemento dunha comunicación fluída cos alumnos, a predisposición a aclarar dúbidas fóra da aula e a formulación de actividades grupais.

Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
Formula actividades grupais e individuais.		
Desenvolve os contidos dunha		

forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.		
---	--	--

No que respecta ó **seguimento e avaliación do proceso de ensinanza aprendizaxe** farase unha reflexión sobre o axuste da programación á avaliación inicial, a autoavaliación e coavaliación e a información sobre a mellora na realización de tarefas.

Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non se acadaron.		
Corrix e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas.		

10.- Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

No curso 2015-2016 non hai alumnado coa materia pendente de Grego I. Se ao longo do curso se incorpora ao centro algún alumno con esta materia pendente, realizará dúas probas escritas e entregará boletíns de traballo achegados polo departamento. Seguirase o sistema de cualificación que figura no punto 8 da presente programación didáctica pero facendo dúas probas só ao longo do

curso. Esas probas serán valoradas cun 40 % a primeira e un 60% a segunda, é dicir, mantense a mesma ponderación que para os alumnos que cursan Grego I no presente curso.

11.- Procedementos que lle permitan ó alumnado acreditar os coñecementos necesarios (BAC)

12.- Avaliación inicial

Os alumnos realizarán unha proba escrita ao comezo do curso para detectar os coñecementos que poidan ter sobre a lingua e a civilización grega.

12.1.- Medidas individuais ou colectivas a adoptar en función dos resultados

Á hora de formular as medidas colectivas en función dos resultados, debemos solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc..

- Saber as medidas organizativas a adoptar: situación de espazos e xestión de tempos no grupo para favorecer a intervención individual.
- Establecer conclusións sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

13.- Medidas de atención á diversidade

Nun principio entre o alumnado de Grego non hai ningún alumnado con necesidade específica de apoio educativo, de altas capacidades intelectuais ou de incorporación tardía ao sistema educativo. No caso de que ao longo do curso se incorpore algún alumno que necesite atención á diversidade tomaranse desde o departamento as medidas oportunas en colaboración co titor, os demais profesores que lle impartan clase e o Departamento de Orientación.

Intentarase favorecer a integración na aula do alumnado con necesidade específica de apoio educativo facéndolle desenvolver un papel recoñecido polo grupo para mellorar a súa autoestima.

Nos casos de alumnos cunha discapacidade física hai que buscar mecanismos de actuación para cada caso en concreto.

Ao alumnado con altas capacidades intelectuais marcaránselles obxectivos individuais máis amplos cos demais alumnos do grupo, a través de actividades de ampliación, máis complexas, que lles obrigue a realizar o esforzo necesario que lles permita valorar a consecución de resultados.

No grupo de de incorporación tardía ao sistema educativo inclúense os alumnos estranxeiros. Os problemas poden vir polas dificultades co idioma. Con eles haberá que realizar as adaptacións necesarias que favorezan a aprendizaxe da materia e, á vez, da lingua. Convén, por exemplo, que estes alumnos traballen con dicionarios das nosas linguas para que non teñan problemas de vocabulario.

Aínda que non se dea o caso de contar no grupo con alumnado con necesidade específica de apoio educativo, sempre existe a posibilidade de traballar con distintos ritmos de aprendizaxe. Un dato positivo neste caso é o baixo número de alumnos co que contamos na aula, feito que favorece o traballo en distintos niveis.

A proposta do Departamento de Latín e Grego é a seguinte:

- Contidos para unha aprendizaxe básica común , pero de maior complexidade para algúns.

- Actividades, para diferentes niveis, e oferta de distintos tempos na súa realización, así como actividades de reforzo e de ampliación.

- Ter en conta as preferencias dos alumnos para atender os seus intereses.

- Agrupamentos que posibiliten o traballo en equipo.

14.- Elementos transversais

Os elementos transversais que se traballarán ao longo do curso na materia Grego I serán os seguintes: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional.

Os alumnos desenvolverán actividades referidas a textos para traballar a comprensión lectora. Será fundamental o emprego de dicionarios de español e galego para buscar os significados das palabras que non coñezan. O fomento da lectura terá como referente o proxecto lector do centro e procurará acadar desde a materia de Grego I os seguintes obxectivos:

- A integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.

- A formación de lectores e de lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura.

- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.

Poderanse establecer itinerarios temáticos de lecturas clásicas segundo o catálogo da biblioteca do centro. Para aumentar o catálogo de obras de contido clásico dos que dispón o centro, desde o Departamento de Latín e Grego ofrecerá ao coordinador unha listaxe de obras para a súa compra. Así mesmo participarase nos clubs de lectura e cantas actividades promova o coordinador da biblioteca.

Para promover a mellora da expresión oral e escrita, entre outras actividades, a partir dunha temática de contido clásico que achegue o profesor os alumnos escribirán un conto común entre todos.

No que respecta ás tecnoloxías da información e da comunicación, incidirase na busca, selección crítica, e tratamento da información, recorrendo a fontes variadas, así como na aplicación de técnicas de síntese, coa identificación de palabras clave e coa distinción entre ideas principais e secundarias. Favorecerase a competencia dixital coa elaboración de textos e coa presentación a través de medios informáticos. Cómpre facer ver a necesidade dunha utilización crítica das

tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento que universaliza a información e como unha ferramenta para a comunicación do coñecemento adquirido.

A consulta das direccións que aparecen no apartado de recursos en internet contribuirán tamén a destreza dixital, propoñendo exercicios para tal fin ademais do emprego do blogue da materia.

Outra achega é a participación no concurso online “ODISEA”, organizado pola Delegación Galega da Sociedade Española de Estudos Clásicos.

Por outra parte, para transmitir información, empregaranse diversos medios de comunicación audiovisual.

A educación cívica e constitucional pódese considerar comentando aqueles elementos e costumes da sociedade grega que se consideran socialmente útiles ou criticando aqueloutros que evidencian comportamentos e ideas lesivas para a sociedade ou o individuo.

Os comentarios sobre a situación e evolución política e social de Grecia, así como todo o referido ás etapas da historia de Grecia permitiríanos tratar temas derivados da consecución dunha convivencia pacífica, ao tempo que permite reflexionar sobre as formas de goberno.

Deste xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Serven ademais estes contidos para promover a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

Os contidos referidos ás festas e espectáculos permítennos tratar o tema da educación para o lecer.

No referente á educación ambiental ó mesmo tempo que se pretende que o alumno recoñeza e identifique no contorno próximo restos arqueolóxicos que se relacionen coa cultura clásica, promóvese o compromiso persoal para a conservación e o respecto de toda pegada do mundo clásico no ambiente natural.

Por último, a materia de Grego I permitirá afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa

empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

15.- Actividades Complementarias e extraescolares

Asistencia ás Xornadas de teatro grecolatino que tódolos anos organiza a SEEC en Lugo. Aproveitarase esa xornada visitar as pegadas da cultura romana nesa cidade.

Participación no concurso Odisea organizado pola SEEC.

Participación na II Olimpíada de Tradución de Textos Clásicos organizada pola SEEC.

Se ao longo do curso recibísemos información sobre algún acontecemento que puidera resultar interesante e educativo para os alumnos non se descarta acudir. Entre as actividades que poidan realizarse atoparíanse outras excursións, visitas a museos, proxeccións de filmes, etc.

16.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

Dado o carácter aberto e flexible da programación, farase un seguimento mensual para detectar os obxectivos acadados e os incumpridos, así como as estratexias que deberán adoptarse para alcanzar os non conseguidos.

No seguimento da programación didáctica farase unha reflexión sobre os seguintes puntos:

Cumprimento da programación: cúmprese o temario no tempo previsto.

Cumprimento da programación: o desenvolvemento do programa axústase ás unidades didácticas

Adecuación da programación: secuencia de contidos, distribución das actividades, criterios de avaliación...

No caso de que o resultado sexa unha valoración negativa, procederase á elaboración das propostas de mellora.

PROGRAMACIÓN DAS MATERIAS QUE SE DESENVOLVEN POLA LOE

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LATÍN 4º ESO

Índice de contidos

1. Introducción e contextualización.....	130
2. Contribución da materia de latín ao logro das competencias básicas.....	131
3. Obxectivos do curso.....	133
4. Contidos. Secuenciación.....	134
5. Temporalización.....	140
6. Criterios de avaliación.....	140
7. Contidos mínimos esixibles.....	143
8. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	143
9. Procedementos para a realización da avaliación inicial.....	144
10. Criterios de cualificación.....	144
11. Plans de traballo para a superación da materia pendente e procedemento para a súa culificación.....	145
12. Metodoloxía.....	145
13. Medidas de atención á diversidade.....	146
14. Programación de educación en valores.....	147
15. Accións de contribución ás TIC, ao proxecto lector e ao plan de convivencia.....	148
16. Materiais e recursos didácticos.....	150
17. Actividades complementarias e extraescolares.....	151
18. Procedementos para avaliar a propia programación.....	151

1. Introducción e contextualización

A materia de latín, presente no currículo de cuarto curso da Educación Secundaria Obligatoria, supón un achegamento específico á lingua e á cultura de Roma e, consecuentemente, ao mundo antigo. O seu estudo ofrécese a partir de contidos lingüísticos e culturais, complementarios entre si e unidos polo seu carácter de achegas substanciais do que se coñece como herdanza clásica. Todas as linguas da Europa occidental incrementaron os seus recursos expresivos, en todas as épocas, mesmo na actualidade, coa adopción de palabras de orixe latina. Esa calidade de achega e continuidade na sociedade actual debe guiar a súa presentación e dar sentido ao seu estudo.

A adquisición de capacidades básicas e o logro dos obxectivos da etapa deberán estar no horizonte dos dous obxectivos primordiais que persegue esta materia: iniciar un estudo básico da lingua que é nexo e está na orixe do amplo grupo das linguas romances e coñecer os aspectos máis relevantes da sociedade e da cultura romanas para poder relacionalos cos do mundo actual. O primeiro obxectivo axuda a mellorar o coñecemento e uso das propias linguas como instrumento primordial de aprendizaxe e comunicación; o segundo achega unha interpretación máis ponderada da sociedade actual.

A lingua latina é unha das máis importante achegas do mundo clásico á civilización occidental, polo que é razoable que os contidos propiamente lingüísticos ocupen un espazo moi considerable e substancial da materia. Por evolución ou por influencia léxica o latín está presente nas linguas que utilizamos ou nas que son obxecto de aprendizaxe para as alumnas e os alumnos.

O estudo do sistema da lingua latina como modelo de lingua flexiva permite, a través da comparación, unha reflexión profunda sobre os elementos formais e os mecanismos sintácticos das linguas de uso do alumnado.

O coñecemento, sequera básico, do latín fai posible entender as linguas de orixe romance como o resultado concreto dunha evolución, e apreciar en que medida a súa estrutura e o seu léxico están en débeda coa lingua da que proceden. Pola súa banda, a práctica da tradución constitúe unha experiencia de investigación que utiliza a lóxica do pensamento, favorece a memoria e potencia os hábitos de disciplina no estudo, co que se razoa mellor e se aprende a aprender. Neste sentido, parece recomendable seguir un método natural en que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución e no cal a súa aprendizaxe sistemática constitúa unha segunda fase.

O estudo da historia e evolución da lingua latina e da formación das palabras dota o alumnado dos coñecementos necesarios para entender a evolución lingüística, determinar os procesos de cambio fonético e semántico e ilustrar os procedementos que actúan na formación do léxico, ao mesmo tempo que enriquece o seu vocabulario. O alumnado, ao falar calquera lingua románica, debe ter conciencia de estar mantendo vivos moitos séculos de civilización mediterránea co latín como nexu unificador.

Ademais, a materia aborda o coñecemento do marco xeográfico e histórico e dos aspectos máis relevantes da sociedade romana e clásica en xeral, desde a que se transmitiron modos de vida, institucións e creacións literarias, técnicas e artísticas que están na base da configuración e do progreso de Europa. Ese coñecemento supón un referente necesario no que rastrexar os antecedentes históricos da organización social ou a delimitación dos dereitos das persoas. A cultura que modelou o noso presente e impregna boa parte dos nosos canons estéticos é tamén transmisora de valores universais, que entroncan a nosa herdanza cultural coas raíces do mundo clásico. Neste sentido, a lectura de textos literarios axuda a observar como temas e tópicos da cultura grecolatina se transmitiron ata hoxe e seguen presentes nos nosos escritos.

A presente programación didáctica da materia de Latín está elaborada para ser impartida no IES Maximino Romero de Lema a un grupo reducido de alumnos, en concreto 9, en 4º da ESO. Ubicado no concello de Zas (A Coruña), o IES Maximino Romero de Lema é un centro de ensino duns 215 alumnos e está situado nun contorno rural, na zona central da Costa da Morte. Zas é un concello eminentemente agrícola e gandeiro, aínda que hai unha poboación dedicada á industria, ó comercio e á hostalaría, concentrada sobre todo en Baio, lugar onde se ubica o centro.

2. Contribución da materia de latín ao logro das competencias básicas

O estudo desta materia contribúe dun xeito claro ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística: o coñecemento da estrutura da lingua latina posibilita unha comprensión profunda da gramática funcional das linguas europeas de orixe romance e doutras que comparten co latín o carácter flexivo, ou recibiron unha achega léxica importante da lingua latina. A interpretación dos elementos morfosintácticos e de vocabulario e a práctica da tradución e da retroversión supoñen a adquisición da habilidade para recoller e procesar a información dada e utilizala apropiadamente. O coñecemento dos procedementos para a formación das palabras e os fenómenos de evolución fonética colabora á ampliación do vocabulario básico e potencia a habilidade para utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación. O coñecemento das etimoloxías proporciona a comprensión e incorporación dun vocabulario de termos científicos e técnicos.

O coñecemento da historia e evolución da lingua latina fomenta o ser consciente da variabilidade das linguas a través do tempo e dos diferentes ámbitos xeográficos e sociais, así como do diálogo entre as culturas; o interese e o respecto por todas as linguas, incluíndo as antigas e as minoritarias, e o rexeitamento dos estereotipos baseados en diferenzas culturais e lingüísticas. Co coñecemento do patrimonio arqueolóxico e artístico romano no noso país e en Europa esta materia potencia o aprecio e goce da arte como produto da creación humana e como testemuño da historia, á vez que fomenta o interese pola conservación dese patrimonio. Coa achega de referencias para facer unha valoración crítica de creacións artísticas posteriores inspiradas na cultura e na mitoloxía grecolatinas, ou das mensaxes difundidas polos medios de comunicación que, en moitos casos, toman a súa base icónica do repertorio clásico. O coñecemento do mundo clásico e da súa continuidade favorece a interpretación da literatura posterior, en que perduran temas, arquetipos, mitos e tópicos, á vez que se desenvolve o interese pola lectura, a valoración do carácter estético dos textos e o amor pola literatura, contribuíndo ao logro da competencia en expresión cultural e artística. Desde o coñecemento das institucións e modo de vida dos romanos que é o referente histórico de organización social, a participación dos cidadáns na vida pública e delimitación dos dereitos e deberes das persoas e das colectividades, no ámbito e o contorno dunha Europa diversa, unida no pasado pola lingua latina, sitúase a contribución para lograr a competencia social e cidadá. O coñecemento das desigualdades existentes nesa sociedade favorece a reacción crítica ante a discriminación pola pertenza a un grupo social ou étnico determinado, ou pola diferenza de sexos. Fóméntase así unha actitude de valoración positiva da participación cidadá, da negociación e da aplicación de normas iguais para todos como instrumentos na resolución de conflitos.

Co estudo de mapas para localizar o contorno xeográfico da civilización romana, co estudo de mapas sobre a expansión de Roma, así como coa interpretación de fontes iconográficas para extraer información histórica e situala nun período determinado, favorécese a competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.

Coa busca, selección crítica e tratamento da información en fontes variadas; coa aplicación de técnicas de síntese, coa identificación de palabras clave e coa distinción entre ideas principais e secundarias; elaboración de textos e coa presentación a través de medios informáticos, favorécese a competencia dixital, á cal se contribuirá desde todas as materias do currículo. Cómpre facer ver a necesidade dunha utilización crítica das TIC como instrumento que universaliza a información e como unha ferramenta para a comunicación do coñecemento adquirido. Tamén favorece a competencia de aprender a aprender ó propiciar a disposición e a habilidade para organizar a aprendizaxe, ó favorecer as destrezas de autonomía, disciplina e reflexión, exercitando a

memoria mediante a recuperación de datos e situando o proceso formativo nun contexto de rigor lóxico.

Facilita o logro da competencia de autonomía e iniciativa persoal o recurso continuado a procedementos que exixen planificar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. O traballo cooperativo e a posta en común dos resultados implica valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, comprender a forma de corrixilos e non renderse ante un resultado inadecuado. En definitiva, achega posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación.

3. Obxectivos do curso

- a. Comprender textos latinos en contextos onde o sentido sexa facilmente deducible.
- b. Identificar e relacionar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.
- c. Desenvolver os hábitos de organización, traballo e disciplina no estudo a partir dos mecanismos de estruturación mental que implica o proceso de análise e tradución de textos latinos.
- d. Mellorar a lectura comprensiva e a expresión oral e escrita mediante o coñecemento do vocabulario e as estruturas gramaticais latinas.
- e. Coñecer a orixe e evolución das linguas romances para valorar os trazos comúns e a diversidade lingüística como mostra da riqueza cultural dos pobos de Europa.
- f. Utilizar as regras fundamentais de evolución fonética do latín ás linguas romances e identificar palabras patrimoniais, cultismos e expresións latinas en diferentes contextos lingüísticos.
- g. Entender o significado do léxico común de orixe grecolatina da propia lingua e comprender vocabulario culto, científico e técnico a partir dos seus compoñentes etimolóxicos.
- h. Reflexionar sobre os elementos formais e as estruturas lingüísticas das linguas romances coñecidas polo alumno, a través da comparación co latín, modelo de lingua flexiva.
- i. Coñecer os aspectos relevantes da cultura e da civilización romanas, utilizando diversas fontes de información e diferentes soportes, para identificar e valorar a súa continuidade no noso patrimonio cultural, artístico e institucional.

j. Coñecer os xéneros literarios latinos máis importantes.

4. Contidos. Secuenciación

Bloque 1. O sistema da lingua latina.

- Abecedario e a pronunciación clásica e posclásica do latín. A regra da penúltima sílaba. Diferenza entre vocais breves e longas.
- Lectura e interpretación de textos en latín de dificultade progresiva creados nunha variedade de contextos e situacións en que as palabras e as estruturas teñan sentido, de tal xeito que todo se deduza, sen ambigüidade, do contexto en que aparecen.
- O latín como lingua flexiva. Os casos e os seus principais valores sintácticos. Recoñecemento das diferenzas e similitudes básicas entre a estrutura da lingua latina e a das linguas romances utilizadas polo alumno.
- Clases de palabras. A flexión nominal, pronominal e verbal. Recoñecemento das categorías gramaticais da flexión latina e comparación cos elementos flexivos das linguas actuais.
- As estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde flexible de palabras. Nexos coordinantes máis frecuentes.
- Valoración da lingua latina como principal vía de transmisión e continuidade do mundo clásico e instrumento privilexiado para unha comprensión profunda do sistema das linguas romances.

Bloque 2. A historia e evolución da lingua latina.

- A orixe e a evolución do latín. Clasificación das linguas indoeuropeas.
- Latín culto e latín vulgar: lingua de cultura e lingua de comunicación. O proceso de redución morfolóxica e sintáctica no latín vulgar. A formación das linguas romances. Análise dos procesos de evolución das linguas romances.
- A evolución fonética. Termos patrimoniais, semicultismos e cultismos. Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes. Relación semántica entre palabras dunha mesma raíz latina e evolución fonética diferente.
- A achega léxica do latín ás linguas modernas non derivadas del.

Bloque 3. A formación das palabras.

- Componentes grecolatinos nas linguas romances. Identificación de lexemas, sufixos e prefixos grecolatinos usados na propia lingua: préstamos, derivación, composición e analogía como meca-

nismos de enriquecemento do vocabulario.

- Definición de palabras a partir dos seus étimos.
- O vocabulario da ciencia e da técnica. Os étimos gregos e latinos nas terminoloxías específicas.
- Latinismos e locucións latinas. Recoñecemento das expresións latinas incorporadas á lingua falada e escrita.
- O significado etimolóxico das palabras como guía para a adecuada utilización do vocabulario.

Bloque 4. Vías non lingüísticas de transmisión do mundo clásico.

- O marco xeográfico e histórico da sociedade romana. Gallaecia e o resto da Hispania. As vías romanas de Hispania e as grandes vías modernas: medio de difusión dunha civilización uniforme, de unidade política e económica e de relación humana. Uso de fontes primarias e secundarias para coñecer o pasado.
- As institucións e a vida cotiá. Ocio e negocio. Relación entre o relixioso e o festivo. Interpretación dos seus referentes desde a nosa perspectiva sociocultural. Comparación e análise crítica das estruturas sociais e familiares.
- As pegadas materiais da romanización: o foro e a arquitectura do ocio en relación coa concepción do urbanismo posterior, a importancia do arco e a bóveda na arquitectura posterior. Valoración da conxunción da magnificencia e o xenio práctico. Emprego dos medios audiovisuais e das TIC para coñecer o patrimonio artístico e arqueolóxico. Observación directa.
- Os temas e argumentos mitolóxicos na literatura e nas artes plásticas e visuais. Recoñecemento de elementos da mitoloxía clásica en manifestacións culturais de todo tipo e interpretación do seu significado.
- O papel de Roma na historia de Occidente, o patrimonio arqueolóxico, artístico e literario. Coñecemento especial do herdado en Galicia.
- Valoración da importancia da lectura de textos da literatura latina de diversidade temática.

Unidade 1:

- Marco xeográfico da civilización romana.
- A familia do latín
- A historia do latín
- Abecedario, acentuación e pronunciación. A regra da penúltima sílaba

- Diferenza entre vogais longas e breves
- Os números romanos
- A formación do léxico nas linguas romances

Unidade 2:

- A cidade de Roma.
- Etapas da historia de Roma
- O latín, lingua flexiva
- As clases de palabras
- O xénero, número e caso
- A primeira declinación
- A formación das palabras
- Linguaxe técnico e científico
- Expresións latinas

Unidade 3:

- Etapas da historia de Roma
- A segunda declinación
- Os adxectivos
- Concordancia substantivo - adxectivo
- A formación das palabras
- Evolución fonética das vogais
- Linguaxe técnico e científico

- Expresións latinas

Unidade 4:

- A romanización de Hispania
- A romanización de Gallaecia
- O verbo latino
- Concordancia suxeito - verbo
- O presente de indicativo
- A oración simple
- As preposicións
- A formación das palabras
- Evolución fonética dos ditongos
- Linguaxe técnico e científico
- Expresións latinas

Unidade 5:

- A sociedade romana
- A terceira declinación
- O imperfecto de indicativo
- A oración composta
- A formación das palabras
- Evolución fonética das oclusivas xordas intervocálicas
- Linguaxe técnico e científico

- Expresións latinas

Unidade 6:

- S.P.Q.R.: Senatus populusque romanus
- A terceira declinación: os temas en -i
- Adxectivos da terceira declinación
- O futuro imperfecto de indicativo
- A formación das palabras
- Evolución fonética do s- inicial seguido de consoante
- Linguaxe técnico e científico
- Expresións latinas

Unidade 7:

- Os xéneros literarios.
- A cuarta declinación
- O verbo: o tema de perfecto
- O pretérito perfecto de indicativo
- A formación das palabras
- Evolución fonética do f- inicial
- Linguaxe técnico e científico
- Expresións latinas

Unidade 8:

- Mitoloxía

- Relixión e culto en Roma
- Os pronomes persoais
- Os pronomes demostrativos
- O pretérito pluscuamperfecto de indicativo
- O futuro perfecto de indicativo
- A formación das palabras
- Evolución fonética do grupo -ct-
- Linguaxe técnico e científico
- Expresións latinas

Unidade 9:

- A familia romana. O matrimonio.
- A educación.
- A cidade de Roma.
- O modo verbal: o subxuntivo
- A formación das palabras
- Evolución fonética dos grupos iniciais cl-, fl, pl-
- Linguaxe técnico e científico
- Expresións latinas

Unidade 10:

- Os *ludi circenses*, os *ludi scaenici*, as termas e o banquete

- O infinitivo
- As funcións sintácticas dos casos
- A formación das palabras
- Linguaxe técnico e científico
- Expresións latinas

5. Temporalización

Primeiro trimestre: Unidades 1, 2, 3 e 4.

Segundo trimestre: Unidades 5, 6 e 7.

Terceiro trimestre: Unidades 8, 9 e 10.

A cada unidade didáctica dedicaráselle oito sesións, pero contéplase a posibilidade de dedicar máis tempo a algunha delas, no caso de que sexa preciso.

6. Criterios de avaliación

a. Identificar en textos traducidos de autores clásicos e modernos, despois de resumilos, aspectos históricos ou culturais.

Este criterio pretende verificar a capacidade de comprender o contido dun texto, identificar acontecementos, personaxes e aspectos da civilización romana, e relacionar os datos do texto con referentes actuais.

Competencia en comunicación lingüística

Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico

Competencia dixital

Competencia social e cidadá

Competencia de autonomía e iniciativa persoal

b. Distinguir nas diversas manifestacións literarias e artísticas de todos os tempos a mitoloxía clásica como fonte de inspiración e recoñecer no patrimonio arqueolóxico as pegadas da romanización.

Este criterio trata de comprobar se se identifican os principais elementos da mitoloxía clásica e o patrimonio arqueolóxico romano en diversos contextos expresivos, textos literarios e iconografía de calquera tipo, se se comprende o seu significado específico e se se advirte o seu valor como fonte de inspiración.

Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico

Competencia dixital

Competencia social e cidadá

Competencia de autonomía e iniciativa persoal

c. Aplicar as regras básicas de evolución fonética a étimos latinos que dean orixe a termos romances do vocabulario habitual e establecer a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade para utilizar os mecanismos de evolución fonética e analizar as diferenzas de significado entre palabras dunha mesma orixe.

Competencia en comunicación lingüística

Competencia de aprender a aprender

Competencia de autonomía e iniciativa persoal

d. Identificar compoñentes de orixe grecolatina en palabras da linguaxe cotiá e no vocabulario específico das ciencias e da técnica, e explicar o seu sentido etimolóxico.

Este criterio trata de comprobar a capacidade de recoñecer os formantes gregos e latinos en diferentes contextos lingüísticos e producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos.

Competencia en comunicación lingüística

Competencia de aprender a aprender

Competencia de autonomía e iniciativa persoal

e. Recoñecer latinismos e locucións usuais de orixe latina incorporadas ás linguas coñecidas polo alumno e explicar o seu significado en expresións orais e escritas.

Este criterio pretende verificar se o alumnado identifica e comprende as expresións latinas integradas nas linguas modernas e se é capaz de utilizalas de xeito coherente.

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia de autonomía e iniciativa persoal

f. Recoñecer os elementos morfolóxicos e as estruturas sintácticas elementais da lingua latina e comparalos cos da propia lingua.

Con este criterio trátase de constatar a comprensión do funcionamento básico da lingua latina e a capacidade de establecer analogías e diferenzas con elementos e estruturas da súa propia lingua.

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia de autonomía e iniciativa persoal

g. Traducir textos breves e sinxelos e producir, mediante retroversión, oracións simples utilizando as estruturas propias da lingua latina.

Este criterio intenta comprobar se as alumnas e os alumnos asimilaron as estruturas morfolóxicas e sintácticas elementais da lingua latina e se son capaces de recoñecelas para realizaren traducións directas ou inversas de textos elaborados de escasa dificultade.

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

h. Manexar recursos que lle permitan ao alumnado elaborar, guiado polo profesorado, un traballo temático sinxelo sobre calquera aspecto da produción artística e técnica, a historia, as institucións, ou a vida cotiá en Roma.

Este criterio quere comprobar se o alumnado é quen de buscar información en fontes e formatos diversos, selecciónala, organizala e, despois da elaboración dun texto, expresala con orde, coherencia e cohesión.

Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico

Competencia dixital

Competencia social e cidadá

Competencia para aprender a aprender

Competencia de autonomía e iniciativa persoal

7. Contidos mínimos exixibles

- Coñecer os casos e as súas funcións.
- Declinar substantivos e adxectivos regulares.
- Conxugar o presente, o pretérito imperfecto e o futuro imperfecto de indicativo dos verbos regulares e do verbo *sum*.
- Coñecer as principais regras de derivación do latín ao castelán e ao galego.
- Asimilar vocabulario sinxelo relacionado con distintos ámbitos.
- Recoñecer latinismos e locucións usuais de orixe latina.
- Coñecer os aspectos relevantes da cultura e da civilización romanas.

8. Procedementos e instrumentos de avaliación

Observación: Atención ao proceso de aprendizaxe do alumnado, a súa atención, esforzo, participación e traballo.

Interrogación: preguntarse aos alumnos para poder detectar dúbidas e carencias.

Análise de tarefas: corrección diaria do traballo feito na casa e na aula.

Probas: Escritas, orais, individuais e colectivas.

Instrumentos de avaliación

De observación: Escalas de valoración

Rexistros individuais (traballo diario, participación,interese...)

Rexistros de grupo (traballos de investigación e exposicións...)

De consulta: Cuestionarios de autoavaliación

Probas: (obxectivas, de resposta libre): orais ,escritas, individuais ou colectivas.

9. Procedementos para a realización da avaliación inicial

Mediante os procedementos de observación e interrogación directa a cada alumno analizaremos posibles necesidades educativas no procesos de ensino aprendizaxe. Así mesmo farase unha proba escrita non avaliabile, de carácter xeral sobre contidos culturais e morfosintácticos de cursos ou etapas anteriores.

10. Criterios de cualificación

Realizaranse ao longo do curso dúas probas escritas en cada avaliación, que puntuarán cada unha delas sobre 10 puntos. A primeira proba ponderará un 40% no total da nota da avaliación, mentres que a segunda proba terá o valor do 60%.

Nas probas escritas valoraranse os seguintes apartados:

- Presentación adecuada.
- Expresión correcta (sintaxe, léxico...).
- Caligrafía (debe ser lexible).
- Ausencia de faltas de ortografía

Na exposición oral valorarase:

- A expresión oral.
- Claridade na exposición.
- Presentación de material: fotografías, mapas, recortes de prensa, etc.

Os alumnos que non superen cada unha das avaliacións de forma positiva, realizarán unha proba extraordinaria por trimestre, podendo tamén ser encomendada a realización de traballos, sobre aqueles temas onde a deficiencia sexa máis acusada.

Nota final: ao ter carácter continuo a nota da 3ª avaliación terá preferencia sobre as demais polo que non deberá ser inferior a 5. Se o profesor o considera, pode pedir aos alumnos a entrega dalgún tipo de traballo.

En setembro realizarase unha proba extraordinaria sobre 10 puntos, no cal se valorará só a nota desa proba.

Aqueles alumnos que cometan actos ilícitos no desenvolvemento das probas, obterán cualificación de 0 puntos, coas consecuencias que iso supón para o cálculo da nota media trimestral ou final. Está prohibido levar aos exames teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos en xeral (MP3 e similares); en caso de non cumprir este requisito, o alumno será cualificado con 0 ptos. nesa proba.

Nalgúns casos será necesario recorrer ao redondeo para a nota da avaliación. Neste caso aplicarase - / + 0.5 segundo os rexistros que o profesor teña dos alumnos relativos á puntualidade, traballo diario e comportamento. Exemplo: se un alumno ten un 4.4 na avaliación, como é inferior a 4.5, a súa nota na avaliación será 4. Polo contrario, se un alumno ten un 4.5 ou máis na avaliación, como é unha nota igual ou superior a 4.5, a súa nota na avaliación será 5 se cumpre as condicións antes expostas.

11. Plans de traballo para a superación da materia pendente e procedemento para a súa cualificación

Na materia de Latín de 4º non hai posibilidade de alumnado pendente por non existir tal materia no currículo de 3º de ESO.

12. Metodoloxía

No curso de 4º da E.S.O. o estudo do latín ten xa un enfoque cara á lingua; partindo dun texto mitolóxico abórdanse temas relacionados coa arte, a filosofía, a astronomía e a literatura, de modo que o alumno chegue a coñecer os grandes autores latinos que tiveron unha influencia na literatura posterior notoria.

Ademais do traballo do léxico, éntrese dunha forma sinxela no estudo da lingua latina.

Traballarase tamén na lectura de traducións de textos clásicos, seleccionando fragmentos significativos, para que o alumno coñeza os contidos nas propias fontes; preténdese,

polo tanto, deixar un terreo e un clima propicio para os futuros alumnos do bacharelato de Humanidades, e unha cultura ampla e sólida para todos os demais, tanto decidan continuar os seus estudos como incorporarse ao mundo laboral.

METODOLOXÍA. ACTIVIDADES DIDÁCTICAS	
Actividades de introdución	Serven para introducir o interese do alumno polo que respecta á realidade que han de aprender.
Actividades de desenvolvemento	Son as que permiten coñecer e traballar os novos contidos.
Actividades de síntese	Son aquelas que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos e favorecen o enfoque globalizador.
Actividades de reforzo e ampliación	Son as que se programan para os alumnos que non acadaron os coñecementos traballados. Son as que permiten afundar nos contidos a aqueles alumnos que realizaron correctamente as actividades de desenvolvemento.
Actividades de autoavaliación e coavaliación	Converten os alumnos en axentes do sseu proceso de ensinanza – aprendizaxe. Favorecen o traballo en equipo.

13. Medidas de atención á diversidade

Nun principio entre o alumnado que cursa Latín en 4º ESO non hai ningún alumnado con necesidade específica de apoio educativo: alumnos con necesidades educativas especiais, de altas capacidades intelectuais ou de incorporación tardía ao sistema educativo. No caso de que ao longo do curso se incorpore algún alumno que necesite atención á diversidade tomaranse desde o

departamento as medidas oportunas en colaboración co titor, os demais profesores que lle impartan clase e o Departamento de Orientación.

Intentarase favorecer a integración na aula do alumnado con necesidade específica de apoio educativo facéndolle desenvolver un papel recoñecido polo grupo para mellorar a súa autoestima.

Nos casos de alumnos cunha discapacidade física hai que buscar mecanismos de actuación para cada caso en concreto.

Ao alumnado con altas capacidades intelectuais marcaránselles obxectivos individuais máis amplos cos demais alumnos do grupo, a través de actividades de ampliación, máis complexas, que lles obrigue a realizar o esforzo necesario que lles permita valorar a consecución de resultados.

No grupo de de incorporación tardía ao sistema educativo inclúense os alumnos estranxeiros. Os problemas poden vir polas dificultades co idioma. Con eles haberá que realizar as adaptacións necesarias que favorezan a aprendizaxe da materia e, á vez, da lingua. Convén, por exemplo, que estes alumnos traballen con dicionarios das nosas linguas para que non teñan problemas de vocabulario.

Aínda que non se dea o caso de contar no grupo con alumnado con necesidade específica de apoio educativo, sempre existe a posibilidade de traballar con distintos ritmos de aprendizaxe. Un dato positivo neste caso é o baixo número de alumnos co que contamos na aula, feito que favorece o traballo en distintos niveis.

A proposta do Departamento de Latín e Grego é a seguinte:

- Contidos para unha aprendizaxe básica común , pero de maior complexidade para algúns.
- Actividades, para diferentes niveis, e oferta de distintos tempos na súa realización, así como actividades de reforzo e de ampliación.
- Ter en conta as preferencias dos alumnos para atender os seus intereses.
- Agrupamentos que posibiliten o traballo en equipo.

14. Programación de educación en valores

Nunha concepción integral da educación, a educación social e a educación moral son fundamentais para procurar que os alumnos adquiren comportamentos responsables na sociedade, sempre cun respecto polas ideas e as crenzas dos demais.

O carácter integral do currículo implica tamén a necesidade de incluír elementos educativos básicos (ensinanzas transversais) nas diferentes áreas, tales como a *educación moral e cívica*, a *educación para a paz*, *para a saúde*, *para a igualdade entre os sexos*, *educación ambiental*, *educación sexual*, *educación do consumidor*, *educación para o lecer* e *educación vial*; que non están limitados a ningunha área concreta, senón que afectan aos diferentes ámbitos da vida.

As ensinanzas transversais que se traballarían na materia de Latín en 4º ESO serían:

- **Educación para a igualdade entre os sexos:** Propóñense actividades relacionadas con: recoñecer en textos clásicos e actuais situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo e proporcionar posibles solucións para evita-la discriminación; alcanza-lo compromiso de evitar, en calquera situación comunicativa ou nacida da convivencia, formas, termos e expresións que denoten discriminación.
- **Educación para a paz e Educación moral e cívica:** Introdúcense actividades destinadas a analizar e recoñecer nos textos clásicos as contribucións de personaxes de calquera ámbito do mundo clásico no fomento da paz, as relacións entre os diversos pobos e a convivencia; aplica-las normas que rexen o intercambio comunicativo, sabendo respectar e acepta-las contribucións dos demais; e apreciar e valora-la diversidade lingüística da Península e Europa como mostra da diversidade e riqueza culturais.
- **Educación ambiental:** Ao mesmo tempo que se pretende que o alumnado reue no contorno próximo restos arqueolóxicos que se relacionen coas culturas clásicas, promóvese o mantemento dun compromiso e unha implicación persoal para acada-la conservación de toda pegada do mundo clásico no contorno natural, sabendo aprecia-los avances tecnolóxicos e o respecto das antigas civilizacións pola natureza.

15. Accións de contribución ás TIC, ao proxecto lector e ao plan de convivencia

Coa busca, selección crítica, e tratamento da información, recorrendo a fontes variadas; coa aplicación de técnicas de síntese, coa identificación de palabras clave e coa distinción entre ideas principais e secundarias; elaboración de textos e coa presentación a través de medios informáticos, favorécese a competencia dixital. Cómpre facer ver a necesidade dunha utilización crítica das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento que universaliza a información e como unha ferramenta para a comunicación do coñecemento adquirido.

A consulta das direccións que aparecen no apartado de recursos en internet contribuirán tamén a destreza dixital, proponendo exercicios para tal fin.

Outra achega é a participación no concurso online “ODISEA”, organizado pola Delegación Galega da Sociedade Española de Estudos Clásicos.

O fomento da lectura terá como referente o Proxecto lector do centro e promoverá desde a materia de latín os seguintes obxectivos:

- A integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.
- A formación de lectores e de lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura.
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.

Poderanse establecer itinerarios temáticos de lecturas clásicas segundo o catálogo da Biblioteca. Para aumentar o catálogo de obras de contido clásico dos que dispón o centro, desde o Departamento de Latín e Grego ofrecerá ao coordinador unha listaxe de obras para a súa compra. Asimesmo participarase nos clubs de lectura e cantas actividades promova o coordinador da Biblioteca.

O Departamento de Latín e Grego participa e colabora no plan de convivencia do Centro. Dende a materia de latín fomentaranse os valores cívicos e democráticos do respecto aos demais e as diferenzas, culturais, relixiosas e lingüísticas mediante a reflexión sobre a orixe das diferenzas entre as linguas románicas, valorando os rasgos comúns e a diversidade como mostra da riqueza cultural dos pobos de Europa, coñecendo os aspectos relevantes da cultura e a civilización romanas, para identificar e valorar a súa pervivencia no noso patrimonio cultural, artístico e institucional.

Ademais valoraranse os hábitos de estudo e o respecto as normas de organización que permitan aos alumnos desenvolver as súas capacidades autonomamente, coñecendo os seus dereitos e deberes, practicando a tolerancia, a responsabilidade e a solidariedade, aprendendo a traballar en equipo, rexeitando os prexuízos, a violencia e a discriminación de calquera tipo.

16. Materiais e recursos didácticos

Recursos humanos necesarios: os alumnos e o propio profesor han de verse a si mesmos como a principal fonte de recursos para traballar axeitadamente, é dicir que se debe prever a

posibilidade de certas alteracións e mesmo improvisacións no traballo previsto sen que por iso consideremos que a práctica docente da unidade didáctica carece de sentido. O que os alumnos e o profesor doten á súa tarefa de doses importantes de creatividade é un signo de eficacia formativa, polo menos nas materias de carácter humanístico.

Recursos materiais

- a) Utilizarase libro de texto, Latín , ed. Anaya, como guía e punto de partida.
- b) Empregarase, a modo de introdución, no terceiro trimestre, o uso do dicionario **Vox**, Latino-Español, Español-Latino.
- c) Elementos auxiliares de mapas e gráficos da área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, sobre todo para aqueles alumnos que necesiten unha posta apunto inicial nos seus coñecementos.
- d) Equipos auxiliares de reprografía, proxección ou audición.

Farase uso dos recursos tecnolóxicos dos que dispón o centro pero basicamente os alumnos traballarán con dous espazos web:

www.culturaclasica.es

www.luduslitterarius.com

Selección de películas:

Troia (2004), Petersen, con Brad Pitt, Orlando Bloom, Eric Bana. *A guerra de Troia* (1961), Giorgio Ferroni, o argumento da cal remata xusto cando remata a **Ilíada** e pon como protagonista a Eneas combatendo con Aquiles.

Rómulo e Remo (1961), Sergio Cirbucci, o seu argumento é o máis se axusta á lenda orixinal. Céntrase na rivalidade entre os dous xemelgos que presentan mesmo matiz psicolóxico.

A lenda de Eneas: conta as aventuras de Eneas no Laso co que non se contan os episodios da navegación cara a Italia, incluído o de Dido e Eneas.

Gladiator (2003), SCOTT, RIDLEY

17. Actividades complementarias e extraescolares

Asistencia ás Xornadas de teatro grecolatino que tódolos anos organiza a SEEC en

Lugo. Nesa xornada poden visitarse as pegadas da cultura romana nesa cidade.

Participación no concurso online Odisea organizado pola SEEC.

Se ao longo do curso recibísemos información sobre algún acontecemento que puidera resultar interesante e educativo para os alumnos non se descarta acudir. Entre as actividades que poidan realizarse atoparíanse outras excursións, visitas a museos, proxeccións de filmes, etc.

18. Procedementos para avaliar a propia programación

O plan de avaliación anual tende a detectar os obxectivos acadados e os incumpridos, así como as estratexias que deberán adoptarse para alcanzar os non conseguidos.

Seguimento da Programación Didáctica:

- Cumprimento da programación: (cúmprese o temario en tempo previsto)
- Cumprimento da programación: (o desenvolvemento do programa axústase ás unidades didácticas)
- Adecuación da programación (secuencia de contidos, distribución das actividades, criterios de avaliación...)
- Coordinación entre profesores de curso e área.

PROGRAMACIÓN DIDÁTICA LATÍN II

Índice de contidos

1. Introducción e contextualización.....	153
2. Obxectivos do curso.....	154
3. Contidos: secuenciación e temporalización.....	154
3.1. Contidos.....	154
3.2. Secuenciación de contidos e temporalización.....	156
4. Criterios de avaliación.....	158
5. Contidos mínimos esixibles.....	159
6. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	160
7. Criterios de cualificación.....	160
8. Actividades de seguimento das materias pendentes.....	163
9. Metodoloxía.....	163
10. Medidas de atención á diversidade.....	164
11. Programación de educación en valores.....	165
12. Accións de contribución ás TIC, ao proxecto lector e ao plan de convivencia.....	166
13. Materiais e recursos didácticos.....	168
14. Actividades complementarias e extraescolares.....	168
15. Procedementos para avaliar a propia programación.....	169

1. Introducción e contextualización

Latín II require coñecementos de Latín I. A materia de Latín no bacharelato achega as bases lingüísticas, históricas e culturais precisas para entender aspectos esenciais da civilización occidental, permite unha reflexión profunda sobre a lingua castelá e contribúe eficazmente á aprendizaxe das linguas modernas de orixe romance ou doutras influídas polo latín.

O estudo da lingua latina nos seus aspectos fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e léxico ten en si mesmo un alto valor formativo como instrumento de estruturación mental para os alumnos que optasen por unha primeira especialización no campo das humanidades ou das ciencias sociais. A coincidencia do seu estudo co da lingua grega, á vez que convida a un tratamento coordinado, permite comprender a estrutura flexiva das dúas linguas clásicas, tan ricas en contido e tan fecundas na súa contribución ás linguas modernas.

A materia de Latín desenvólvese en dous cursos, cuxos contidos se distribúen en catro bloques análogos no primeiro e segundo curso: a lingua latina, os textos latinos e a súa interpretación, o léxico latino e a súa evolución, Roma e o seu legado.

Concerne a Latín II a consolidación dos contidos anteriores e a súa ampliación co estudo da morfoloxía irregular, os procedementos de subordinación, as construcións sintácticas propias da lingua latina, a evolución do léxico e o tratamento de aspectos específicos do legado romano, aplicando os procedementos de análises e as técnicas de tradución a textos de maior complexidade e distinguindo neles as características do xénero literario ao que pertencen.

Todo iso en aras dunha mellor comprensión do pensamento e da tradición clásica e a valoración da súa continuidade na nosa sociedade, lingua e cultura.

A presente programación didáctica da materia de Latín II está elaborada para ser impartida no IES Maximino Romero de Lema a un grupo moi reducido de alumnos, en concreto 6, en 2º de Bacharelato. Ubicado no concello de Zas (A Coruña), o IES Maximino Romero de Lema é un centro de ensino duns 215 alumnos e está situado nun contorno rural, na zona central da Costa da Morte. Zas é un concello eminentemente agrícola e gandeiro, aínda que hai unha poboación dedicada á industria, ó comercio e á hostalaría, concentrada sobre todo en Baio, lugar onde se ubica o centro.

2. Obxectivos do curso Latín II

- Adquirir e perfeccionar a morfosintaxe casual e oracional, recalcando aquelas construcións que o curso anterior tiveron maior grao de dificultade, de modo que o presente curso cheguen a familiarizarse con elas.
- Ampliar o vocabulario adquirido o curso pasado, con especial atención aos prefixos e sufixos, de forma que o alumno teña que recorrer en menor grao ao dicionario, o cal ralentiza moitísimo o labor da tradución.
- Iniciaciarse no manexo e uso do dicionario, familiarizándose con el pouco a pouco, descubrindo a cantidade de información que nos achega, se facemos un uso correcto e non abusivo del.
- Adquirir de modo progresivo unha certa soltura na tradución, tentando ver os textos como algo unitario e non palabra a palabra.
- Desenvolver temas de cultura e civilización romana, prestando especial atención á literatura.
- Comprender e memorizar determinadas frases e expresións latinas, así como de traballos de léxico no campo dos cultismos e palabras derivadas.
- Coñecer a orixe a orixe dos topónimos, prestando atención á toponimia galega.

3. Contidos: secuenciación e temporalización

3.1. Contidos

Contidos comúns.

-Interpretación crítica de textos. A tradución como técnica. A exactitude na expresión lingüística.

-Valoración do estilo dun texto en función das peculiaridades do autor e das peculiaridades do texto e do contexto.

-A literatura latina e os xéneros literarios. Influencia da literatura latina na literatura posterior.

-As raíces romanas de Galicia.

A lingua latina.

-Revisión da flexión nominal e pronominal. Formas menos usuais e irregulares.

-Revisión da flexión verbal regular. Verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo.

-Afondamento no estudo da sintaxe casual.

-A oración composta. A subordinación: substantiva, adxectiva e adverbial; uso das partículas

subordinantes máis frecuentes. Construcións de participio e de infinitivo.

Os textos latinos e a súa interpretación.

-Afondamento na lectura comprensiva e tradución de textos latinos achegándose ao seu contexto social, cultural e histórico.

-Lectura e comentario de obras e fragmentos latinos traducidos relacionados cos diversos xéneros literarios asimilando as súas características formais.

O léxico latino e a súa evolución.

-Aprendizaxe de vocabulario.

-Formación de palabras latinas. Composición e derivación. Compoñentes etimolóxicos no léxico das linguas romances.

-Vocabulario específico de orixe grecolatina usual nas disciplinas que se estudan no bacharelato.

-Expresións latinas incorporadas á linguaxe culta.

-Uso correcto do dicionario.

Roma e o seu legado.

-Transmisión da literatura clásica.

-Os xéneros literarios latinos e a súa influencia nas manifestacións posteriores artísticas e literarias con especial referencia á cultura galega.

-A romanización da Gallaecia. Vestixios en xacementos arqueolóxicos e museos.

A **proposta da CIUG** tamén debe ser tida en conta e non deixar ningún dos seus contidos fóra.

1-Textos: Eutropio e Fedro, coa mesma extensión, dificultade e pregunta gramatical.

2-Literatura: os mesmos xéneros literarios do curso anterior pero incluíndo o tema do teatro cun autor recomendado que é Plauto.

3-Mundo clásico:

- O número de aforismos ou frases latinas será de 150, calculados 50 por trimestre, entre os máis habituais nos libros de bacharelato.
- O número de topónimos será de 75, calculados 25 por trimestre, incluíndo tan só topónimos de orixe latina de entre a toponimia hispana.
- Como lecturas propóñense textos que se correspondan cos temas de literatura a estudar:

a) Épica: de Ovidio o mito de Apolo e Dafne (Metamorfosis, I, 452-567)

Píramo e Tisbe (Metamorfosis, III, 55-166)

Orfeo e Eurídice (Metamorfosis, X, 1-71)

b) Lírca: de Catulo, Poemas de Catulo e Lesbia

(Catulo, 51, 2, 86, 87, 109, 5, 7, 3, 85, 70, 8, 11). A orde reflicte unha secuencia nos sentimentos de Catulo.

c) Historiografía: de Tito Livio a traxedia de Lucrecia (Tito Livio, Historia de Roma desde su fundación, I, 56, 4-60).

d) Oratoria: de Tácito *Discursos de Calgaco e Agrícola* (Tácito, *Agrícola*, 30-32 e 33-34); Contexto, discursos e batalla: capítulos 29-38.

e) Teatro: de Plauto *Anfitrión*, ou ben ver a película *Golfus de Roma*, para abordar o estudo da comedia plautina a través da película.

As obras de lectura indicadas pola CIUG teñen carácter de lectura obrigatoria.

3.2. Secuenciación de contidos e temporalización.

PRIMEIRA AVALIACIÓN.

Lingua:

- Revisión da flexión nominal e pronominal. Formas menos usuais e irregulares. (4 semanas)
- Repaso da flexión verbal regular. Verbos irregulares e defectivos. (6 sesións)
- Formas nominais do verbo: infinitivos e participos. Subordinadas substantivas e adxectivas: oracións de infinitivo e relativas (8 sesións)
- Interpretación crítica de textos. A tradución como técnica. A exactitude na expresión lingüística. Uso do dicionario. (todas as sesións ó longo do trimestre)

Léxico:

- Formación de palabras latinas. Composición e derivación. Componentes etimolóxicos no léxico das linguas romances. (todas as sesións sobre o léxico traballado)
- expresións latinas incorporadas á linguaxe culta. (4 sesións)
- Topónimos en Galicia e España de orixe latina. (4 sesións)

Literatura:

- Transmisión da literatura clásica: Historiografía: Livio. Oratoria: Cicerón (4 sesións)
- Lectura e comentario de obras e fragmentos latinos traducidos relacionados cos diversos xéneros literarios asimilando as súas características formais:

Historiografía: Tito Livio A traxedia de Lucrecia (Tito Livio, *Ab urbe condita*, I, 56,4-60) Oratoria: Cicerón. Tácito: *Discursos de Calgaco e Agrícola* (Tácito, *Agrícola*, 30-32 e 33-34) (Contexto, discursos e batalla: capítulos 29-38. (1 semana)

SEGUNDA AVALIACIÓN.

Lingua:

- Ampliación do estudo da sintaxe casual. (4 sesións)
- Afondamento na lectura comprensiva e tradución de textos latinos achegándose ao seu contexto social, cultural e histórico.
- Subordinación substantiva e adxectiva (continuación): Subordinación interrogativa.
- A subordinación mediante conxuncións; Valores de *cum, ut, ne, quod*. Lectura, tradución e interpretación de textos de Eutropio e Fedro. (8 semanas)

Léxico:

- Formación de palabras latinas. Composición e derivación. Compoñentes etimolóxicos no léxico das linguas romances. (todas as sesións sobre o léxico traballado)
- Expresións latinas incorporadas á linguaxe culta. (2 sesións)
- Topónimos en Galicia e España de orixe latina. (2 sesións)

Literatura:

- Transmisión da literatura clásica: Lírica: Horacio. Épica: Virxilio. (4 sesións)
 - Lectura e comentario de obras e fragmentos latinos traducidos relacionados cos diversos xéneros literarios asimilando as súas características formais:
- Épica: Ovidio, Apolo e Dafne (Ovidio, *Metamorfosis*, I, 452-567) Píramo e Tisbe (Ovidio, *Metamorfosis*, IV, 55-166), Orfeo e Eurídice (Ovidio, *Metamorfosis*, X, 1-71). Lírica: Catulo, Poemas de Catulo e Lesbica (Catulo, 51, 2, 86, 87, 109, 5, 7, 3, 85, 70, 8, 11) A orde reflicte unha secuencia nos sentimentos de Catulo

TERCEIRA AVALIACIÓN.

Lingua:

- Afondamento na lectura comprensiva e tradución de textos latinos achegándose ao seu contexto social, cultural e histórico: Eutropio e Fedro. (5 semanas)
- A oración composta. Repaso da subordinación: substantiva, adxectiva e adverbial; uso das partículas subordinantes máis frecuentes. Construcións de participio e de infinitivo. (Ó longo de todas as sesións de contidos gramaticais)

Léxico:

- Formación de palabras latinas. Composición e derivación. Compoñentes etimolóxicos no léxico das linguas romances. (todas as sesións sobre o léxico traballado)
- Expresións latinas incorporadas á linguaxe culta. (1 sesión)
- Topónimos en Galicia e España de orixe latina. (1 sesión)

Literatura:

- Transmisión da literatura clásica: O teatro. (1 sesión)
- Lectura e comentario de obras e fragmentos latinos traducidos relacionados cos diversos xéneros literarios asimilando as súas características formais:

Teatro: Plauto, Amphitruo ou Casina ou Miles Gloriosus. Existe a posibilidade de ler outra comedia de Plauto dependendo da obra de teatro que se represente nas Xornadas de teatro grecolatino que se celebran anualmente en Lugo ás que asisten sempre os alumnos. Película *Golfus de Roma*, para abordar o estudo da comedia plautina a través da película, sobre a que existe abundante información na rede con cuestionarios para os alumnos, artigos. (4 sesións)

- A romanización da Gallaecia. Vestixios en xacementos arqueolóxicos e museos. (1 sesión)

4. Criterios de avaliación

1. Ser capaz de comprender e traducir de forma coherente textos latinos pertencentes a diversos xéneros literarios. Preténdese observar o progreso na práctica da tradución, así como a capacidade de lectura comprensiva adquirida polo alumnado. Na tradución procurárase combinar a fidelidade coa corrección no estilo, facendo un adecuado uso do dicionario.

2. Recoñecer en textos latinos orixinais os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da oración, en función da comprensión do texto latino, apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas, especialmente co galego e co castelán.

Trátase de comprobar o coñecemento e manexo da lingua latina por parte do alumnado, completando o nivel adquirido no curso anterior mediante o estudo das irregularidades morfolóxicas

de maior frecuencia e dos procedementos máis habituais de subordinación propios da lingua latina. O alumnado debe manifestar o seu avance neste nivel facendo análises morfosintácticas de textos orixinais de dificultade progresiva e recoñecendo as variantes e coincidencias respecto doutras linguas por el coñecidas.

3. Comparar o léxico latino co das outras linguas de uso do alumnado, identificando os seus compoñentes e deducindo o seu significado etimolóxico.

Este criterio trata de avaliar se o alumnado domina os procedementos de derivación e composición na formación do léxico latino e se é consciente de que eses derivados pasaron como tales á lingua que utiliza. Así mesmo, trátase de comprobar se reflexionou sobre os procedementos de derivación e composición, no que xogan un papel preponderante os afixos de orixe grecolatina.

4. Realizar comentarios de textos traducidos, analizar as estruturas e trazos literarios deles e recoñecer o papel da literatura clásica nas literaturas occidentais.

A finalidade deste punto é comprobar se o alumnado identifica os elementos esenciais dun texto literario, formais e de contido, e se se recoñecen os diversos xéneros polos seus trazos diferenciadores. O comentario versará sobre textos con sentido completo de diversos xéneros literarios e a súa comparación con textos da literatura posterior, especialmente a escrita en galego e castelán nos que sobrevivan trazos, temas ou tópicos da literatura latina.

5. Ler obras da literatura latina traducidas.

Con este apartado preténdese que o alumnado capte a mensaxe contida na obra, as claves do xénero e o seu contexto histórico. Pode tratarse de obras completas, traducidas ou adaptadas ao nivel de bacharelato, ou ben de antoloxías dunha única ou varias autorías ou que se articulen ao redor de temas concretos. O que se busca fundamentalmente é potenciar o hábito de lectura con textos atractivos para o alumnado.

5. Contidos mínimos esixibles

O alumno deberá ser capaz ao finalizar o curso de traducir de forma coherente un texto duns cinco versos de Fedro ou cinco liñas de Eutropio e de analizar morfosintacticamente oracións extraídas de ditos textos.

Deberá coñecer as características dos seguintes xéneros literarios: historiografía, épica, lírica e oratoria, así como os seus representantes coas súas obras e o contexto histórico no que desenvolven o seu labor literario. Así mesmo terá que demostrar a lectura das obras de lectura obrigatoria.

Terá que coñecer o conxunto de expresións latinas que figuran na circular enviada pola Ciug cos contidos para a proba de acceso á Universidade.

Terá que coñecer o conxunto de topónimos que figuran na circular enviada pola Ciug cos contidos para a proba de acceso á Universidade.

6. Procedementos e instrumentos de avaliación

Observación: Atención ao proceso de aprendizaxe do alumnado, a súa atención, esforzo, participación e traballo.

Interrogación: preguntárase aos alumnos para poder detectar dúbidas e carencias.

Análise de tarefas: corrección diaria do traballo feito na casa e na aula.

Probas: Escritas, orais, individuais e colectivas.

Instrumentos de avaliación:

De observación: Escalas de valoración

Rexistros individuais (traballo diario, participación, interese...)

Rexistros de grupo (traballo de investigación e exposicións...)

De consulta: Cuestionarios de autoavaliación

Probas: (obxectivas, de resposta libre): orais, escritas, individuais ou colectivas.

7. Criterios de cualificación

Cada trimestre realizaranse dúas probas escritas, a primeira das cales ponderará o 40% da nota global da avaliación e a segunda o 60%.

No primeiro trimestre realizarase unha ou varias probas de repaso da gramática estudada no curso anterior en Latín I. Esas probas serán valoradas cun 10% no valor total da nota da avaliación. Deste xeito a ponderación será a seguinte:

10% as probas de repaso

40% a segunda proba

50% a terceira proba

a) A nota final será o resultado da media ponderada das tres avaliacións, pero de forma que teña máis valor a nota da última avaliación cás das anteriores. O factor de ponderación será o seguinte: 10% a nota da primeira avaliación, 10% a nota da segunda avaliación e un 80% a nota da terceira avaliación. O alumno non debe ter unha nota inferior a catro na proba escrita da terceira avaliación.

As probas escritas de Latín incluírán:

A) Tradución dun texto histórico de Eutropio ou dunha fábula de Fedro e análise morfosintáctica dalgunha construción do texto.

O labor de tradución, de coñecemento práctico da lingua latina, considérase básico e non substituíble polos coñecementos literarios, histórico-culturais, etc. Por iso este apartado valerá cinco puntos da totalidade da cualificación, pero ademais será necesario para superar a proba ter un mínimo de dous puntos nesta parte.

B) Análise morfosintáctica dalgunha construción do texto. (1 punto)

C) Preguntas teóricas de literatura. (1.5 puntos)

D) Cuestións sobre o mundo clásico. (1.5 puntos)

E) Preguntas sobre as lecturas obrigatorias. (1 punto)

No conxunto dos apartados B, C, D, E será necesario para superar a proba ter un mínimo de 1.5 puntos.

Como a avaliación é continua, en cada trimestre entrarán os contidos novos e os explicados anteriormente e ao final do curso académico o alumno deberá demostrar que acadou de forma global os contidos.

Tódalas probas escritas estarán puntuadas sobre 10. Aprobarán a avaliación aqueles alumnos que, unha vez tido en conta o anterior, acaden unha puntuación mínima de 5.

O redondeo: xa que a nota numérica debe ser exacta, o redondeo realizarase seguindo os criterios que se expoñen a continuación:

- Asistencia con puntualidade a clase.
- Participación nas clases, demostrada na actitude receptiva á exposición da profesora e compañeiros.
- O traballo diario feito da casa.

O redondeo poderá ser positivo ou negativo (+/- 0.5 puntos), segundo predomine no alumno a presenza ou ausencia dos valores enumerados anteriormente.

O proceso de avaliación continua require a asistencia regular ás clases e as actividades

programadas para a materia. A falta á clase de modo reiterado pode provocar a imposibilidade da aplicación correcta dos criterios xerais de avaliación e da propia avaliación continua. No caso de que se dese a circunstancia anterior segundo as directrices recollidas na normativa do centro, o profesor poderá establecer un sistema extraordinario de avaliación se o considerase conveniente consistente nunha proba escrita que se realizaría no mes de xuño.

Aqueles alumnos que cometan actos ilícitos no desenvolvemento das probas, obterán cualificación de 0 puntos, coas consecuencias que iso supón para o cálculo da nota media trimestral ou final. Está prohibido levar aos exames teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos en xeral (MP3 e similares); en caso de non cumprir este requisito, o alumno será cualificado con 0 ptos. nesa proba.

A nota final: a nota da terceira avaliación prevalece sobre as demais dado o carácter de avaliación continua pero terase en conta o traballo de todo o ano.

No caso de que a nota da terceira avaliación sexa inferior a 5, sumaranse as notas das tres avaliacións e considerarase aprobado un alumno que chegando a un 4 na última avaliación (sen ningún redondeo), suma 15 puntos ao final de curso entre as notas das tres avaliacións e entrega un traballo proposto polo profesor.

No caso de que a nota da terceira avaliación sexa inferior a 4, o resultado da nota final será negativo polo que o alumno debe acudir á proba extraordinaria de setembro.

Programa de recuperación

Non haberá probas de recuperación propiamente ditas, debido a que, ao levar un sistema de avaliación continua onde a materia incluída nun exame non é eliminada para a seguinte proba, o exame seguinte recuperará o anterior, sempre tendo en conta a marcha xeral de cada alumno.

Para aqueles alumnos que teñan problemas en asimilar algún concepto ou ben que non poidan seguir o ritmo normal das clases, poden elaborarse follas personalizadas, onde aparezan actividades que reforcen os conceptos que foran mal asimilados.

Farase tamén un tratamento individualizado de cada caso, a fin de conseguir os obxectivos fixados.

En setembro realizarase unha proba que conteña os mínimos esixibles que aparecen na presente programación. Esta proba será puntuada sobre 10 e aprobarán aqueles alumnos que acaden un 5.

8. Actividades de seguimento das materias pendentes

vid. punto 10 da programación didáctica de Latín I

9. Metodoloxía

O enfoque metodolóxico deberá favorecer a capacidade de autoaprendizaxe, de traballar en equipo e aplicar os métodos apropiados de investigación para seguir aprendendo ao longo da vida.

-Os textos converteranse no punto de partida para traballar simultaneamente os aspectos morfosintácticos da lingua latina, o seu léxico e a súa relación co galego e co castelán, así como os aspectos culturais relacionados cos textos traballados.

-Proporase unha secuencia de traballo axeitada e graduada por medio dunha metodoloxía activa, preferentemente de tipo indutivo-contextual, na que as normas se convertan en posesión permanente e en automatismo lingüístico.

-O enfoque irá dirixido a que o alumnado desenvolva e afiance as súas propias técnicas de traballo mediante diversas estratexias.

-Procurarase xerar un clima na aula co que as alumnas e alumnos sintan a necesidade de participar activamente no proceso de ensino-aprendizaxe, asegurándonos de que eses intentos, mesmo se son erróneos, sirvan de estímulo para intentalo de novo.

-Neste senso, crearanse contextos de aprendizaxe e avaliación que comprometan o alumnado e que o leven a planificar e avaliar as súas realizacións, identificando os avances e as dificultades, de cara a autorregular o seu propio e singular proceso de aprender a aprender.

-Promoverase a participación do alumnado en pequenos traballos de investigación, coa orientación precisa para que poida acadar a capacidade de realizar un proxecto de investigación escolar de forma autónoma.

-Haberá que distinguir niveis de dificultade no contido e nas actividades para cubrir as diversas necesidades educativas do alumnado.

-Promoverase a utilización das TIC para informarse, aprender e comunicarse e para utilizar con sentido crítico, como recurso formativo, materiais de procedencia diversa.

METODOLOXÍA. ACTIVIDADES DIDÁCTICAS	
Actividades de introdución	Serven para introducir o interese do alumno polo que respecta á realidade que han de aprender.
Actividades de desenvolvemento	Son as que permiten coñecer e traballar os novos contidos.
Actividades de síntese	Son aquelas que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos e favorecen o enfoque globalizador.
Actividades de reforzo e ampliación	Son as que se programan para os alumnos que non acadaron os coñecementos traballados. Son as que permiten afundar nos contidos a aqueles alumnos que realizaron correctamente as actividades de desenvolvemento.
Actividades de autoavaliación e coavaliación	Converten os alumnos en axentes do sseu proceso de ensinanza – aprendizaxe. Favorecen o traballo en equipo.

10. Medidas de atención á diversidade

Nun principio entre o alumnado que cursa Latín en 2º BAC. non hai ningún alumnado con necesidade específica de apoio educativo: alumnos con necesidades educativas especiais, de altas capacidades intelectuais ou de incorporación tardía ao sistema educativo. No caso de que ao longo do curso se incorpore algún alumno que necesite atención á diversidade tomaranse desde o departamento as medidas oportunas en colaboración co titor, os demais profesores que lle impartan clase e o Departamento de Orientación.

Intentarase favorecer a integración na aula do alumnado con necesidade específica de

apoio educativo facéndolle desenvolver un papel recoñecido polo grupo para mellorar a súa autoestima.

Nos casos de alumnos cunha discapacidade física hai que buscar mecanismos de actuación para cada caso en concreto.

Ao alumnado con altas capacidades intelectuais marcaránselles obxectivos individuais máis amplos cos demais alumnos do grupo, a través de actividades de ampliación, máis complexas, que lles obrigue a realizar o esforzo necesario que lles permita valorar a consecución de resultados.

No grupo de de incorporación tardía ao sistema educativo inclúense os alumnos estranxeiros. Os problemas poden vir polas dificultades co idioma. Con eles haberá que realizar as adaptacións necesarias que favorezan a aprendizaxe da materia e, á vez, da lingua. Convén, por exemplo, que estes alumnos traballen con dicionarios das nosas linguas para que non teñan problemas de vocabulario.

Aínda que non se dea o caso de contar no grupo con alumnado con necesidade específica de apoio educativo, sempre existe a posibilidade de traballar con distintos ritmos de aprendizaxe. Un dato positivo neste caso é o baixo número de alumnos co que contamos na aula, feito que favorece o traballo en distintos niveis.

A proposta do Departamento de Latín e Grego é a seguinte:

- Contidos para unha aprendizaxe básica común , pero de maior complexidade para algúns.
- Actividades, para diferentes niveis, e oferta de distintos tempos na súa realización, así como actividades de reforzo e de ampliación.
- Ter en conta as preferencias dos alumnos para atender os seus intereses.
- Agrupamentos que posibiliten o traballo en equipo.

11. Programación de educación en valores

Elementos educativos contidos nos valores e ensinanzas transversais que se desenvolverán na materia de Latín II.

Educación para a igualdade entre sexos:

- Recoñecer en textos clásicos e actuais situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo.

- Reflexionar e opinar sobre as situacións observadas, aportando posibles situacións para evitar a discriminación.
- Acadar o compromiso de evitar, en calquera situación comunicativa, formas, termos e expresións que denoten discriminación.
- Rexeitamento ante calquera situación, da vida cotiá e de relación social, de discriminación por razón de sexo.

Educación moral e cívica:

- Utilizar a lingua oral e escrita como instrumento para relacionarse cos demais e chegar a acordos.
- Reflexionar sobre o uso da lingua como medio para transmitir ideas, pensamentos e opinións, respectando os xuízos e opinións alleas.
- Acadar un compromiso persoal para a conversación do patrimonio artístico, lingüístico e cultural.

Educación para a paz:

- Analizar e recoñecer nos textos latinos ás achegas de personaxes de calquera ámbito do mundo latino no fomento da paz, as relacións entre os diversos pobos e a convivencia.
- Aplicar as normas que rexen o intercambio comunicativo, sabendo respectar e aceptar as opinións dos demais.
- Apreciar e valorar a diversidade lingüística e cultural de España e Europa como mostra da diversidade e riqueza culturais.

Educación ambiental:

- Recoñecer e identificar no entorno restos arqueolóxicos que se relacionen co ámbito latino.
- Manter un compromiso e unha implicación persoal para acadar o mantemento e conservación de pegadas do mundo clásico no entorno natural, sabendo apreciar os avances tecnolóxicos e o respecto das antigas civilizacións pola natureza.

12. Accións de contribución ás TIC, ao proxecto lector e ao plan de convivencia

Coa busca, selección crítica, e tratamento da información, recorrendo a fontes variadas; coa aplicación de técnicas de síntese, coa identificación de palabras clave e coa distinción entre ideas principais e secundarias; elaboración de textos e coa presentación a través de medios informáticos, favorécese a competencia dixital. Cómpre facer ver a necesidade dunha utilización crítica das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento que universaliza a información e como unha ferramenta para a comunicación do coñecemento adquirido.

A consulta das direccións que aparecen no apartado de recursos en internet contribuirán tamén a destreza dixital, propoñendo exercicios para tal fin.

Outra achega é a participación no concurso online “ODISEA”, organizado pola Delegación Galega da Sociedade Española de Estudos Clásicos.

Contribúese ademais co uso do blogue da materia xa dispoñible o curso pasado.

O fomento da lectura terá como referente o proxecto lector do centro e procurará acadar desde a materia de Latín II os seguintes obxectivos:

- A integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.
- A formación de lectores e de lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura.
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.

Poderanse establecer itinerarios temáticos de lecturas clásicas segundo o catálogo da biblioteca do centro. Para aumentar o catálogo de obras de contido clásico dos que dispón o centro, desde o Departamento de Latín e Grego ofrecerá ao coordinador unha listaxe de obras para a súa compra. Así mesmo participarase nos clubs de lectura e cantas actividades promova o coordinador da biblioteca.

O Departamento de Latín e Grego participa e colabora no plan de convivencia do Centro. Dende a materia de latín fomentaranse os valores cívicos e democráticos do respecto aos demais e as diferenzas, culturais, relixiosas e lingüísticas mediante a reflexión sobre a orixe das diferenzas entre as linguas románicas, valorando os rasgos comúns e a diversidade como mostra da riqueza cultural dos pobos de Europa, coñecendo os aspectos relevantes da cultura e a civilización romanas, para identificar e valorar a súa pervivencia no noso patrimonio cultural, artístico e

institucional.

Ademais valoraranse os hábitos de estudo e o respecto as normas de organización que permitan aos alumnos desenvolver as súas capacidades autonomamente, coñecendo os seus dereitos e deberes, practicando a tolerancia, a responsabilidade e a solidariedade, aprendendo a traballar en equipo, rexeitando os prexuízos, a violencia e a discriminación de calquera tipo.

13. Materiais e recursos didácticos

Os alumnos usarán o libro de texto de Latín da editorial Santillana do curso anterior para os contidos gramaticais.

Os alumnos contarán co dicionario latín-castelá VOX para a tradución de textos. Na aula haberá algúns exemplares pois esta vai ser unha consulta diaria. Así mesmo farán uso dos dicionarios dispoñibles na rede.

Aproveitaranse todas as posibilidades que nos ofrece a rede, pero fundamentalmente os alumnos farán uso do blogue da materia onde atopan todo tipo de información e contidos que o profesor achega na bitácora. De feito alí atoparán todos os contidos indicados polo grupo de traballo de Latín da CIUG para preparar as Probas de acceso á Universidade.

Manexarase un amplo repertorio bibliográfico, material videográfico, prensa escrita, material multimedia, mapas e todo canto poida resultar de interese e atractivo cara ós alumnos, do que temos dotación tanto no centro, como no propio departamento, ou ben do que poida adquirirse durante o curso escolar.

14. Actividades complementarias e extraescolares

Asistencia ás Xornadas de teatro grecolatino que tódolos anos organiza a SEEC en Lugo. Aproveitarase esa xornada visitar as pegadas da cultura romana nesa cidade.

Participación no concurso Odisea organizado pola SEEC.

Participación na II Olimpíada de Tradución de Textos Clásicos organizada pola SEEC.

Se ao longo do curso recibísemos información sobre algún acontecemento que puidera resultar interesante e educativo para os alumnos non se descarta acudir. Entre as actividades que poidan realizarse atoparíanse outras excursións, visitas a museos, proxeccións de filmes, etc.

15. Procedementos para avaliar a propia programación

O plan de avaliación anual tende a detectar os obxectivos acadados e os incumpridos, así como as estratexias que deberán adoptarse para alcanzar os non conseguidos.

Seguimento da Programación Didáctica:

- Cumprimento da programación: (cúmprese o temario en tempo previsto)
- Cumprimento da programación: (o desenvolvemento do programa axústase ás unidades didácticas)
- Adecuación da programación (secuencia de contidos, distribución das actividades, criterios de avaliación...)
- Coordinación entre profesores de curso e área.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA GREGO II

Índice de contidos

1. Introducción e contextualización.....	172
2. Obxectivos do curso.....	173
3. Contidos. Secuenciación.....	173
4. Temporalización.....	176
5. Criterios de avaliación.....	177
6. Contidos mínimos esixibles.....	178
7. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	178
8. Criterios de cualificación.....	179
9. Actividades de seguimento das materias pendentes.....	181
10. Metodoloxía.....	181
11. Medidas de atención á diversidade.....	183
12. Programación de educación en valores.....	184
13. Accións de contribución ás TIC, ao proxecto lector e ao plan de convivencia.....	185
14. Materiais e recursos didácticos.....	186
15. Actividades complementarias e extraescolares.....	187
16. Procedementos para avaliar a propia programación.....	187

1. Introducción e contextualización

A materia de Grego no Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais preséntase como unha introducción xeral á lingua grega antiga (especialmente o ático clásico e a lingua da *koiné*) a través de textos orixinais. A lingua grega é así o motor de acceso aos contidos culturais, literarios, mitolóxicos, filosóficos, históricos, etc., e na súa aprendizaxe considérase prioritaria tanto a morfoloxía como a sintaxe e o léxico.

Neste segundo curso haberán de afianzarse estes coñecementos estudando con maior profundidade os xéneros literarios (en especial o épico, o lírico e o dramático) e o pensamento filosófico e científico mediante a tradución e análise de textos de maior complexidade. Afondarase tamén nos coñecementos morfosintácticos e no vocabulario dos distintos ámbitos culturais. O profesor iniciará ao alumnado nas técnicas de análise e uso do dicionario e sinalará lecturas para comentar na clase.

Coa materia Grego II intentarase proporcionar aos alumnos as técnicas de traballo intelectual adecuadas para abordar con éxito o estudo da modalidade escollida e, en xeral, para iniciarse nos mecanismos da investigación científica.

Por tanto, o estudo do grego cumpre o dobre obxectivo de proporcionar aos alumnos unha formación orientadora e preparatoria no ámbito das Humanidades e de contribuir á súa maduración persoal mediante o cultivo das cualidades máis propias do home: autorreflexión, curiosidade intelectual, espírito crítico, comprensión e estima cara os seus semellantes; descubertas e potenciadas polo humanismo grego.

En canto á elección do libro de texto, considerouse oportuno non poñer un de modo obrigatorio, xa que o alumno dispón do libro do curso anterior, o cal, como manual de consulta para cuestións de morfoloxía e sintaxe, será un apoio suficiente. Ademais moi poucas editoriais contan cun manual específico para Grego de 2º de Bacharelato.

Os textos que se seleccionen para tradución, serán proporcionados polo profesor mediante fotocopias, xa que o acceso aos textos gregos non sempre é fácil para o alumnado.

A presente programación didáctica da materia de Grego II está elaborada para ser impartida no IES Maximino Romero de Lema a un grupo moi reducido de alumnos, en concreto 2, en 2º de Bacharelato. Ubicado no concello de Zas (A Coruña), o IES Maximino Romero de Lema é un centro de ensino duns 215 alumnos e está situado nun contorno rural, na zona central da Costa

da Morte. Zas é un concello eminentemente agrícola e gandeiro, aínda que hai unha poboación dedicada á industria, ó comercio e á hostalaría, concentrada sobre todo en Baio, lugar onde se ubica o centro.

2. Obxectivos do curso Grego II

- Adquirir e perfeccionar a morfosintaxe casual e oracional, recalcando aquelas construcións que o curso anterior tiveron maior grao de dificultade, de modo que o presente curso cheguen a familiarizarse con elas.
- Ampliar o vocabulario adquirido o curso pasado.
- Iniciaciarse no manexo e uso do dicionario, familiarizándose con el pouco a pouco, descubrindo a cantidade de información que nos achega, se facemos un uso correcto e non abusivo del.
- Adquirir de modo progresivo unha certa soltura na tradución, tentando ver os textos como algo unitario e non palabra a palabra.
- Desenvolver temas de cultura e civilización romana, prestando especial atención á época clásica da historia de Grecia e á literatura.
- Definir palabras da nosa lingua a partir do étimo grego.

3. Contidos. Secuenciación

Bloque 1. A lingua grega

I- Fonética:

- Principais leis fonéticas.
- Trocos nas vogais: contracción, crase, alternancias vocálicas, alongamento, elisión e síncopa.
- Trocos nas consoantes: asimilación, disimilación, desaparición de consoantes, consoantes dobres, consoantes finais.

II- Morfoloxía:

- O artigo.
- O substantivo e o adxectivo :1ª, 2ª e 3ª declinación.
- Temas en consoante, temas en vogal e en ditongo.
- Substantivos irregulares.
- O adxectivo: as súas clases. Adxectivos irregulares.
- Comparativo e superlativo.
- O dual na declinación.
- Os numerais .
- Pronomes e adxectivos pronominais: persoais, posesivos, demostrativos, relativos, interrogativos e indefinidos.
- Flexión verbal: accidentes gramaticais do verbo grego.
- O verbo εἶμί.
- Conxugación en -ω.
- Verbos puros non contractos: λύω, voz activa, pasiva e media.
- Formación dos tempos e os modos: o aumento, a reduplicación.
- Verbos contractos en -αω, -εω, -οω.
- Verbos consonánticos: mudos e líquidos.
- Verbos en -μι.
- Verbos sen reduplicación.
- Verbos irregulares e polirrizos.
- O adverbio: modo, lugar, tempo...
- As preposicións.
- As conxuncións: coordinantes e subordinantes.

- Derivación e composición: palabras derivadas e compostas.

III- Sintaxe:

- A concordancia.
- Valores e usos dos casos.
- O complemento axente.
- Valores dos tempos verbais: o presente, imperfecto, aoristo, futuro, perfecto e pluscuamperfecto.
- Oracións independentes.
- Oracións subordinadas substantivas ou completivas: de infinitivo, de participio, introducidas por conxuncións e interrogativas indirectas.
- Oracións subordinadas adxectivas ou de relativo.
- Oracións subordinadas circunstanciais ou adverbiais: comparativas, consecutivas, condicionais, concesivas, finais, causais e temporais.
- O infinitivo.
- O participio: concertado e absoluto (xenitivo absoluto).

Bloque 2. Os textos gregos e a súa interpretación.

- Lectura comprensiva, tradución e comentario de textos de Xenofonte e Platón.
- Lectura e comentario de obras de autores gregos traducidos.

Bloque 3. O léxico grego.

- Aprendizaxe de vocabulario.
- Uso do dicionario.
- Helenismos no vocabulario común das linguas modernas.

Bloque 4. Grecia e o seu legado.

- A literatura grega a través dos seus textos. Xéneros, autores e contexto histórico.
- Raíces gregas da cultura moderna na literatura, na filosofía, na ciencia e na arte.

Nos contidos relativos á literatura grega centrarémonos naqueles xéneros, autores e obras que forman parte da programación das PAAU.

- Homero: *A Ilíada*.
- A lírica arcaica: Safo, Alceo e Arquíloco
- Xenofonte
- Sófocles: *Edipo Rei*.
- Aristófanes: *Asembleístas*
- Sócrates
- Platón

OBRAS DE LECTURA OBRIGATORIA

Homero, Ilíada I, VI, XVI, XXII.

Selección de líricos: Safo, Alceo e Arquíloco.

Sófocles, Edipo rei.

Aristófanes, Asembleístas.

De cada unha das obras anteriormente propostas darase unha introdución relativa ao xénero literario, autor, argumento, ambiente etc...

4. Temporalización

Bloque 1. A lingua grega: 1ª avaliación

Bloque 2. Os textos gregos e a súa interpretación: 1ª , 2ª e 3ª avaliación

Bloque 3. O léxico grego. 1ª , 2ª e 3ª avaliación

5. Criterios de avaliación

1. Comprender e traducir de forma coherente textos gregos pertencentes a diversos xéneros literarios.

Con este criterio preténdese comprobar a adquisición dunha certa competencia lingüística e o progreso na práctica da tradución. Valorarase a elección correcta das estruturas sintácticas, das formas verbais, das equivalencias léxicas na lingua materna e da orde de palabras no proceso e resultado da tradución, así como o uso adecuado do dicionario.

2. Identificar e analizar en textos orixinais os elementos da morfoloxía e da sintaxe casual e oracional comparándoos con outras linguas coñecidas.

Este criterio trata de comprobar o coñecemento da lingua grega por parte do alumnado. Este ha de manifestar o seu avance neste nivel facendo análises morfosintácticas de textos orixinais de maior complexidade e recoñecendo as variantes e coincidencias respecto a outras linguas por el coñecidas.

3. Recoñecer en textos gregos orixinais termos que son compoñentes e étimos de helenismos e deducir o seu significado, tanto no vocabulario patrimonial das linguas modernas coma nos diversos léxicos científico-técnicos.

Este criterio serve para determinar se se domina o vocabulario básico e se se coñecen os procedementos de derivación e composición dos helenismos nas linguas modernas, así como a correcta transcripción dos termos e as transformacións que experimentan no eido formal e semántico.

4. Realizar comentarios de textos traducidos, analizar as estruturas e os seus trazos literarios e recoñecer o papel da literatura clásica nas literaturas occidentais, identificando elementos de androcentrismo e etnocentrismo neles.

Con este criterio preténdese comprobar a identificación dos elementos esenciais dun texto literario, formais e de contido, e se se recoñecen os diversos xéneros polos seus trazos diferenciadores. O comentario versará sobre textos con sentido completo de diversos xéneros literarios e a súa comparación con textos da literatura posterior en que sobrevivan trazos, temas ou tópicos da literatura grega.

5. Realizar traballos monográficos consultando as fontes directas e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta de organización e comunicación dos resultados.

Este criterio trata de constatar a capacidade creativa do alumnado na planificación, busca, recompilación e sistematización da información, así como o grao de corrección na expresión oral ou escrita. Sempre baixo a dirección do profesorado, planificará a actividade, organizará a información, contrastará e intentará formular hipóteses, elaborando o seu traballo mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta fundamental en todo o proceso e como soporte polivalente para a exposición das súas conclusións.

6. Contidos mínimos esixibles

O alumno deberá ser capaz ao finalizar o curso de traducir de forma coherente un texto dunhas cinco liñas de Xenofonte e de analizar morfosintacticamente oracións extraídas de ditos textos.

O alumno terá que coñecer a etapa clásica da historia de Grecia, con especial atención á guerra do Peloponeso e a polis de Atenas.

Deberá coñecer as características dos principais xéneros literarios, así como os seus representantes coas súas obras e o contexto histórico no que desenvolven o seu labor literario. Así mesmo terá que demostrar a lectura das obras de lectura obrigatoria.

7. Procedementos e instrumentos de avaliación

Observación: Atención ao proceso de aprendizaxe do alumnado, a súa atención, esforzo, participación e traballo.

Interrogación: preguntárase aos alumnos para poder detectar dúbidas e carencias.

Análise de tarefas: corrección diaria do traballo feito na casa e na aula.

Probas: Escritas, orais, individuais e colectivas.

Instrumentos de avaliación:

De observación: Escalas de valoración

Rexistros individuais (traballo diario, participación, interese...)

Rexistros de grupo (traballo de investigación e exposicións...)

De consulta: Cuestionarios de autoavaliación

Probas: (obxectivas, de resposta libre): orais ,escritas, individuais ou colectivas.

8. Criterios de cualificación

Cada trimestre realizaranse dúas probas escritas, a primeira das cales ponderará o 40% da nota global da avaliación e a segunda o 60% .

No primeiro trimestre realizarase unha o varias probas de repaso da gramática estudada no curso anterior en Grego I. Esas probas serán valoradas cun 10% no valor total da nota da avaliación. Deste xeito a ponderación será a seguinte:

10% as probas de repaso

40% a segunda proba

50% a terceira proba

b) A nota final será o resultado da media ponderada das tres avaliacións, pero de forma que teña máis valor a nota da última avaliación cás das anteriores. O factor de ponderación será o seguinte: 10% a nota da primeira avaliación, 10% a nota da segunda avaliación e un 80% a nota da terceira avaliación. O alumno non debe ter unha nota inferior a catro na proba escrita da terceira avaliación.

As probas escritas de Grego incluirán:

A) Análise morfosintáctica e tradución dun texto de Xenofonte ou Platón.

O labor de tradución, de coñecemento práctico da lingua grega, considérase básico e non substituíble polos coñecementos literarios, histórico-culturais, etc. Por iso este apartado valerá seis puntos da totalidade da cualificación, pero ademais será necesario para superar a proba ter un mínimo de tres puntos nesta parte.

B) Análise morfolóxica de palabras do texto e análise sintáctica dalgunha construción do texto. (1 punto)

C) Preguntas teóricas sobre historia e/ou literatura. (1 punto)

D) Helenismos empregados actualmente en niveis cultos da fala e en terminoloxías científicas e técnicas. (1 punto)

E) Preguntas sobre as obras literarias que o alumno tivo que ler. (1 punto)

No conxunto dos apartados C, D, E será necesario para superar a proba ter un mínimo de dous puntos.

Como a avaliación é continua, en cada trimestre entrarán os contidos novos e os explicados anteriormente e ao final do curso académico o alumno deberá demostrar que acadou de forma global os contidos.

Tódalas probas escritas estarán puntuadas sobre 10. Aprobarán a avaliación aqueles alumnos que, unha vez tido en conta o anterior, acaden unha puntuación mínima de 5.

O redondeo: xa que a nota numérica debe ser exacta, o redondeo realizarase seguindo os criterios que se expoñen a continuación:

- Asistencia con puntualidade a clase.
- Participación nas clases, demostrada na actitude receptiva á exposición da profesora e compañeiros.
- O traballo diario feito da casa.

O redondeo poderá ser positivo ou negativo (+/- 0.5 puntos), segundo predomine no alumno a presenza ou ausencia dos valores enumerados anteriormente.

O proceso de avaliación continua require a asistencia regular ás clases e as actividades programadas para a materia. A falta á clase de modo reiterado pode provocar a imposibilidade da aplicación correcta dos criterios xerais de avaliación e da propia avaliación continua. No caso de que se dese a circunstancia anterior segundo as directrices recollidas na normativa do centro, o profesor poderá establecer un sistema extraordinario de avaliación se o considerase conveniente consistente nunha proba escrita que se realizaría no mes de xuño.

Aqueles alumnos que cometan actos ilícitos no desenvolvemento das probas, obterán cualificación de 0 puntos, coas consecuencias que iso supón para o cálculo da nota media trimestral ou final. Está prohibido levar aos exames teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos en xeral (MP3 e similares); en caso de non cumprir este requisito, o alumno será cualificado con 0 pts. nesa proba.

A nota final: a nota da terceira avaliación prevalece sobre as demais dado o carácter de avaliación continua pero terase en conta o traballo de todo o ano.

No caso de que a nota da terceira avaliación sexa inferior a 5, sumaranse as notas das tres avaliacións e considerárase aprobado un alumno que chegando a un 4 na última avaliación (sen ningún redondeo), suma 15 puntos ao final de curso entre as notas das tres avaliacións e entrega un traballo proposto polo profesor.

No caso de que a nota da terceira avaliación sexa inferior a 4, o resultado da nota final será negativo polo que o alumno debe acudir á proba extraordinaria de setembro.

Programa de recuperación

Non haberá probas de recuperación propiamente ditas, debido a que, ao levar un sistema de avaliación continua onde a materia incluída nun exame non é eliminada para a seguinte proba, o exame seguinte recuperará o anterior, sempre tendo en conta a marcha xeral de cada alumno.

Para aqueles alumnos que teñan problemas en asimilar algún concepto ou ben que non poidan seguir o ritmo normal das clases, poden elaborarse follas personalizadas, onde aparezan actividades que reforen os conceptos que foran mal asimilados.

Farase tamén un tratamento individualizado de cada caso, a fin de conseguir os obxectivos fixados.

En setembro realizarase unha proba que conteña os mínimos esixibles que aparecen na presente programación. Esta proba será puntuada sobre 10 e aprobarán aqueles alumnos que acaden un 5.

9. Actividades de seguimento das materias pendentes

vid. punto 10 da programación didáctica de Latín I

10. Metodoloxía

O enfoque metodolóxico deberá favorecer a capacidade de autoaprendizaxe, de traballar en equipo e aplicar os métodos apropiados de investigación para seguir aprendendo ao longo da vida.

-Os textos converteranse no punto de partida para traballar simultaneamente os aspectos morfosintácticos da linguagrega, o seu léxico e a súa relación co galego e co castelán, así como os aspectos culturais relacionados cos textos traballados.

-Proporase unha secuencia de traballo axeitada e graduada por medio dunha metodoloxía activa, preferentemente de tipo indutivo-contextual, na que as normas se convertan en posesión permanente e en automatismo lingüístico.

-O enfoque irá dirixido a que o alumnado desenvolva e afiance as súas propias técnicas de traballo mediante diversas estratexias.

-Procurarase xerar un clima na aula co que as alumnas e alumnos sintan a necesidade de participar activamente no proceso de ensino-aprendizaxe, asegurándonos de que eses intentos, mesmo se son erróneos, sirvan de estímulo para intentalo de novo.

-Neste senso, crearanse contextos de aprendizaxe e avaliación que comprometan o alumnado e que o leven a planificar e avaliar as súas realizacións, identificando os avances e as dificultades, de cara a autorregular o seu propio e singular proceso de aprender a aprender.

-Promoverase a participación do alumnado en pequenos traballos de investigación, coa orientación precisa para que poida acadar a capacidade de realizar un proxecto de investigación escolar de forma autónoma.

-Haberá que distinguir niveis de dificultade no contido e nas actividades para cubrir as diversas necesidades educativas do alumnado.

-Promoverase a utilización das TIC para informarse, aprender e comunicarse e para utilizar con sentido crítico, como recurso formativo, materiais de procedencia diversa.

METODOLOXÍA. ACTIVIDADES DIDÁCTICAS	
Actividades de introdución	Serven para introducir o interese do alumno polo que respecta á realidade que han de aprender.
Actividades de desenvolvemento	Son as que permiten coñecer e traballar os novos contidos.
Actividades de síntese	Son aquelas que facilitan a relación entre os distintos contidos aprendidos e favorecen o

	enfoque globalizador.
Actividades de reforzo e ampliación	<p>Son as que se programan para os alumnos que non acadaron os coñecementos traballados.</p> <p>Son as que permiten afundar nos contidos a aqueles alumnos que realizaron correctamente as actividades de desenvolvemento.</p>
Actividades de autoavaliación e coavaliación	<p>Converten os alumnos en axentes do sseu proceso de ensinanza – aprendizaxe.</p> <p>Favorecen o traballo en equipo.</p>

11. Medidas de atención á diversidade

Nun principio entre o alumnado que cursa Grego en 2º de Bacharelato non hai ningún alumnado con necesidade específica de apoio educativo: alumnos con necesidades educativas especiais, de altas capacidades intelectuais ou de incorporación tardía ao sistema educativo. No caso de que ao longo do curso se incorpore algún alumno que necesite atención á diversidade tomaranse desde o departamento as medidas oportunas en colaboración co titor, os demais profesores que lle impartan clase e o Departamento de Orientación.

Intentarase favorecer a integración na aula do alumnado con necesidade específica de apoio educativo facéndolle desenvolver un papel recoñecido polo grupo para mellorar a súa autoestima.

Nos casos de alumnos cunha discapacidade física hai que buscar mecanismos de actuación para cada caso en concreto.

Ao alumnado con altas capacidades intelectuais marcaránselles obxectivos individuais máis amplos cos demais alumnos do grupo, a través de actividades de ampliación, máis complexas, que lles obrigue a realizar o esforzo necesario que lles permita valorar a consecución de resultados.

No grupo de de incorporación tardía ao sistema educativo inclúense os alumnos estranxeiros. Os problemas poden vir polas dificultades co idioma. Con eles haberá que realizar as

adaptacións necesarias que favorezan a aprendizaxe da materia e, á vez, da lingua. Convén, por exemplo, que estes alumnos traballen con dicionarios das nosas linguas para que non teñan problemas de vocabulario.

Aínda que non se dea o caso de contar no grupo con alumnado con necesidade específica de apoio educativo, sempre existe a posibilidade de traballar con distintos ritmos de aprendizaxe. Un dato positivo neste caso é o baixo número de alumnos co que contamos na aula, feito que favorece o traballo en distintos niveis.

A proposta do Departamento de Latín e Grego é a seguinte:

- Contidos para unha aprendizaxe básica común , pero de maior complexidade para algúns.
- Actividades, para diferentes niveis, e oferta de distintos tempos na súa realización, así como actividades de reforzo e de ampliación.
- Ter en conta as preferencias dos alumnos para atender os seus intereses.
- Agrupamentos que posibiliten o traballo en equipo.

12. Programación de educación en valores

Elementos educativos contidos nos valores e ensinanzas transversais que se desenvolverán na materia de Grego II.

Educación para a igualdade entre sexos:

- Recoñecer en textos clásicos e actuais situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo.
- Reflexionar e opinar sobre as situacións observadas, aportando posibles situacións para evitar a discriminación.
- Acadar o compromiso de evitar, en calquera situación comunicativa, formas, termos e expresións que denoten discriminación.
- Rexeitamento ante calquera situación, da vida cotiá e de relación social, de discriminación por razón de sexo.

Educación moral e cívica:

- Utilizar a lingua oral e escrita como instrumento para relacionarse cos demais e chegar a acordos.
- Reflexionar sobre o uso da lingua como medio para transmitir ideas, pensamentos e opinións, respectando os xuízos e opinións alleas.
- Acadar un compromiso persoal para a conversación do patrimonio artístico, lingüístico e cultural.

Educación para a paz:

- Analizar e recoñecer nos textos gregos ás achegas de personaxes de calquera ámbito do mundo latino no fomento da paz, as relacións entre os diversos pobos e a convivencia.
- Aplicar as normas que rexen o intercambio comunicativo, sabendo respectar e aceptar as opinións dos demais.
- Apreciar e valorar a diversidade lingüística e cultural de España e Europa como mostra da diversidade e riqueza culturais.

Educación ambiental:

- Recoñecer e identificar no entorno restos arqueolóxicos que se relacionen co ámbito grego.
- Manter un compromiso e unha implicación persoal para acadar o mantemento e conservación de pegadas do mundo clásico no entorno natural, sabendo apreciar os avances tecnolóxicos e o respecto das antigas civilizacións pola natureza.

13. Accións de contribución ás TIC, ao proxecto lector e ao plan de convivencia

Coa busca, selección crítica, e tratamento da información, recorrendo a fontes variadas; coa aplicación de técnicas de síntese, coa identificación de palabras clave e coa distinción entre ideas principais e secundarias; elaboración de textos e coa presentación a través de medios informáticos, favorécese a competencia dixital. Cómpre facer ver a necesidade dunha utilización crítica das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento que universaliza a información e como unha ferramenta para a comunicación do coñecemento adquirido.

A consulta das direccións que aparecen no apartado de recursos en internet contribuirán tamén a destreza dixital, propoñendo exercicios para tal fin.

Outra achega é a participación no concurso online “ODISEA”, organizado pola Delegación Galega da Sociedade Española de Estudos Clásicos.

Contribúese ademais co uso do blogue da materia xa dispoñible o curso pasado.

O fomento da lectura terá como referente o proxecto lector do centro e procurará acadar desde a materia de Grego II os seguintes obxectivos:

- A integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.
- A formación de lectores e de lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura.
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.

Poderanse establecer itinerarios temáticos de lecturas clásicas segundo o catálogo da biblioteca do centro. Para aumentar o catálogo de obras de contido clásico dos que dispón o centro, desde o Departamento de Latín e Grego ofrecerá ao coordinador unha listaxe de obras para a súa compra. Así mesmo participarase nos clubs de lectura e cantas actividades promova o coordinador da biblioteca.

O Departamento de Latín e Grego participa e colabora no plan de convivencia do Centro. Dende a materia de grego fomentaranse os valores cívicos e democráticos do respecto aos demais e as diferenzas, culturais, relixiosas e lingüísticas mediante a reflexión sobre a orixe das diferenzas entre as linguas románicas, valorando os rasgos comúns e a diversidade como mostra da riqueza cultural dos pobos de Europa, coñecendo os aspectos relevantes da cultura e a civilización romanas, para identificar e valorar a súa pervivencia no noso patrimonio cultural, artístico e institucional.

Ademais valoraranse os hábitos de estudo e o respecto as normas de organización que permitan aos alumnos desenvolver as súas capacidades autonomamente, coñecendo os seus dereitos e deberes, practicando a tolerancia, a responsabilidade e a solidariedade, aprendendo a traballar en equipo, rexeitando os prexuízos, a violencia e a discriminación de calquera tipo.

14. Materiais e recursos didácticos

Os alumnos usarán o libro de texto de Grego da editorial Baía do curso anterior para os

contidos gramaticais.

Os alumnos contarán co dicionario grego-castelá VOX para a tradución de textos. Na aula haberá algúns exemplares pois esta vai ser unha consulta diaria. Así mesmo farán uso dos dicionarios dispoñibles na rede.

Aproveitaranse todas as posibilidades que nos ofrece a rede, pero fundamentalmente os alumnos farán uso do blogue da materia onde atopan todo tipo de información e contidos que o profesor achega na bitácora. De feito alí atoparán todos os contidos indicados polo grupo de traballo de Grego da CIUG para preparar as Probas de acceso á Universidade.

Manexarase un amplo repertorio bibliográfico, material videográfico, prensa escrita, material multimedia, mapas e todo canto poida resultar de interese e atractivo cara ós alumnos, do que temos dotación tanto no centro, como no propio departamento, ou ben do que poida adquirirse durante o curso escolar.

Por último, farase uso tamén de revistas de Historia Antiga, especialmente a revista *Historia* de National Geographic, que inclúe en cada un dos seus números artigos moi interesantes sobre a historia de Grecia, ilustrados con fotografías da calidade que caracteriza a esta revista.

15. Actividades complementarias e extraescolares

Asistencia ás Xornadas de teatro grecolatino que tódolos anos organiza a SEEC en Lugo. Aproveitarase esa xornada visitar as pegadas da cultura romana nesa cidade.

Participación no concurso Odisea organizado pola SEEC.

Participación na II Olimpíada de Tradución de Textos Clásicos organizada pola SEEC.

Se ao longo do curso recibísemos información sobre algún acontecemento que puidera resultar interesante e educativo para os alumnos non se descarta acudir. Entre as actividades que poidan realizarse atoparíanse outras excursións, visitas a museos, proxeccións de filmes, etc.

16. Procedementos para avaliar a propia programación

O plan de avaliación anual tende a detectar os obxectivos acadados e os incumpridos, así como as estratexias que deberán adoptarse para alcanzar os non conseguidos.

Seguimento da Programación Didáctica:

- Cumprimento da programación: (cúmrese o temario en tempo previsto)
- Cumprimento da programación: (o desenvolvemento do programa axústase ás unidades didácticas)
- Adecuación da programación (secuencia de contidos, distribución das actividades, criterios de avaliación...)
- Coordinación entre profesores de curso e área.

Zas, 28 de setembro de 2015

Asdo. Ana M^a López Bugeiro

Asdo. M^a Julia Losada González